



# Diagnóstico das accións de Educación para o Desenvolvemento

---

financiadas pola Xunta de Galicia  
no período **2010-2012**



**Autoras:**

Alicia López Fariña

Estíbaliz Táboas Pazos

**Lugar e data de edición:**

Santiago de Compostela, maio de 2013



Esta licenza permite copiar, distribuír, exhibir os textos e imaxes desta obra sempre que se cumpran as seguintes condicións:



Autoría e atribución: Deberá respectarse a autoría indicando o nome das autoras.



Compartir baixo a mesma licenza: Se altera ou transforma esta obra, ou xera unha obra derivada, só pode distribuír a obra xerada baixo unha licenza idéntica a esta.

# Índice

<b>Listaxe de acrónimos e siglas</b>	<b>5</b>
<b>Presentación</b>	<b>6</b>
<b>1. Marco teórico e marco normativo da ED</b>	<b>9</b>
1.1. Marco teórico	9
1.2. Marco normativo	17
<b>2. Deseño do diagnóstico</b>	<b>20</b>
2.1. Obxecto do estudo	20
2.2. O proceso	21
2.3. As ferramentas empregadas	21
2.4. Limitacións do estudo	26
<b>3. Algunhas cifras da ED galega</b>	<b>28</b>
<b>4. Os actores da ED: o protagonismo das ONGD</b>	<b>30</b>
4.1. Implantación, presenza territorial e antigüidade	30
4.2. Forma xurídica adoptada	33
4.3. Os modelos de ED	34
4.4. A planificación da ED	39
4.5. Os recursos económicos	41
4.6. Os recursos humanos	44
<b>5. A ED no territorio</b>	<b>51</b>
5.1. As ONGD e a súa planificación territorial	52
5.2. O traballo das ONGD nos municipios	53
<b>6. As intervencións de ED</b>	<b>58</b>
6.1. As dimensións da ED na práctica diaria	59
6.2. Prioridades transversais das intervencións	61
6.3. Ámbitos temáticos de actuación	71

6.4. Tipoloxía de actividades executadas nos proxectos de ED	73
6.5. Públicos destinatarios da ED	75
6.6. Metodoloxías e innovación	81
<b>7. O traballo en rede na ED</b>	<b>90</b>
<hr/>	
7.1. Actores vinculados ás ONGD nos proxectos	91
7.2. As agrupacións	93
7.3. As redes do sector	103
7.3.a. A Coordinadora Galega de ONGD	103
7.3.b. O Fondo Galego de Cooperación e Solidariedade	114
<b>8. Conclusións</b>	<b>117</b>
<hr/>	
<b>Bibliografía</b>	<b>121</b>
<hr/>	
<b>Anexos</b>	<b>123</b>
<hr/>	
Anexo 1. Listaxe de proxectos analizados	124
Anexo 2. Cuestionario da enquisa ás ONGD	128
Anexo 3. Listaxe de Cadros, Táboas e Gráficos	138
Anexo 4. Táboa resumo das dimensións da Educación para o Desenvolvemento	141

## LISTAXE DE ACRÓNIMOS E SIGLAS

CGONGD	Coordinadora Galega de ONG para o Desenvolvemento
DXRREE e UE	Dirección Xeral de Relacións Exteriores e coa UE
ED	Educación para o Desenvolvemento
EPT	Educación Para Todos e Todas
IGADI	Instituto Galego de Análise e Documentación Internacional
IP	Incidencia Política
LOE	Lei Orgánica de Educación
LOMCE	Lei Orgánica de Mellora da Calidade Educativa
NTIC	Novas Tecnoloxías da Información e as Comunicacions
ODM	Obxectivos de Desenvolvemento do Milenio
ONGD	Organización Non Governamental de Desenvolvemento
PD	Plan Director
PNUD	Programa das Nacións Unidas para o Desenvolvemento
SDXCE	Subdirección Xeral de Cooperación Exterior
UDC	Universidade de A Coruña
UNESCO	Organización das Nacións Unidas para a Educación, a Ciencia e a Cultura
USC	Universidade de Santiago de Compostela
UVIGO	Universidade de Vigo

## PRESENTACIÓN

- **O sentir no proceso**

Desde os primeiros minutos nos que xurdiu a proposta e ata ao final deste longo camiño, unha inoportuna dúbida visitábanos a diario. “Que imos presentar?” - diciámonos. “Exactamente, que estamos a facer?” Seguimos tecleando cifras e letras en medio das luces e sombras que sempre acompañan aos procesos laboriosos, escarvabamos nos datos buscando eses tesouros concluíntes que necesitabamos extraer; pero a dúbida latexaba incesante. “Exactamente, que imos presentar?”

*Sen ortodoxias pero con moito rigor, presentamos unha amalgama de ideas, retos, soños e enerxías. Presentamos un traballo colectivamente persoal totalmente libre de dereitos, conclusións estáticas e irrefutables. Velaquí unha restrita de palabras, nosas e vosas, que agardamos nos permitan construír un compás que nos guíe cara nortes, sures, lestes e oestes.*

- **A orixe da proposta**

O presente documento responde a un proceso iniciado a mediados de novembro de 2012, cando a Dirección Xeral de Relacións Exteriores e coa UE (DXRREE e UE) propúxose abrir un proceso de diálogo e intercambio para o seguimento das diferentes intervencións que se están a realizar ao abeiro da convocatoria de Educación para o Desenvolvemento (ED) e dos convenios de Fortalecemento e ED aprobados no ano 2012.

Dita proposta partía da necesidade de reforzar as canles de interlocución entre a Subdirección Xeral de Cooperación Exterior (SDXCE) e as ONGD executoras dos proxectos que se están a desenvolver na comunidade galega. Deste xeito, pretendíase iniciar un proceso de sistematización de información sobre os materiais e metodoloxías empregados, os contidos transmitidos e os procesos xerados cos diferentes colectivos destinatarios das accións. Así, esta recollida de datos permitiría avanzar no proceso de avaliación no ámbito da Educación para o Desenvolvemento contemplado no II Plan Director da Cooperación Galega (2010-2013).

Por outra parte, a través desta iniciativa, pretendíase contribuír ao obxectivo de formación de persoal especializado en Cooperación Internacional, reforzando as tarefas das bolsaas destinadas na DXRREE e UE. Deste xeito, serían dúas persoas beneficiarias das bolsaas de formación da convocatoria 2012, as encargadas de asistir ás reunións e visitas que se acordasen con cada un dos actores da cooperación galega que recibiron axudas no ano 2012.

Unha vez iniciado este proceso, e tras conversas co equipo responsable da avaliación intermedia do II Plan Director da Cooperación Galega, decidiuse aproveitar o impulso dado ampliando os obxectivos da proposta inicialmente presentada, coa finalidade de elaborar un **diagnóstico das intervencións de ED financiadas pola Xunta de Galicia no período 2010-2012**.

Este novo obxectivo, máis ambicioso que o primeiro, parte da constatación de que existe unha carencia de diagnósticos no ámbito da ED aterrados nas diversas realidades territoriais que conforman o conxunto do Estado. A causa dese baleiro de información, as distintas cooperación descentralizadas están a encher ese punto cego a través da realización dunha serie de estudos que lles permitan cubrir as súas necesidades informativas e de análise. Este conxunto de investigacións levadas a cabo (entre outras comunidades) en Andalucía, Cataluña, Extremadura, Navarra ou País Vasco, así coma a nivel estatal; están permitindo elaborar unha visión ampla da situación, construíndo os retos e desafíos da ED na Cooperación española e descentralizada.

Seguindo esta liña de traballo, considérase a posibilidade de que a cooperación galega inicie os pasos para dotarse dun marco estratéxico sectorial de ED que contribúa a xerar un amplo consenso entre o sector e que permita orientar as súas prioridades de intervención e instrumentos. Por este motivo, chegouse á conclusión de que esa reflexión estratéxica debería de ser xerada a raíz dun diagnóstico da situación actual dos procesos de ED impulsados en Galicia a través do financiamento da DXRREE e UE.

- **O enfoque**

Para construír o pretendido proceso de reflexión colectiva, considerouse necesario contar coa palabra das organizacións que entre os anos 2010 e 2012 recibiran apoio, a través da convocatoria pública de axudas da DXRREE e UE, para os seus proxectos de ED. Para iso, elaborouse unha enquisa en liña onde se recolleron datos cuantitativos e cualitativos referentes á ED de todas as ONGD financiadas e realizouse unha sistematización de datos dos proxectos incluídos nos informes de xustificación dos mesmos.

Ademais da revisión documental e da recollida de datos a través da enquisa, organizáronse unha serie entrevistas en profundidade, tanto coas persoas pertencentes ás distintas ONGD analizadas coma co persoal das administracións públicas competentes na materia. Paralelamente, leváronse a cabo unha serie de visitas ás actividades dos distintos proxectos de ED en execución, que permitiron obter unha información de carácter cualitativo moi valiosa.

- **O desexo**

O presente diagnóstico xurde co obxectivo de amosar unha fotografía o menos borrosa posible do modelo de ED que realizan as ONGD en Galicia. Porén, o proceso xerado axudounos a plasmar neste traballo non só esa imaxe (ou imaxes), senón a construír un documento de intercambio mediante o que compartir todo o coñecemento extraído con aquelas persoas e entidades públicas e privadas ás que lles poida interesar.

Neste punto faise imprescindible agradecer o traballo das moitas persoas que estiveron implicadas na elaboración deste traballo: ás persoas responsables (voluntarias e contratadas) das ONGD que facilitaron os datos das súas organizacións, prestaron o seu tempo e permitiron acompañalas nas súas actividades; ás persoas e entidades que conforman o Fondo Galego de Cooperación e Solidariedade e a Coordinadora Galega de ONGD, en especial á Secretaría Técnica e á Comisión de Educación para o Desenvolvemento; a Carolina Diz Otero, Laura Doval Rodeiro, Aida Pérez Salgado e Xosé Luis Pastoriza, que alentaron o proceso e aportaron, ademais dos seus coñecementos desde o ámbito especializado, un apoio emocional imprescindible; e ao equipo humano da DXRREE e UE. Pero tamén, e por suposto, gustaríanos dar as grazas a todas as persoas que no día a día nos COIDARON e nos COIDAN para proseguir, reparar e manternos co fin de vivir neste mundo o mellor posible.

É o noso desexo que este documento de reflexión teña unha utilidade práctica na construción dunha cidadanía galega global e comprometida na consecución dun mundo máis xusto para todas e todos. Agardamos contaxiar este delirio a quen o lea.

Alicia Fariña López e Estíbaliz Táboas Pazos

Autoras do diagnóstico



# 1. Marco teórico e marco normativo da ED

Dende que a UNESCO, no ano 1974, recoñece a importancia da Educación para o Desenvolvemento coma un proceso fundamental na busca de solucións aos problemas de supervivencia e benestar da humanidade; ata a actualidade, onde se debate xa a vixencia dunha sexta xeración da ED e se cuestiona o propio modelo de desenvolvemento; pasaron máis de 30 anos de grandes cambios sobre o concepto e a práctica da ED e tamén da importancia que se lle outorga nas políticas públicas. Non é a pretensión deste traballo afondar nesa evolución teórica e práctica, pois é moita a información dispoñible a este respecto. Porén, si que consideramos fundamental achegar unha serie de pinceladas de carácter explicativo para dar a coñecer a perspectiva teórica na que se posiciona o presente diagnóstico.

## 1.1. Marco teórico

O diagnóstico aquí presentado adscíbese á definición de ED elaborada polo Grupo de Educación para o Desenvolvemento da Coordinadora de ONGD de España (2005: 6); unha concepción que naceu dun amplo consenso do sector e que foi recoñecida pola Comisión de Educación para o Desenvolvemento da Coordinadora Galega de ONGD:

*“Educación para o Desenvolvemento” debe entenderse como un proceso para xerar conciencia crítica, facer a cada persoa responsable e activa, co fin de construír unha sociedade civil, tanto no Norte como no Sur, comprometida coa solidariedade, entendida esta como corresponsabilidade, e participativa, cuxas demandas, necesidades, preocupacións e análise se teñan en conta á hora de tomar decisións políticas, económicas e sociais”.*

Trátase, no entanto, dunha definición de carácter xeral composta polos termos máis consolidados dentro do sector da cooperación para o desenvolvemento. Entendemos que o amplo consenso esixe dese difícil exercicio de construción dun marco conceptual no que as distintas e variadas entidades que forman parte do mundo do desenvolvemento se sintan incluídas para que o asuman e entendan como propio. Porén, desde este espazo, gustaríanos completar a definición proposta descompoñendo o termo Educación para o Desenvolvemento nos dous conceptos chave que a integran:

Educación para o Desenvolvemento = Educación + Desenvolvemento


Parécenos importante partir de definicións concretas sobre conceptos complexos pois concordamos co exposto no traballo de Miguel Arjibay, Gema Celorio e Javier Celorio (1995: 5):

*“Expresarse, comunicarse, intercambiar coñecementos, ensinar e aprender comportamentos ou ritos sociais, son elementos esenciais para a existencia. É verdade que desenvolverse é unha necesidade vital que comparten sociedades e individuos, pero non é certo que todos os pobos entendan o mesmo por desenvolvemento, que valoren en igual medida a participación, nin que todos transmitan idénticas formas de coñecemento cunhas pautas de comportamento social aplicables a calquera contexto”.*

### A ED dende o concepto de Educación

Entendemos a ED coma un proceso non só educativo, senón **socioeducativo**, pois responde a unha metodoloxía e práctica pedagóxica encamiñada a xerar reflexión e análise crítico das múltiples realidades sociais. Nesta liña, existe outro amplo consenso nos diferentes estudos e diagnósticos consultados á hora de considerar que foi precisamente a proposta da **educación popular** do brasileiro Paulo Freire, unha das fontes das que se nutre a ED tal e como a entendemos hoxe en día. Pensamos que é precisamente esa relación tan clara entre pedagogía e sociedade que establece no seu traballo do ano 1967, *A educación como práctica da liberdade*, a que nutre os fundamentos dunha educación para o desenvolvemento que conecta sociedades, realidades e historias de vida.

Cadro 1. Mapa conceptual do itinerario teórico-práctico da proposta de Paulo Freire



Fonte: Monclús A. (2005) “El modelo educativo de Paulo Freire”. Educación y sistema educativo.

Pero a ED tamén se nutriu, ao longo destes anos, de outras aproximacións teóricas, como foron as correntes construtivistas do coñecer .ento, que teñen a súa orixe na psicoloxía de Piaget, Vigotsky, Luria ou Bruner; ou o modelo de investigación-acción elaborado por Lewin.

Tanto a ED como moitas destas propostas teóricas (especialmente a proposta **educación popular** de Freire), comparten como obxectivo principal a promoción de procesos de transformación individual e colectiva ligada ao contexto local desde unha perspectiva global. Partindo desta base inicial xa traballada de vagar en numerosos manuais, parécenos interesante recoller unha reflexión menos discutida pertencente á socióloga Marlen Eizaguirre<sup>1</sup>, quen presenta dúas grandes interpretacións da ED que, desde o noso punto de vista, poden estar relacionadas co propio enfoque educativo e pedagóxico desde o cal se conciba. Por un lado, existe unha concepción específica da ED, que limita os seus contidos aos problemas Norte-Sur, diferenciándoa deste xeito doutros tipos de educación. Á beira desta liña de pensamento existe, por outro lado, unha concepción máis ampla e integral, segundo a cal a educación para o desenvolvemento sería unha denominación xenérica que englobaría a outros tipos de educación, como por exemplo a educación en valores, para a solidariedade, a educación intercultural, para a tolerancia, para a paz, medioambiental, para a saúde, o consumo, os dereitos humanos, etc.

Desde o noso punto de vista, e reforzando a idea de **proceso socioeducativo**, consideramos que debe existir unha conxunción entre ambas propostas. O enfoque diferenciador que aporta a ED non debe, pensamos, reducirse ao tratamento da chamada Visión Sur, senón que debe tratar da actualidade do noso entorno, da interdependencia entre as realidades de distintas partes do mundo. Debe falar de Nortos e de Sures, pero non só desde o punto de vista dos valores, senón desde un ángulo científico e conceptual (*cf.* Argibay et al., 1997: 23 e ss.). Tal e como defenden os estudos consultados para a realización deste traballo, a ED é unha forma de educación sempre en proceso de cambio (pola súa inherente conexión coas sociedades) que recolle propostas educativas necesarias para a comprensión global, para a formación das persoas e para xerar o compromiso da acción participativa.

### As evolucións da “Educación” e do “Desenvolvemento”

Tal e como vimos na introdución a este apartado, o desenvolvemento e a educación sempre formaron parte da historia da humanidade. Todas as sociedades do pasado e do presente, estableceron pautas para convivir, para aumentar a posibilidade de subsistencia da comunidade e, incluso, para mellorar a calidade de vida do grupo e das persoas que o

---

<sup>1</sup> Eizaguirre, Marlen. Licenciada en Socioloxía pola Universidade de Deusto, foi a encargada de elaborar a definición relativa ao concepto de Educación para o Desenvolvemento para o dicionario virtual de Hegoa: <http://www.dicc.hegoa.ehu.es/listar/mostrar/81>

integran. Así, as interpretacións que se foron elaborando ao longo da historia en cada un destes conceptos, modificou de xeito inevitable a concepción do outro.

A ED como construción teórica nace entorno aos anos 50, e tanto os seus contidos como propostas metodolóxicas, foron cambiando en función da evolución da propia concepción do desenvolvemento. A continuación, ofrecemos unha táboa de síntese na que se trata de recoller de xeito explícito aqueles puntos que consideramos de interese para o apartado que estamos a presentar.

Táboa 1. Xeracións da Educación para o Desenvolvemento

	Primeira xeración (antecedentes) <i>ED caritativa-asistencialista</i>	Segunda xeración <i>ED "desarrollista"</i>	Terceira xeración <i>ED crítica e solidaria</i>	Cuarta xeración <i>ED para o desenvolvemento humano e sustentable</i>	Quinta xeración <i>ED para a cidadanía global</i>
<i>Xurdimento</i>	Anos corenta - cincuenta	Anos sesenta	Década dos setenta	Década dos oitenta	Década dos noventa
<i>Visións do desenvolvemento e do subdesenvolvemento</i>	Subdesenvolvemento entendido como "atraso"  A solución está na axuda que se dá desde os países ricos, xa que as persoas do Sur son obxectos pasivos que esperan a caridade e compaixón allea	Baixa renda per cápita. Carencias educativas, de capital, tecnoloxía e infraestrutura (Tª do "elemento ausente") que impiden que as comunidades e pobos do Sur satisfagan as súas necesidades por si mesmas. Subdesenvolvemento: "problema dos países do Sur"	Subdesenvolvemento: non é un simple estadio de atraso, senón un trazo estrutural das economías, as sociedades e os sistemas políticos das sociedades do Sur, nas que o colonialismo e o neocolonialismo seguían a ter unha influencia determinante. Relacións de explotación entre o "centro" e a "periferia"	Desenvolvemento Non sustentable no Norte. "Maldesenvolvemento" no Sur.  Pobreza e desigualdade entendidas como exclusión, como denegación dos dereitos humanos básicos e falla de acceso ao poder.	Desenvolvemento/Subdesenvolvemento: Problema global.  Dinámicas da globalización: subordinación das metas sociais ao mercado global. Poder crecente das empresas transnacionais e as finanzas especulativas.
<i>Desenvolvemento: imaxe obxectivo</i>	Desenvolvemento = Crecemento económico	Desenvolvemento como proceso lineal "por etapas" desde a sociedade tradicional cara a modernización. Modelo: os países Industrializados.	Proceso de desenvolvemento "autocentrado" no plano político e económico. "Autonomía colectiva" do Sur e "desconexión" das estruturas internacionais.	Desenvolvemento humano e sustentable. Metas internacionais de loita contra a pobreza, a mortalidade infantil, e de acceso á saúde e á educación. Igualdade de xénero.	Marco de gobernanza global para facerlle fronte á globalización e ao crecente poder dos mercados financeiros e os actores económicos globais (empresas transnacionais...).
<i>Estratexias de acción</i>	Asistencialismo / beneficencia.  Axuda humanitaria e de emerxencia ante situacións críticas (guerra, desastres, fame)	Crecemento económico rápido a través do investimento en infraestrutura produtiva.  Acceso á educación. AOD para o financiamento da inversión e para proxectos de desenvolvemento, que a nivel comunitario baséanse en estratexias de "auto-axuda".	Cambio social e económico, reforma e/ou revolución. Afirmación dunha Nova Orde Económica Internacional: cambios estruturais no comercio mundial, o financiamento do desenvolvemento e control das empresas transnacionais.  Cooperación non goberamental como alternativa á axuda oficial.	Redución e/ou condonación da Débeda externa. Incremento da axuda ao desenvolvemento.  Incorporación da dimensión ambiental do desenvolvemento e do concepto de sustentabilidade.  Políticas para a inclusión social, a igualdade entre mulleres e homes e o empoderamento das persoas pobres e doutros grupos excluídos.	"Gobernanza global en favor do desenvolvemento": reformas nas institucións multilaterais, nas relacións comerciais e nos mercados financeiros para enfrontarse ás dinámicas do modelo de globalización neoliberal.  Democratización e "bo goberno".

<i>Obxectivo educativo</i>	Sensibilización	Sensibilización	Formación para a concienciación crítica e solidaria.	Formación para a acción. Actuar para "prever o problema".	Formación para a transformación persoal e colectiva.
<i>Coñecementos e temáticas</i>	Información sobre situacións de emerxencia e/ou sobre as manifestacións do subdesenvolvemento	<p>Información sobre as causas e os "obstáculos" ao desenvolvemento que definen o contexto local dos proxectos e as iniciativas comunitarias / nacionais. Difusión das iniciativas de auto-axuda no Sur.</p> <p>Difusión dos proxectos de desenvolvemento impulsados polas ONGD e os gobernos do Norte. "Educación sobre a axuda ao desenvolvemento".</p>	<p>Constatación da pobreza e da desigualdade internacional. Comprensión da relación estrutural entre o desenvolvemento e o subdesenvolvemento.</p> <p>Importancia dos factores históricos: o papel do colonialismo e o imperialismo.</p> <p>Cuestionamento do eurocentrismo.</p> <p>Novas temáticas: demografía, medio ambiente, dereitos humanos, diversidade cultural...</p> <p>Crítica da AOD.</p>	<p>Multiculturalismo. Coñecemento da diversidade social e cultural (mulleres, grupos étnicos, minorías relixiosas e culturais...) desde a súa propia percepción e referentes.</p> <p>Crítica ao racismo e á xenofobia.</p> <p>Coñecemento crítico dos "problemas globais" (medio ambiente, armamento, migración).</p> <p>Cuestionamento dos valores e o modelo sociocultural e de desenvolvemento do Norte. Exame crítico das causas e consecuencias dos conflitos armados contemporáneos.</p>	<p>Comprensión da interdependencia global e os nexos estruturais entre o Norte e o Sur, entre a vida cotiá e as cuestións "macro" ("educación global fronte á globalización").</p>
<i>Tipoloxía das accións</i>	Sensibilización social e captación de fondos	<p>Accións de información e sensibilización social sobre a realidade do Sur e sobre os proxectos de desenvolvemento a nivel local.</p> <p>Tensión crecente entre este tipo de campañas e a recadación de fondos.</p>	<p>Campañas de denuncia da opresión e o neocolonialismo. Solidariedade e apoio a movementos de liberación nacional e/ou movementos revolucionarios.</p> <p>Activismo reivindicativo. Demanda do 0,7% do PIB para AOD.</p>	<p>Enfoque máis integral e busca de sinerxías: vinculación crecente entre investigación, educación, mobilización social e acción sociopolítica.</p> <p>Comercio xusto, consumo consciente. Irmandamentos locais. Convergencia da ED con outras "educacións globais": ed. ambiental, ed. para a paz, ed. multicultural, ed. sobre os dereitos humanos...</p> <p>Autorregulación crecente: códigos de conduta.</p>	<p>"Da protesta á proposta": actividades de incidencia, presión política e lobbying. Campañas sociopolíticas sobre temas globais.</p> <p>Coordinación crecente, traballo en redes locais, nacionais e internacionais (networking) e alianzas con outras organizacións sociais.</p> <p>Uso crecente das novas tecnoloxías (vídeo, internet...).</p>

Fonte: Adaptado de Manuela Mesa (dir) *La educación para el Desarrollo en la Comunidad de Madrid: tendencias y estrategias para el S.XXI*

## As novas concepcións do Desenvolvemento

A crítica *postdesarrollista* parte da constatación de que, detrás do proxecto modernizador occidental (que se enunciou a través da secuencia que une industrialización, acumulación e crecemento), tomou forma unha “metáfora” (a do desenvolvemento) dunha grande fortaleza. Unha metáfora que sería capaz de resistir ao continuo fracaso dos numerosos e variados intentos da súa posta en marcha durante máis de cincuenta anos. Ata tal punto é así que o discurso do *post-desenvolvemento* considera que o desenvolvemento formaría parte da “relixión moderna” que tería substituído á relixión tradicional coma fonte central de dito pensamento.

Neste sentido, aínda que a formulación *postdesarrollista* fai súa a tarefa de intentar “destruír” o mito do desenvolvemento, van máis alá á hora de enfrontar o intento de “saír do desenvolvemento”. O punto de partida do seu razoamento é a constatación do fracaso da empresa do desenvolvemento e da aseveración da imposibilidade de loitar contra os problemas do subdesenvolvemento mediante a reprodución duns esquemas teóricos e prácticos que se demostraron totalmente ineficaces.

O *post-desenvolvemento* constitúe unha corrente de carácter teórico centrada na crítica ao propio desenvolvemento. De xeito paralelo, estanse a construír unha serie de propostas que, a pesar de teren todas un sustento teórico-analítico importante, son sobre todo propostas políticas vinculadas a movementos sociais. A economista Amaia Pérez Orozco destaca catro alternativas principais: o ecoloxismo social, o decrecemento, o feminismo e as súas reflexións sobre os cuidados e a sustentabilidade da vida, e o bo vivir ou *sumak kawsay*. Segundo Orozco, todas estas perspectivas teñen un elemento aglutinador: poñen a sustentabilidade da vida no centro de todo o seu discurso, e, a partir de aí, cada proposta resalta unha serie de *verdades parciais*<sup>2</sup> que aspiran a entrar nun diálogo que permita construír solidariedades na política e conversacións no coñecemento.

Neste traballo decidimos introducir moi brevemente as reflexións que xiran entorno a dúas das propostas que máis se empezan a traballar dende os axentes de cooperación galegos, pois estiveron presentes en xornadas, actos, ciclos de cinema e en espazos de intercambio informais: o decrecemento e o ecofeminismo. Dende este traballo, que pretende ser conciso, centrarémonos nos nexos que unen a estas dúas propostas que, pensamos, deben ir parellas.

O economista catalán Joan Martínez Alier insiste na idea de que o crecemento ascendente e constante da economía conduce a un esgotamento inevitable dos recursos naturais e ao deterioro dos ecosistemas mediante a contaminación de terras, augas e aire; un proceso que prexudica máis gravemente ás persoas máis pobres do mundo (*cf.* Alier, 2009: 121).

---

<sup>2</sup> Verdades que non aspiran a ser absolutas.

*“... dado que vivimos nun mundo interconectado,  
os cambios a nivel local teñen implicacións globais,  
os cambios a nivel global teñen repercusión nas economías, culturas e democracias locais”*

Vandava Shiva  
*Manifesto para unha democracia da terra*

Desde a premisa de que o planeta terra non é infinito e os seus recursos tampouco, preséntase o **decrecemento**, unha proposta baseada en *vivir con menos* cun enfoque internacionalista, xa que se busca que o futuro dos países empobrecidos non sexa unha copia do modelo que fracasou nas sociedades enriquecidas. Carlos Taibo (2009: 132, 133) entende que:

*“non hai decrecemento plausible se non se contestan en paralelo a orde capitalista e a súa dimensión de explotación, inxustiza e desigualdade; (...) a proposta de sociedade alternativa que acompaña ao decrecemento implica a xestión dun mundo inequivocamente orientado a deixar atrás o universo do capitalismo”.*

Esta corrente de pensamento ten a súa orixe na crítica social e ecolóxica da economía capitalista, aínda que tamén recolle moitas outras influencias do feminismo e reflexións chegadas desde países do Sur. A súa proposta principal é a de **desaprender**, cambiar a mirada sobre a realidade e desprenderse dun modo de vida que se xulga claramente insostible. Pero o Decrecemento non é un obxectivo en si mesmo, senón un medio para acadar parámetros de sustentabilidade (*cf.* Weingärtner e Monasterio, 2010: web).

*“Necesitamos menos para vivir mellor”*

*Lema do Decrecemento*

A análise do Decrecemento asegura que os seres humanos non podemos desenvolvernos nin crecer sen ter en conta as características e os límites do entorno no que vivimos, xa que somos **ecodependentes**, é dicir, a vida humana non é posible sen os aportes da natureza. Pero ademais, tampouco podemos ter unha vida digna de maneira individualista, como ordena o actual sistema económico e social, posto que somos **interdependentes**. Necesitámonos mutuamente e necesitamos coidarnos. É aquí onde o Decrecemento se une á **perspectiva feminista**, unha corrente para a que o traballo reprodutivo e de coidados das persoas e da natureza sempre será máis importante que o traballo “produtivo” remunerado. Mentres que a lóxica do capital persegue un aumento constante da produtividade e opera baixo o mecanismo da competitividade, o Decrecemento busca unha revolución que tende a poñer o coidado da natureza e das persoas así como as relacións que se establecen entre elas no centro de todas as políticas da sociedade futura. O Decrecemento levaría tamén á



revalorización dos coñecementos que as mulleres foron adquirindo historicamente polo papel que lles tocou desempeñar, a pesar de ter sido imposto. Ademais, leva implícita a asunción política e social da ética do coidado máis alá das responsabilidades individuais para poder desenvolvernos coma seres autónomos e iguais nuns contextos de interdependencia social e ecolóxica, isto é, nas sociedades políticas ás que pertencemos e coa natureza que nos rodea.

Retomando o fío condutor do presente traballo, consideramos que, dado que a conexión entre as concepcións teóricas do desenvolvemento e as propostas pedagóxicas dos diferentes momentos históricos camiñaron parellas debido a esa relación intrínseca, pode que sexa este o momento da transición cara un novo paradigma da Educación para o Desenvolvemento.

Tal e como defende Juan José Celorio, profesor do Instituto de Estudos sobre Desenvolvemento e Cooperación Internacional Hegoa (Celorio, 2012: 95 e ss.), a xénese dese novo paradigma debe provir da promoción das capacidades colectivas que se constrúen no ámbito social (especialmente no eido educativo). Esta posible nova xeración da ED potenciará:

- A crítica á globalización
- O vínculo entre desenvolvemento e dereitos humanos
- O feminismo como proxecto político
- Unha conciencia da cidadanía global enraizada nos ámbitos de acción local
- Compromiso coa interculturalidade e a inclusividade
- Eliminación da distinción formal / non formal / informal

Consideramos que estas liñas que caracterizan á nova xeración da ED están moi relacionadas coas reflexións e criterios establecidos na proposta do decrecemento, pero, posiblemente tamén; especialmente na aposta polo feminismo como guía de pensamento e posicionamento políticos, pero tamén na concepción dunha Educación para o Desenvolvemento construída dentro e fóra dos espazos formais. O achegamento das teorías da ED cara unha educación comprometida coa interculturalidade dende un enfoque onde primen os contextos comunitarios, pode ser o punto de inflexión que permita traballar unha ED en clave de transformación social, máis alá das concepcións máis estendidas e habituais que entenden a ED coma unha estratexia de ensinanza-aprendizaxe e sensibilización.

## 1.2. Marco normativo

O marco normativo da Educación para o Desenvolvemento está ligado ás declaracións, resolucións, leis e decretos que sobre cooperación se teñen feito desde as administracións públicas, gobernos europeos, nacionais e autonómicos. A seguinte táboa de resumo recolle as que consideramos que son as principais normativas onde se sitúa a ED en Galicia.

Táboa 2. Marco normativo da ED (global, europeo, estatal e autonómico)

Ámbito	Marco normativo
<b>Global</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>· Declaración Universal dos DDHH, carta de NNUU (1945, 1948)</li> <li>· Recomendación sobre a educación para a comprensión, a cooperación e a paz internacionais e a educación relativa aos dereitos humanos e ás liberdades fundamentais (UNESCO, 1974)</li> <li>· Declaración sobre o Dereito ao Desenvolvemento (1986)</li> <li>· Declaración sobre o dereito e o deber dos individuos, os grupos e as institucións de promover e protexer os dereitos humanos e as liberdades fundamentais universalmente recoñecidos (1998)</li> <li>· Declaración do Milenio (2000)</li> <li>· Declaración de París sobre a eficacia da axuda ao desenvolvemento (2005)</li> </ul>
<b>Europeo</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>· Convenio para a protección dos dereitos humanos e as liberdades fundamentais (coñecido como Convenio Europeo dos DDHH, 1953)</li> <li>· Carta dos Dereitos Fundamentais da UE</li> <li>· Tratado de Maastricht (1992): "A política de cooperación ao desenvolvemento no horizonte do ano 2000"</li> <li>· Consello de ministros da UE: resolución sobre a educación para o desenvolvemento e a sensibilización da opinión pública europea a favor da cooperación ao desenvolvemento (2001)</li> <li>· Consenso Europeo sobre Desenvolvemento (2005)</li> <li>· Consenso Europeo: a contribución da ED (2007)</li> <li>· Informe de seguimento da EPT no mundo. UNESCO (2012)</li> </ul>
<b>Estatal</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>· Informe sobre os obxectivos e liñas xerais da política española de cooperación e axuda ao desenvolvemento (Congreso dos Deputados, 1992)</li> <li>· Relatorio de estudo da política española de cooperación ao desenvolvemento (Senado, 1994)</li> <li>· Lei española de cooperación 23/1998</li> <li>· Lei 27/2005 Fomento da educación e a cultura de paz</li> <li>· Lei Orgánica de Educación 2/2006</li> <li>· Estratexia de ED da Cooperación Española (2008)</li> <li>· III Plan Director da Cooperación Española 2009-2012</li> <li>· IV Plan Director da Cooperación Española 2013-2016</li> </ul>
<b>Autonómico</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>· Lei 3/2003, do 19 de xuño</li> <li>· II Plan Director da Cooperación Galega para o Desenvolvemento 2010-2013</li> </ul>

Fonte: Elaboración propia

Posto que un dos axentes clave da ED en Galicia son os centros de educación formal de todos os niveis educativos, consideramos imprescindible incluír dentro do marco normativo que nos ocupa á Lei Orgánica de Educación vixente hoxe en día, dado que é o instrumento legislativo que regula o funcionamento de ditos centros e establece as bases da filosofía que, en materia educativa, estrutura ao Estado e ás súas autonomías.

Parécenos salientable destacar que é precisamente nese punto filosófico sobre o modelo educativo onde se atopan as máis grandes diferenzas entre a lexislación vixente e o Proxecto de Lei Orgánica para a Mellora da Calidade Educativa (LOMCE). Isto afecta notablemente á propia Educación para o Desenvolvemento, que tiña na LOE unha posición destacada ao incluír o texto legislativo unha definición da educación entendida como medio para *“fomentar a convivencia democrática e o respecto ás diferenzas individuais, promover a solidariedade e evitar a discriminación”*, e tamén ao falar da defensa e garantía dunha cidadanía democrática, responsable, libre e crítica<sup>3</sup>.

Pola contra, o novo proxecto de lei educativa centra o seu argumentario no desenvolvemento do talento humano indicando que a lóxica da reforma está baseada na redirección da educación cara a creación dun sistema capaz de dirixir ao estudiantado cara traxectorias máis adecuadas ás súas capacidades *“de xeito que podan facer realidade as súas aspiracións e se convertan (as súas traxectorias académicas) en rutas que faciliten a empregabilidade e estimulen o espírito emprendedor”*<sup>4</sup>.

A pesar desta situación cambiante, non se atopou en ningún dos proxectos consultados ningunha reflexión ou posicionamento explícito sobre a situación legislativa que está a vivir o Estado en materia educativa. Aínda que si aparece unha reflexión de apoio á filosofía da LOE no Caderno de ED da CGONGD (CGONDE: 5), consideramos que este cambio legislativo debería ser un punto de reflexión dentro das entidades que traballan dende hai anos a ED coma unha área estratéxica da súa planificación, pois este tipo de reformas non son en absoluto alleas ao seu ámbito de traballo e, o feito de non contemplalas contribúen a xerar un descoñecemento do entorno no que se pretende incidir.

---

<sup>3</sup> Extraído do preámbulo da Lei Orgánica de Educación 2/2006 do 3 de maio.

<sup>4</sup> Extraído da exposición de motivos do novo proxecto de Lei Orgánica para a Mellora da Calidade Educativa con data do 17 de maio de 2013.

## 2. Deseño do diagnóstico

A seguir, presentamos o deseño do presente traballo a través da definición do obxecto de estudo, o relato do proceso seguido ao longo de todos estes meses de análise e da descrición das ferramentas empregadas para a extracción de datos e a elaboración do estudo. Así mesmo, tamén se detallan as limitacións deste diagnóstico e os condicionantes do mesmo.

### 2.1. Obxecto de estudo

Non se tratou co diagnóstico de xerar coñecemento académico, senón de aportar informacións e, sobre todo, de xerar preguntas que poidan contribuir, a través de novas propostas e de novos enfoques, a orientar a práctica da ED dos actores do sistema galego de cooperación neste mapa tan cambiante coma é o noso mundo actual.

Pero, a onde pretendemos chegar co diagnóstico? Principalmente, a realizar unha aproximación á situación actual da Educación para o Desenvolvemento en Galicia para así contribuir a un proceso de reflexión teórico- práctico e a unha aprendizaxe colectiva que poida inspirar liñas de acción futuras. Esta radiografía debe entenderse, polo tanto, como un punto de partida dende o que transitar cara a unha posible estratexia común que, dende as respostas plurais, sustente unha ED capaz de transformar a realidade mellorándoa.

No marco deste obxectivo delimitáronse as seguintes cuestións sobre as que recoller información, precisamente para, a partir do “onde estamos”, poder abordar o “a onde poderíamos chegar”:

- Quen son os principais actores da Educación para o Desenvolvemento en Galicia, é dicir, as ONGD; abordando elementos como a súa implantación, presenza territorial e antigüidade en Galicia, a forma xurídica que adoptan, os seus modelos de ED, a súa planificación, así coma os recursos económicos e materiais que destinan a esta área.
- Cal é o estado da Educación para o Desenvolvemento no territorio galego, ollando tanto á planificación territorial das ONGD como ao seu traballo a nivel de municipios.
- Como é a posta en práctica da Educación para o Desenvolvemento en Galicia, isto é, as intervencións, atendendo ás súas dimensións, prioridades transversais, ámbitos temáticos, tipoloxía de actividades, públicos destinatarios, metodoloxías e a súa innovación.
- Con quen se traballa nalgunhas das redes do ámbito da Educación para o Desenvolvemento en Galicia, analizando os actores vinculados ás ONGD nos seus proxectos, os consorcios das ONGD, a Coordinadora Galega de ONGD e o Fondo Galego de Cooperación e Solidariedade.

## 2.2. O proceso

Esta travesía prolongouse entre os meses de novembro de 2012 e xuño de 2013. Varias foron as paradas que definen un itinerario longo, mais non exclusivo, pois o contexto dende o que se realizou é o dunha bolsa de formación na DXRREE e UE na que se seguiu un plan formativo máis amplo, combinando o obxectivo de completar este diagnóstico, con outros relacionados coa aprendizaxe experta no ámbito da cooperación internacional para o desenvolvemento no seo dunha administración pública. No camiño tamén houbo algún cambio de rumbo dende a idea inicial ata a obtención do resultado. Para non perderse, estes foron os principais pasos do percorrido:

**1** **A idea inicial:** Abriuse un proceso de diálogo e intercambio para o seguimento das diferentes intervencións que se están a realizar dende a DXRREE e UE ao abeiro da convocatoria de Educación para o Desenvolvemento (ED) e dos convenios de Fortalecemento e ED aprobados no ano 2012.

**2** **O cambio de rumbo:** Pensouse en ampliar os obxectivos da proposta inicialmente presentada, coa finalidade de elaborar un diagnóstico.

**3** **A posta en marcha:** Reflexionouse en torno ao posible deseño do diagnóstico e das ferramentas para a recollida de datos a partir doutras propostas de estudos e análises similares e da revisión documental das intervencións obxecto de estudo.

**4** **Recollida de datos e elaboración do diagnóstico:** Elaborouse unha enquisa na que se recolleron datos das ONGD para a elaboración do diagnóstico. Ademais realizáronse entrevistas con distintas ONGD e persoal técnico e político de institucións públicas e visitas a actividades de proxectos que estaban en fase de execución. Cos datos recollidos, unha vez analizados, elaborouse o diagnóstico.

## 2.3. As ferramentas empregadas

Catro foron as principais ferramentas utilizadas para levar a cabo o diagnóstico: análise documental, enquisas, entrevistas e observación directa. Presentamos o funcionamento e o desenvolvemento concreto no proceso de cada unha delas.

· Mediante a análise documental dos informes técnicos de xustificación dos proxectos de ED sistematizáronse numerosos datos cuantitativos sobre as intervencións que ata o momento nunca foran recompilados.

- As entrevistas e a observación directa na execución das actividades de ED permitiron afondar con algunhas organizacións sobre as súas prácticas de ED, achegándonos aos seus lugares de traballo e coñecendo de primeira man o que están realizando.
- A enquisa posibilitou chegar ao maior número posible de organizacións. Esta ferramenta permitiu abrir cuantitativamente as posibilidades do diagnóstico aínda que, dende a experiencia do equipo do diagnóstico, a observación directa e as entrevistas aportan unha información cualitativa máis interesante e ilusionante.

### A análise documental

Fíxose un traballo de compilación e lectura doutros documentos de análise, diagnóstico, avaliación, sistematización e planificación no ámbito da ED existentes, principalmente nos contextos estatal e autonómicos. Para isto recorreuse basicamente ás fontes documentais dispoñibles en Internet. As referencias a ditos documentos atópanse incluídas no apartado de Bibliografía.

Asemade, revisáronse os informes de xustificación dos proxectos aprobados mediante as convocatorias de subvencións, en réxime de concorrencia competitiva, para a execución de proxectos para actividades de Educación para o Desenvolvemento de ONGD, da Xunta de Galicia dos anos 2010, 2011 e 2012<sup>5</sup>.

É preciso sinalar, que dos proxectos financiados ao abeiro das convocatorias 2010 e 2011, revisáronse os documentos de xustificación intermedia, no caso de que a houbera, e final. Dos proxectos financiados na convocatoria do ano 2012, revisáronse as xustificacións finais daqueles proxectos que finalizaron a súa execución nesa anualidade, e as xustificacións intermedias dos proxectos que contan cunha segunda anualidade de execución (2013).

Táboa 3. Número de proxectos analizados no diagnóstico

Análise documental	
Convocatoria 2010	13 proxectos
Convocatoria 2011	15 proxectos
Convocatoria 2012	14 proxectos <sup>6</sup>
<b>Total trienio</b>	<b>42 proxectos</b>

Fonte: Elaboración propia

<sup>5</sup> Para máis información consultar o anexo 1: listaxe de proxectos analizados.

<sup>6</sup> Na convocatoria do ano 2012 o número de proxectos de ED aprobados foi 15. Excluíuse da análise o proxecto financiado a ACSUR- Las Segovias por non contar co informe de xustificación do proxecto concedido a esta entidade no momento de realizar a presente análise.

Esta análise conduciunos á elaboración dunha táboa onde se sistematizan as accións de Educación para o Desenvolvemento executadas ao abeiro dos proxectos financiados. A efectos deste diagnóstico, definimos acción de seguinte xeito:

Cada un dos procesos socio- educativos desenvolto nun territorio concreto (nun municipio) no ámbito dun proxecto de ED e que constitúen a unidade de análise desta estudo. A idea de proceso indica que se trata dun traballo que responde a unha lóxica de intervención a curto, medio ou longo prazo cun público ou públicos determinados.

*Como entendemos o termo acción*

O criterio territorial foi o que guiou a orientación das accións recollidas nesta ferramenta coa idea de facilitar esta información sistematizada aos axentes da cooperación galega de forma que posibilite nun futuro a elaboración dun mapa da ED no territorio galego. Somos conscientes de que o idóneo tería sido que cada organización fose quen vertese a información relativa ás súas intervencións na ferramenta, mais tamén sabemos das elevadas cargas de traballo do persoal das entidades. Foi este o motivo polo que se optou por facer o baleirado dos datos a partir dos documentos de xustificación dispoñibles, aínda que isto implicou que as clasificacións se fixeron en función do criterio das autoras do presente diagnóstico.

A información recollida na táboa, comprende:

- Datos de identificación do proxecto.
- Onde se levou a cabo a acción (por municipios).
- Entidade coa que se colaborou na acción (no seu caso).
- Tipo de acción.
- Dimensión da ED na que se pode encadrar a acción.
- Título da acción e información relevante da mesma.
- Público/s ao que se dirixe a acción.
- Temática/s que se traballan na acción.

### As entrevistas

Realizáronse entrevistas co Fondo Galego de Cooperación e Solidariedade e a Coordinadora Galega de ONGD, dous actores protagonistas no ámbito da ED en Galicia con características singulares. No trienio analizado, ambas entidades foron receptoras de AOD<sup>7</sup> galega para realizar intervencións no noso territorio. No caso do Fondo, especificamente para actividades

<sup>7</sup> A axuda da DXRREE e UE ao Fondo Galego e á Coordinadora Galega de ONGD canalizouse no trienio analizado a través de convenios de carácter anual.

de ED e no da Coordinadora Galega, de fortalecemento das ONGD, o cal tamén atinxe ao seu traballo no ámbito da ED. Se a Coordinadora Galega é o órgano representativo deste sector, aglutinando á maioría de ONGD do tecido galego de cooperación, a súa Comisión de Educación para o Desenvolvemento é o referente no coñecemento, difusión e práctica da ED en Galicia. Por outra parte, ambos actores representan, ao noso entender, modelos de traballo en rede senlleiros: unha rede de cooperación municipalista e unha rede de ONGD a nivel autonómico. Adicionalmente, co ánimo de afondar na cuestión do traballo en rede, realizáronse entrevistas a unha selección de agrupacións con certa traxectoria na execución de proxectos de ED conxuntos. Así, seleccionáronse tres dos consorcios máis estables en Educación para o Desenvolvemento dentro do sector das ONGD galegas e mantivéronse entrevistas en grupo con representantes das ONGD membro de cada consorcio.

Finalmente, realizouse unha entrevista á Subdirección Xeral de Cooperación Exterior como órgano responsable da administración autonómica no ámbito da Cooperación e a Educación para o Desenvolvemento.

En relación ao tipo de entrevista, tratouse de entrevistas en profundidade semiestruturadas grupais, agás a do Fondo Galego que foi individual.

Táboa 4. Entrevistas realizadas no diagnóstico

Entrevistas realizadas
Fondo Galego de Cooperación e Solidariedade
Coordinadora Galega de ONGD - Comisión de Educación para o Desenvolvemento
Subdirección Xeral de Cooperación Exterior
Conorcios
Asemblea de Cooperación pola Paz e Agareso
A Cova da Terra, Panxea, Sodepaz e Taller de Solidaridad
Axuda en Acción, Educación Sen Fronteiras, Entreculturas, Intered e Seminario Galego de Educación para a Paz
<b>6 entrevistas realizadas</b>

Fonte: Elaboración propia

### Observación directa

Consistiu na visita a proxectos de Educación para o Desenvolvemento financiados ao abeiro da convocatoria da Xunta de Galicia do ano 2012. Concretamente, asistiuse á execución dunha das actividades dun total de 12 proxectos. Non se elaborou un informe de observación como tal, senón que o presente documento inclúe os resultados obtidos no conxunto do proceso de investigación.



Táboa 5. Visitas a proxectos realizadas no diagnóstico

ONGD	Título do proxecto	Actividade
Acsur	Favorecer a xeración de espazos e ferramentas para a formación, sensibilización e articulación de redes para a mobilización social arredor da defensa dos dereitos humanos das mulleres no norte e no sur focalizado en: femicidio, dereitos económicos e dereitos sexuais e reprodutivos	Obradoiro "Enrédate pola defensa dos nosos corpos, das nosas vidas" para mulleres en A Coruña
Amarante	Proxecto de formación e sensibilización sobre a feminización da pobreza no sector do téxtil e alternativas para un consumo responsable de roupa	Charla do programa "Xanela Aberta ao Sur" en Santiago de Compostela
Asemblea de Cooperación pola Paz, agrupada con Agareso	Mellora da educación e comunicación para o desenvolvemento na educación infantil, primaria e secundaria, e da formación en cooperación e comunicación para o desenvolvemento no ámbito universitario	Presentación do seminario de Xornalismo Social na Universidade de A Coruña
Ecos do Sur agrupada con Mestura	Entre-nós	Taller con colectivos de migrantes de Burela
Enxeñería sen Fronteiras Galicia	Proxecto de difusión do concepto de tecnoloxía para o desenvolvemento humano a través da sensibilización e a educación formal na comunidade universitaria e na sociedade galega en xeral 2012	Obradoiro de Teatro da Oprimida na Universidade de A Coruña
Fundación Axuda en Acción, agrupada con Fundación Entreculturas Fe y Alegría, Seminario Galego de Educación para a Paz, Educación sin Fronteras e Fundación Interred	Campaña mundial pola educación 2013 en Galicia	Presentación da Campaña no Parlamento de Galicia
Fundación Entreculturas Fe y Alegría	Cidadanía global e Dereitos Humanos: participación para o cambio social por parte da mocidade e do profesorado da Rede Solidaria da Mocidade no curso 2012-2013	Xuntanza da Rede Solidaria da Mocidade do IES de Campo de San Alberto de Noia
Fundación Interred	Visibilizar e valorar os coidados como imprescindibles para o sostemento da vida e as necesidades, especialmente no ámbito galego	Módulo "Autocoidado para transformar-me" do curso para o profesorado dos Institutos s de Ensino Secundario e Bacharelato da zona de Tomiño
Fundación Jóvenes y Desarrollo	Abrindo unha xanela ao mundo: dereitos humano, xénero e comercio xusto	Charla sobre finanzas éticas en Santiago de Compostela
Implicadas/os no desenvolvemento	A crise como cambio: Perspectivas e alianzas entre mulleres	Presentación do documental "Implicate" en Santiago de Compostela
Manos Unidas	ODM 3 e 6. Non hai xustiza sen igualdade e a Saúde dereito de todos/as. ACTÚA	Charla sobre os dereitos da infancia en Santiago de Compostela
Solidariedade Internacional de Galicia	O tesouro de Acahualinca	Visita de tres persoas nicaraguas ao IES de Vedra e concerto de hip hop e entrega de premios concurso audiovisuais
12 proxectos visitados		

Fonte: Elaboración propia

## Enquisa<sup>8</sup>

A enquisa deseñada foi auto cuberta a través dun sistema en liña polas ONGD e estivo referida á actividade no ámbito da ED de cada organización en Galicia durante os anos 2010, 2011 e 2012. A mesma reporta información de dúas naturezas. Por unha parte, ofrece unha descrición cuantitativa do sector. Por outra, incorpora preguntas abertas para recoller discursos, opinións e identidades, que permiten un maior grado de profundidade analítica.

A enquisa foi enviada ás entidades beneficiarias das subvencións das convocatorias de proxectos de ED da DXRREE e UE nos tres anos obxecto do estudo, exceptuando á ONGD Bicis pola Paz, por atoparse en proceso de disolución no momento de elaboración do diagnóstico. O número de entidades ascende a 20, que coincide co número de respostas obtidas (contestaron o 100%).

### 2.4. Limitacións do estudo

Varios son, como estivemos vendo, os condicionantes do presente diagnóstico. O feito de estar asociado a unha bolsa formativa e de xurdir dunha iniciativa persoal apoiada (iso si) por todo o sector, marca, claramente, unha limitación nos obxectivos deste documento. Porén, hai unha serie de cuestións, a maiores, que consideramos marcaron de xeito bastante definitivo o alcance deste traballo:

- O único antecedente co que se contou que abordase a análise da situación da ED en Galicia foi unha *Avaliación externa dos proxectos de educación para o desenvolvemento no período 2006-2008*, cuns obxectivos e deseño diverxentes aos deste estudo. Isto motivou unha construción dende cero, ao carecer de pautas, modelos, metodoloxías e/ou conclusións previas aterradas en Galicia, sobre as que se puidera partir para avanzar sobre as mesmas con máis detalle.
- O obxectivo do diagnóstico non abarca todas as actuacións levadas a cabo en materia de ED no territorio galego, senón que se limita a aquelas intervencións financiadas pola DXRREE e UE. Polo tanto, pode que os datos obtidos presenten variacións con respecto ao total das ONGD que traballan en Galicia ou cos resultados doutros estudos e análises que abordan o tema da educación para o desenvolvemento.
- Ao tratarse de accións financiadas por convocatoria pública, esta estableceu un sistema de incentivos e uns criterios de valoración que outorgan maior relevancia a determinados contidos, estratexias, etc., de xeito que non se trata da acción natural e espontánea das ONGD senón mediada pola vía de financiamento

---

<sup>8</sup> Para máis información consultar o anexo 2: cuestionario da enquisa ás ONGD.

- Por outra banda, dito obxectivo está acoutado temporalmente ás convocatorias dos anos 2010, 2011 e 2012. No entanto, trátase de convocatorias bianuais, polo que non se obterán datos definitivos (nin económicos nin técnicos) ata que se entreguen as xustificacións finais dos proxectos en marcha.
- Nos anos 2010 e 2011 as Universidades de Santiago de Compostela e A Coruña asinaron cadanseu convenio de colaboración coa Subdirección Xeral de Cooperación Exterior. Ditos convenios víronse interrompidos no ano 2012, período que coincide co inicio do proceso de diagnóstico. Dado que durante a estada das bolseiras na dirección xeral non estaban vixentes ningún dos convenios coa universidade, decidiuse non realizar unha análise dos mesmos, pois resultaba inabarcable dados os recursos dispoñibles.
- Polo mesmo motivo (limitación nos recursos) este proceso non foi todo o participativo que nos gustaría nin contou con voces externas ao propio sector implicadas na ED (profesorado, alumnado, outros axentes sociais, etc.). Consideramos esta unha limitación importante do estudo, pois dificilmente se poderán recoller aprendizaxes sobre percepcións e impacto dunha política pública vixente dende hai moitos anos.

### 3. Algunhas cifras da ED galega

Dado que o estudo refírese fundamentalmente ás actividades de Educación para o Desenvolvemento financiadas pola DXRREE e UE no trienio 2010-2012 resulta conveniente achegar algúns datos económicos do que supuxo a inversión nesta política.

Táboa 6. Detalle de gasto das convocatorias de axudas a proxectos de ED para ONGD, da DXRREE e UE durante o trienio 2010-2012, por anualidade e porcentaxe de variación respecto ao ano anterior

	Subvención concedida en cada convocatoria	% Variación respecto ao ano anterior
2010	380.579,60	
2011	405.882,00	+6,65%
2012	364.617,00	-10,17%
<b>TOTAL</b>	<b>1.151.078,60</b>	

Fonte: Elaboración propia

Táboa 7. Axudas desembolsadas a través das convocatorias de proxectos de ED da DXRREE e UE durante o trienio 2010-2012 por axente

	Subvención concedida en cada convocatoria <sup>9</sup>			Total	% sobre o total	Nº de proxectos por axente
	2010	2011	2012			
1. Asemblea de Cooperación pola Paz	44.408,60	74.395,00	34.984,00	153.787,60	13,4%	4
2. Fundación Entreculturas Fe y Alegría	24.470,00	53.500,00	25.000,00	102.970,00	8,9%	4
3. A Cova da Terra	49.210,00		34.725,00	83.935,00	7,3%	2
4. Fundación Axuda en Acción		49.515,00	30.602,00	80.117,00	7,0%	2
5. Acsur	24.987,65	24.980,00	24.250,00	74.217,65	6,4%	3
6. Amarante	25.000,00	25.000,00	22.827,00	72.827,00	6,3%	3
7. Enxeñería sen Fronteiras Galicia	11.409,75	33.442,00	15.783,00	60.634,75	5,3%	3
8. Asociación Mundo Cooperante	30.285,00	24.980,00		55.265,00	4,8%	2
9. Arquitectos sin Fronteras	50.000,00			50.000,00	4,3%	1
10. Fundación Intermón Oxfam	25.000,00	25.000,00		50.000,00	4,3%	2
11. Solidariedade Internacional de Galicia		24.950,00	24.960,00	49.910,00	4,3%	2
12. Fundación Interred	24.750,00		24.984,00	49.734,00	4,3%	2
13. Implicadas no desenvolvemento		22.530,00	24.250,00	46.780,00	4,1%	2
14. Manos Unidas		22.655,00	22.630,00	45.285,00	3,9%	2
15. Educación Sin Fronteras	42.508,68			42.508,68	3,7%	1
16. Amigos da Terra		18.935,00	15.082,00	34.017,00	3,0%	2
17. Ecos do Sur			28.200,00	28.200,00	2,4%	1
18. Fundación Jóvenes y Desarrollo			25.000,00	25.000,00	2,2%	1
19. Farmacéuticos Mundi	22.549,92			22.549,92	2,0%	1
20. Asociación Cultural Bicis por la Paz	6.000,00	6.000,00		12.000,00	1,0%	2
21. Fundación Taller de Solidaridad			11.340,00	11.340,00	1,0%	1
<b>21 ONGD</b>	<b>380.579,60</b>	<b>405.882,00</b>	<b>364.617,00</b>	<b>1.151.078,60</b>	<b>100%</b>	

Fonte: Elaboración propia

<sup>9</sup> Para o cálculo dos desembolsos canalizados a través das diferentes entidades tense adoptado o criterio de asignar á entidade líder aquelas achegas provenientes de proxectos en agrupación.

Táboa 8. Detalle de gasto da DXRREE e UE por tipo de actividade durante o trienio 2010-2012, por anualidade e total <sup>10</sup>

	Tipo de Actuación	Importe por anualidade (en euros)											
		2010		2011		2012		TOTAL					
Cooperación para o desenvolvemento	Proxectos ONGD	2.858.218	6.954.225	78%	2.018.176	4.609.619	77%	2.227.266	4.175.413	74%	7.103.660	15.739.257	77%
	Outros axentes	532.547			633.637			643.070			1.809.254		
	Programas	1.423.002			852.202			359.050			2.634.254		
	Microproxectos	113.385			0			87.768			201.153		
	Convenios	2.027.073			1.105.604			858.259			3.990.936		
Acción Humanitaria	Convocatoria	502.453	794.148	9%	0	108.416	2%	299.883	470.591	8%	802.336	1.373.155	7%
	Convenios	100.243			67.183			170.708			338.134		
	Emerxencia	136.828			30.000			0			166.828		
	Formación	54.625			11.233			0			65.858		
Fortalecemento de axentes	Convocatoria	206.498	296.498	3%	191.343	281.343	5%	121.594	211.594	4%	519.435	789.435	4%
	Convenios	90.000			90.000			90.000			270.000		
Educación para o desenvolvemento	Convocatoria	251.033	364.933	4%	417.513	531.413	9%	369.826	429.826	8%	1.038.372	1.326.172	6%
	Convenios	113.900			113.900			60.000			287.800		
Formación	Bolsas	187.160	253.260	3%	227.160	293.260	5%	139.400	139.400	2%	553.720	685.920	3%
	Convenios Universidades	66.100			66.100			0			132.200		
Outros	DX.RR.EE.e UE (cap. VI)	255.283	255.283	3%	188.767	188.767	3%	200.000	200.000	4%	644.050	644.050	3%
<b>Total</b>			<b>8.918.347</b>	<b>100%</b>		<b>6.012.818</b>	<b>100%</b>		<b>5.626.826</b>	<b>100%</b>		<b>20.557.991</b>	<b>100%</b>

Fonte: Elaboración propia

<sup>10</sup> Datos tomados dos Informes Anuais da Cooperación Galega, centrados nos desembolsos da Subdirección Xeral de Cooperación Exterior e que inclúen os compromisos derivados de convocatorias e convenios de anos anteriores

### ALGÚNS DATOS

- As convocatorias anuais de proxectos de ED para as ONGD da DXRREE e UE no trienio 2010- 2012 ascenderon a un importe total de 1.151.078,60 €
- Financiáronse un total de 43 intervencións de ED cun promedio de 28.075,09 € por proxecto. 13 destas foron en agrupación de entidades.
- 21 ONGD xestionaron estes desembolsos, das cales cinco recibiron financiamento nas tres convocatorias, 12 en dúas das convocatorias e tres só nunha convocatoria.
- A actividade no ámbito da ED supuxo o 6% do gasto da DXRREE e UE para o total do trienio. Esta cifra da axuda executada distanciouse da previsión do II Plan Director, que fixa como obxectivo que se dedique ao sector da ED o 8% dos fondos. A asignación sectorial da axuda a accións de ED incumpre adicionalmente o compromiso establecido no Pacto Galego contra a Pobreza, no que se reclama que se dedique a este sector cando menos o 10% do orzamento en AOD.

#### Para reflexionar...

- ✓ Son demasiadas 21 entidades para xestionar 1.151.078,60 €? Pode interpretarse como unha excesiva fragmentación do sector ou como unha pluralidade desexable?
- ✓ A porcentaxe de fondos de AOD galega destinada á ED sitúana como unha política de cooperación imprescindible?

## 4. Os actores da ED: o protagonismo das ONGD

No II Plan Director da Cooperación Galegaponse de manifesto a diversidade de axentes que, dende diferentes espazos e perspectivas, traballan en ED. As ONGD teñen un papel protagonista neste ámbito de traballo, o que se evidencia especialmente cando analizamos as partidas económicas destinadas a ED dos orzamentos de AOD. No período analizado, a Xunta de Galicia canalizou os fondos dedicados a ED a través da convocatoria de subvencións ás ONGD, a excepción dos convenios anuais que mantivo co Fondo Galego de Cooperación e Solidariedade e as Universidades de A Coruña e Santiago de Compostela.

O traballo destas entidades no ámbito da educación non se entende sen ter en conta aos múltiples axentes sociais cos que traballan e colaboran na execución dos seus proxectos. Centros escolares, universidades, movementos sociais e asociacións culturais, veciñais e de mulleres, entre outros axentes do tecido social galego, veñen participando activamente nas accións de ED. Se ben, do traballo e da relación das ONGD con estes actores, darase conta no apartado que aborda o traballo en rede.

A exposición que sigue trata de presentar ás ONGD implicadas nestas actuacións tendo en conta o panorama atopado á luz da enquisa, as entrevistas e os informes de xustificación dos proxectos analizados no contexto deste diagnóstico.

Neste capítulo tratamos, polo tanto, de responder á cuestión de quen son as 20 ONGD beneficiarias das convocatorias de axudas de ED obxecto do diagnóstico. Pretendemos ver algunhas das súas características xerais e outras relacionadas co seu traballo neste ámbito. Trátase de coñecer:

- A súa implantación, presenza territorial e antigüidade en Galicia.
- A forma xurídica desde a que se estruturan.
- Os modelos de ED polos que optan.
- A súa planificación ao respecto da ED.
- Os recursos económicos que dedican á ED.
- Os recursos humanos dedicados a ED dos que dispoñen e a súa estrutura.


### 4.1. Implantación, presenza territorial e antigüidade

Cerca da metade das ONGD financiadas ao abeiro das convocatorias de ED da Xunta entre 2010 e 2012, contan cunha traxectoria de entre 15 e 20 anos de traballo en Galicia. É dicir, o perfil maioritario é o das entidades que comezaron a traballar na comunidade na década

dos 90, coincidindo co período no que se produce o nacemento e consolidación da maioría das ONGD en Galicia (cf. CGONGD, 2007: 45).

Outras cinco das entidades executoras dos proxectos financiados levan traballando en Galicia entre 10 e 15 anos. E catro xa comezaran o seu traballo na década dos 80, acumulando actualmente máis de 20 anos de traxectoria. Finalmente, tan só son dúas as organizacións beneficiarias das axudas que iniciaron o seu traballo no ámbito galego na última década (2003-2013).


Gráfico 1. Anos que leva a entidade traballando en Galicia. Números absolutos



Fonte: Elaboración propia

Respecto á localización da súa sede central, 11 das 20 entidades obxecto do estudo ten a súa sede central noutra comunidade autónoma. É polo tanto moi considerable o número de ONGD que teñen implantación estatal ou internacional e operan tamén en Galicia.

Gráfico 2. Localización da sede central das ONGD 2012. Números absolutos



Fonte: Elaboración propia



Segundo a súa distribución territorial en Galicia, a provincia de A Coruña é elixida como sede principal da maioría das ONGD, concentrando ao 14 organizacións, un 70% do total. Tres entidades teñen o seu domicilio social na provincia de Pontevedra, dúas na de Lugo e unha na de Ourense.

As grandes cidades do Eixo Atlántico galego concentran á maioría de ONGD; 16 das 20 entidades analizadas teñen a súa sede entre as cidades de A Coruña, Santiago de Compostela e Vigo. O resto están situadas noutras capitais provinciais (Lugo e Ourense) e só unha nun concello de menos de 50.000 habitantes (Culleredo).

Táboa 9. Sede central das ONGD en Galicia. Distribución por provincias e concellos. Números absolutos

Concello	Nº entidades
<b>Provincia da Coruña (14)</b>	
A Coruña	8
Culleredo	1
Santiago	5
<b>Provincia de Pontevedra (3)</b>	
Vigo	3
<b>Provincia de Lugo (2)</b>	
Lugo	2
<b>Provincia de Ourense (1)</b>	
Ourense	1
<b>Total</b>	<b>20</b>

Fonte: Elaboración propia

No entanto, estas ONGD teñen unha presenza territorial máis ampla a través doutras delegacións, sedes ou grupos locais en Galicia. Aínda que non todas as entidades teñen presenza en diferentes cidades e vilas galegas (13 contan só coa sede central), para o conxunto das 20 ONGD estudadas contabilízase un total de 41 delegacións, sedes ou grupos locais na comunidade (incluíndo a súa sede central ou delegación en Galicia).

O número de delegacións, sedes ou grupos locais cos que contan as organizacións varía. Das sete ONGD que teñen presenza permanente en Galicia nalgún espazo ademais da súa sede ou delegación central, o número de delegacións ou grupos locais varía entre 2 e 6.

Táboa 10. Número de delegacións, sedes ou grupos locais en Galicia por ONGD. Números absolutos

Nº sedes	Nº ONGD
1 sede	13
2 sedes	2
3 sedes	2
4 sedes	0
5 sedes	2
6 sedes	1
<b>Total</b>	<b>20</b>

Fonte: Elaboración propia

A preferencia polas grandes cidades marca a localización destas delegacións, sedes ou grupos locais, e seguen sendo A Coruña (10), Santiago de Compostela (8) e Vigo (7) as localidades onde se concentra o maior número. Ourense conta con 5 e Pontevedra e Lugo con 4, en ambos casos. Culleredo, Ferrol e Ribadeo son as outras tres localidades galegas onde estas ONGD teñen presenza permanente.

Táboa 11. Número de delegacións, sedes ou grupos locais das ONGD en Galicia (central e outras).  
Distribución por provincias e concellos. Números absolutos

Concello	Nº
<b>Provincia da Coruña (20)</b>	
A Coruña	10
Santiago	8
Culleredo	1
Ferrol	1
<b>Provincia de Pontevedra (11)</b>	
Vigo	7
Pontevedra	4
<b>Provincia de Ourense (5)</b>	
Ourense	5
<b>Provincia de Lugo (5)</b>	
Lugo	4
Ribadeo	1
<b>Total</b>	<b>41</b>

Fonte: Elaboración propia


## 4.2. Forma xurídica das ONGD

O estudo da fórmula xurídica das ONGD, que nos di se se estruturaron en torno á idea de asociación ou de fundación, como variable paradigmática da súa cultura organizativa é un elemento que pode axudar a comprender a súa práctica da ED<sup>11</sup>.

A maior parte das ONGD que traballan no eido da ED en Galicia son asociacións (14 das 20). A nivel estatal, considerando o conxunto das ONGD (con independencia de cales dedícanse a ED), a porcentaxe de fundacións xa superou ao de asociacións (cf. CONGDE, 2012: 9). En Galicia non se manifesta esta tendencia, xa que as asociacións son máis numerosas que as fundacións, mantendo polo tanto a forma xurídica das ONGD que viña sendo habitual no sector.

<sup>11</sup> López Rey, José A. (cf. 2007: 25 y ss.) sostén a idea de que asociacións e fundacións amosan diferentes tipos de comportamentos.

Gráfico 3. Forma xurídica das ONGD 2012. Números absolutos



Fonte: Elaboración propia

Se cruzamos a localización da sede central das entidades e a súa forma xurídica observamos que o 100% das fundacións ten a súa sede central fóra de Galicia, fronte ao 35,7% das asociacións.

Táboa 12. Forma xurídica segundo localización da sede central. Números absolutos e porcentaxes

	Sede central en Galicia	Sede central noutra comunidade autónoma	Total
Asociación	9	5	14
	64,3%	35,7%	100,0%
Fundación	0	6	6
	0,0%	100,0%	100,0%
Total	9	11	20
	45,0%	55,0%	100,0%

Fonte: Elaboración propia

Ao cruzar o número de anos que levan traballando en Galicia coa forma xurídica das entidades, non observamos diferenzas significativas, a antigüidade tanto das asociacións como das fundacións sitúase de forma similar nos máis de 10 anos traballando na comunidade galega.

Táboa 13. Forma xurídica segundo anos traballando en Galicia. Números absolutos e porcentaxes

	Entre 0 e 5 anos	Entre 5 e 10 anos	Entre 10 e 15 anos	Entre 15 e 20 anos	Máis de 20 anos	Total
Asociación	1	1	3	7	2	14
	7,1%	7,1%	21,4%	50,0%	14,3%	100,0%
Fundación	0	0	2	2	2	6
	0,0%	0,0%	33,3%	33,3%	33,3%	100,0%
Total	1	1	5	9	4	20
	5,0%	5,0%	25,0%	45,0%	20,0%	100,0%

Fonte: Elaboración propia

### 4.3. Os modelos de ED

Máis das tres cuartas partes das ONGD que executaron proxectos de ED financiados pola Xunta en 2010, 2011 e 2012, é dicir, a grande maioría delas, teñen un ideario, modelo/política ou estratexia de ED por escrito. Só 4 das 20 entidades declaran non telo.

Ante a cuestión de que entende a entidade por ED, os conceptos ou ideas que máis se repiten nas definicións son:

- Crítica, presente na metade das definicións: conciencia crítica e cidadanía crítica son as ideas máis habituais.
- Proceso, concepto ao que fan referencia case a metade das definicións: ben sexa como proceso educativo, socio- educativo ou de formación integral. Fronte á idea de proceso, hai outras definicións que falan dun conxunto de accións.

Outros aspectos recorrentes nas definicións son os ámbitos nos que a ED traballa (formal, non formal e informal) e os seus contidos (coñecementos, actitudes e valores).

No plano teórico, percíbense diferenzas no grado en que as distintas ONGD asumen os postulados de máis recente elaboración no ámbito da ED. Varias delas empregan a definición da Coordinadora estatal de ONGD, que conta co consenso do sector tanto a nivel estatal como galego, xa que a propia Comisión de ED da Coordinadora Galega de ONGD avogou por esta mesma definición, tal e como sinala unha das entidades consultadas na enquisa. O enfoque adoptado nesta definición corresponde á quinta xeración da ED, pois está orientada cara a cidadanía global, asumindo explicitamente o obxectivo de *"construír unha sociedade civil, tanto no Norte como no Sur, comprometida coa solidariedade, entendida esta como corresponsabilidade; e participativa"*.

Os principios da ED de quinta xeración están asumidos na metade das definicións institucionais de ED que aportan as organizacións. Nalgunhas definicións tamén se presentan elementos propios da cuarta xeración, como a inclusión das desigualdades de xénero.

O resto de definicións, gardan relación, principalmente, cos enfoques da segunda e a terceira xeración. Isto ponse de manifesto, por exemplo, ao centrar a ED na sensibilización da cidadanía do Norte sobre a situación das poboacións do Sur: *"accións encamiñadas a dar a coñecer a realidade dos países do Sur, potenciando as vías de colaboración entre os axentes dos países do Sur e a nosa sociedade"*.

Unha característica da ED crítica e solidaria (terceira xeración) presente nas definicións é a atribución de responsabilidades dos países do Norte na situación dos países do Sur: *"cremos que para conseguir un mundo máis xusto e solidario é primordial cambiar primeiro a mentalidade das persoas que vivimos nos países máis ricos"*. Outra, é a formación de actitudes e valores para espertar a conciencia político- social, o compromiso e a accións transformadora.


Algunhas entidades definen a ED referíndose exclusivamente a algún dos seus ámbitos, sobre todo, sensibilización e formación (non nomeando a mobilización ou a investigación). Outras, céntranse nun sector concreto de intervención no que están especializadas: saúde, comercio xusto, igualdade de xénero ou codesenvolvemento.

Unha minoría de organizacións non teñen nin empregan unha definición específica a nivel institucional de ED. Nalgún caso, o epígrafe ED abarcaría varias das liñas de traballo da organización (como a Educación para a cidadanía global, a mobilización social e as campañas), pero non se refiren a elas especificamente empregando o termo de ED. Noutros casos, en lugar dunha definición, aportan reflexións en torno ao tema que se recollen nos seus documentos de traballo.

En xeral, o conxunto das definicións, xunto á dimensión educativa, poñen de relevancia a dimensión política e de transformación social da ED. Nalgunha definición recóllese de xeito moi explícito: *“é un proceso educativo e unha tarefa política, xa que busca cambios estruturais a nivel local e global”*.

Os modelos de ED aos que fan referencia as organizacións concrépanse nas catro dimensións da ED. O traballo que din facer as ONGD de acordo a estas dimensións ou áreas de traballo, establécese segundo os datos que presentamos a continuación:

Gráfico 4. Liñas de traballo na que se concreta o modelo de ED da entidade. Número de ONGD



Fonte: Elaboración propia

Como se pode comprobar, os ámbitos sinalados como os máis desenvolvidos nas ONGD son a sensibilización e a formación (en ambos casos, din traballar esa dimensión todas as ONGD consultadas a excepción dunha). En menor medida está representada a mobilización social. A investigación é, con diferenza, o ámbito menos traballado. Oito das organizacións dedícanse a tres dos ámbitos da ED (en todos os casos son sensibilización, formación e mobilización social). Outras oito traballan en dous deles (que habitualmente son sensibilización e formación), mentres que tan só catro organizacións din traballar nos catro ámbitos da ED.

Estas dimensións da ED adoitan ter un tratamento diferenciado nas planificacións estratéxicas das entidades, aínda que *“todas elas están conectadas entre si, e poderíase dicir que forman un conxunto”*. Non son polo tanto dimensións illadas:

*“Cada unha dasas “dimensións” ten un modelo de actuación, aínda que todas son complementarias e se traballan baixo o mesmo enfoque de dereitos, que é a base do traballo da organización”*.

Nun caso sinalan que contan ademais cunha previsión orzamentaria e financeira específica para cada dimensión e noutro, con persoas responsables de cada unha das dimensións nas que a organización traballa.

Hai organizacións que diferencian estas dimensións en función de se se atopan nunha fase de consolidación, desenvolvemento ou impulso. Incluso dáse o caso de prever como se traballaría algunha liña ata o momento non desenvolta:

*“No referente á Investigación para o Desenvolvemento, o Plan Estratéxico non inclúe unha liña de traballo aberta nos vindeiros anos, pero si establece como, en caso de que se abra, se debería traballar esa dimensión”*.

Ao analizar os obxectivos que establecen as entidades ao realizar as accións de ED nas súas planificacións estratéxicas, tamén se observa a existencia de obxectivos específicos relativos ás distintas dimensións. Aínda que a lóxica de definición dos obxectivos diverxe moito entre as entidades, polo que non consideramos procedente categorizar as respostas, obsérvase novamente unha maior presenza de obxectivos relacionados cas dimensións de sensibilización e formación. En menor medida, establecen obxectivos vinculados á incidencia política e mobilización social. Só dúas organizacións mencionan entre os seus obxectivos a investigación para o desenvolvemento.

Chama a atención que tan só dúas entidades inclúan expresamente algún obxectivo especificamente orientado á visión Sur, e cinco entidades, algún obxectivo vinculado ao traballo en rede, que son dúas das cuestións que caracterizan a unha ED de quinta xeración.

Se durante anos, a Cooperación e a ED facían un traballo paralelo, na actualidade o 100% das organizacións participantes afirma que a ED e a Cooperación fan un traballo complementario, aínda que con matices. Ao sinalar os motivos desta resposta,ponse de manifesto como para algunhas entidades a ED segue estando ao servizo da Cooperación exterior:

*“É importante concienciar e formar á sociedade sobre as vantaxes da cooperación internacional e o desenvolvemento sostible para loitar contra á pobreza. Con elo logramos unha sociedade máis comprometida e obxectiva cara aos valores da Cooperación Exterior”*.

Outras, identifican a relación entre Cooperación e ED exclusivamente nas accións de sensibilización incluídas nos proxectos de Cooperación:

*“Nos proxectos de cooperación da entidade dáse unha transversalización das accións de sensibilización e educación para o desenvolvemento a través da inclusión nas accións de cooperación de accións de sensibilización relacionadas coas primeiras”.*

Porén, hai organizacións que poñen de manifesto que no seu traballo de ED e de Cooperación, comparten estratexias:

*“Para a nosa entidade, a educación como ferramenta de transformación é a súa estratexia de cooperación cando dirixe a súa acción a traballar coas organizacións do Sur, e a súa estratexia mobilizadora cando o fai cos axentes da nosa sociedade. Son as distintas realidades obxectivas das diferentes sociedades e as súas propias poboacións, as que ditan ou suxiren o tipo de accións que deben desenvolverse”.*

*“Os proxectos de desenvolvemento han de ir acompañados dun labor de sensibilización en España. De pouco serve realizar e apoiar economicamente proxectos de cooperación se non existe un cambio de actitude cara ás causas que provocan a necesidade de realizar eses mesmos proxectos. Frecuentemente criticouse ás ONGD precisamente por simplemente atallar e paliar os terribles efectos das grandes inxustizas globais, é dicir, de ser un elemento máis deste sistema inxusto mundial. Por iso é necesario que xunto a estas iniciativas traballemos no Norte polo cambio global”.*

Outras sinalan que máis que complementarias, a ED e a Cooperación son intrínsecas, polo que non se entenden unha sen a outra:

*“Non bastan os proxectos sobre o terreo para acabar coas desigualdades, nin son os coñecementos técnicos das entidades do Norte suficientes nin axeitados para sacar a outros do ‘subdesenvolvemento’. Cooperar é o porvir, sempre e cando se apoie nas bases da ED, tanto ou máis que nas accións sobre o terreo, das que en moitas ocasións, senón todas, habería que incluír accións de ED para os traballos de relación, formación e fortalecemento do tecido social de cooperantes e de quen participa como beneficiario/a das accións de cooperación. Entendemos a ED como un proceso a medio e longo prazo que posibilita a posta en marcha de estratexias de actuación con respecto da realidade global por parte das persoas ou grupos que participan nela. Unha particularidade que a caracteriza é que inflúe sobre catro dimensións diferentes: persoal, local, nacional e internacional”.*

*“A loita contra a pobreza non se libra só no terreo onde esta maniféstase. É necesario involucrar ás sociedades, tanto do Sur como do Norte, co fin de esixir aos gobernos, empresas e organismos multilaterais o seu compromiso no cumprimento dos Dereitos Humanos e na aplicación de políticas que promovan procesos de desenvolvemento que permitan reverter a pobreza”.*

Tamén hai organizacións que chegan a cuestionar o traballo de Cooperación:


*“Os proxectos de cooperación no Sur simplemente atenden a unha problemática concreta nun momento determinado. Son a expresión, ou a canalización da solidariedade da poboación civil. Os proxectos de cooperación son “parches”, mais, para verdadeiramente erradicar a pobreza é necesario acabar coas estruturas Norte- Sur e de xénero que son opresoras, inxustas e que non fan máis que incrementar a fenda das desigualdades. A concienciación da cidadanía do Norte resulta clave, xa que son os gobernos, a sociedade e as empresas dos países máis ricos os que continúan a perpetuar as relacións desiguais que conducen ao empobrecemento dos países do Sur”.*

Entre as organizacións participantes, a ED (8,2 sobre 10) está lixeiramente mellor valorada que a Cooperación (8 sobre 10). En concreto, no interior das organizacións valóranse cun 8,2 sobre 10 as intervencións de ED que levan a cabo e cun 8,4 sobre 10 as persoas que fan ED.

#### 4.4. A planificación da ED

17 das 20 entidades sinalan que a súa organización dispón dun Plan estratéxico de ED ou ben, un da organización con referencia explícita á ED.

Gráfico 5. O Plan estratéxico de ED




Fonte: Elaboración propia

Respecto á estratexia territorial específica para Galicia nos plan estratéxicos das organizacións, algo máis da metade, declaran que o seu plan é específico para Galicia (11 ONGD, entre as que se inclúen tres entidades de ámbito estatal que teñen o seu domicilio social fóra de Galicia e todas as entidades que teñen o seu domicilio social en Galicia, agás unha, que está federada a nivel estatal e se rexe pola planificación da federación).



Outras tres indican que o seu plan é xenérico a nivel estatal pero incorpora elementos específicos para Galicia. As seis restantes, indican que o plan é xenérico a nivel estatal, sen incluír ningunha estratexia territorial para Galicia.

Gráfico 6. Estratexia territorial para Galicia nos Plan estratéxicos



Fonte: Elaboración propia

As organizacións consultadas destacan, en xeral, que estes Plans foron elaborados de forma participativa. Maioritariamente este traballo enténdese como un proceso de construción colectiva, non como unha actividade puntual. A aposta por involucrar na elaboración do Plan ás persoas que conforman a entidade e ás organizacións coas que traballan (principalmente voluntariado, socias e socios, activistas, persoal contratado, comunidades do Sur, socias locais, organizacións colaboradoras) é recorrente. Para determinadas organizacións a participación é a prioridade. Neste sentido, mencionan que é algo laborioso e que require moito tempo:

*“En todo momento, ás veces incluso renunciando a certa ortodoxia metodolóxica, respectouse este valor participativo e democrático que orienta o quefacer da organización, xa que este pretende ser un documento de referencia real da organización”.*

Hai organizacións que sinalan que o Plan constrúese de abaixo arriba:

*“Confórmanse comisións de traballo a diferentes niveis formadas estas por persoas voluntarias e contratadas da entidade, independentemente do seu nivel e ocupación. Tras un proceso longo e participativo, o padroado da Fundación aproba o Plan”.*

Noutros casos, é o persoal contratado quen elabora unha proposta de Plan que logo se nutre doutras voces da organización:

*“O plan é elaborado inicialmente mediante un DAFO co persoal técnico da entidade, cuxo borrador é transmitido tanto á Xunta Directiva como á base social e voluntariado para enriquecelo coas aportes oportunos, así como dalgúns colaboradores nos países do Sur”.*


Tres entidades sinalan que para elaborar o Plan contrataron unha asistencia técnica externa; outra elaborouno no marco dun programa de profesionalización e fortalecemento do Terceiro Sector en Galicia promovido pola obra social dunha caixa de aforros e unha, contou co apoio dun técnico de cooperación que realizou prácticas universitarias na entidade.

A aprobación do Plan correspóndelle ao órgano de decisión das entidades; padroado e consello de dirección no caso das fundacións e asemblea xeral, ou ben, xunta directiva nas asociacións.

#### 4.5. Os recursos económicos

Con respecto á previsión do orzamento destinado a ED nas organizacións, 11 das 20 ONGD consultadas, algo máis da metade, inclúen nos seus orzamentos anuais a dotación orzamentaria que van destinar a esta actividade.

Gráfico 7. Previsión de dotación orzamentaria para ED dentro dos orzamentos anuais da entidade



Fonte: Elaboración propia

En canto aos datos relativos aos recursos económicos é preciso sinalar que só dispoñemos de datos completos das tres anualidades analizadas (2010, 2011 e 2012) de 13 entidades. De forma global, o seu orzamento total en Galicia é de 7.386.988 € (sendo 568.230 € a media trienal por organización), dos cales o orzamento para a área de ED é de 1.496.392 € (con 115.107 € de media trienal). Se comparamos a partida orzamentaria de ED con respecto ao total do financiamento das entidades observamos que dúas de cada dez partes do total é orzamento de ED. Deste modo, de cada 10 € da organización destínanse 2 € a ED.

Táboa 14. Orzamento de ED das entidades en Galicia respecto ao total para o trienio

	Total trienio	Total área ED
Orzamento total	7.386.988 €	1.496.392 €
% do total	100%	20,3%
Orzamento ED de media	568.230 €	115.107 €
% da media	100%	23%

Fonte: Elaboración propia

Se observamos o orzamento total e o orzamento dedicado a ED das entidades por anualidades, podemos visualizar a evolución orzamentaria que se pon de manifesto no transcurso do período:

Táboa 15. Orzamento de ED das entidades en Galicia respecto ao total por anualidades

	Orzamento total	Evolución respecto ao ano anterior (%)	Orzamento área de ED	Evolución respecto ao ano anterior (%)	% área de ED respecto ao total	Evolución respecto ao ano anterior (%)
2010	2.854.397		454.628		15,9%	
2011	2.585.999	-9,4	578.864	27,3	22,4%	6,5%
2012	1.946.592	-24,7	462.900	-20,0	23,8%	1,4%
<b>Total trienio</b>	<b>7.386.988</b>		<b>1.496.392</b>		<b>20,3%</b>	

Fonte: Elaboración propia

Ao longo do trienio pódese observar unha tendencia decrecente no volume de recursos económicos totais xestionados polas ONGD. Se ben, o orzamento relativo destinado á ED incrementou ano a ano para o conxunto das entidades (nun 6,5% en 2011 e nun 1,4% en 2012).

Se temos en conta o orzamento das organizacións destinado a ED, podemos establecer distintos grupos segundo os cales distribuír ás ONGD, tal como destacamos na seguinte táboa:

Táboa 16. Orzamento dedicado a ED polas ONGD en Galicia. Números absolutos e porcentaxes

	2010		2011		2012		Total trienio	
Entre 0 e 10.000 €	3	23,1%	3	23,1%	3	23,1%	1	7,7%
Entre 10.000 e 25.000 €	5	38,5%	2	15,4%	3	23,1%	0	0,0%
Entre 25.000 e 50.000 €	1	7,7%	3	23,1%	4	30,8%	4	30,8%
Máis de 50.000 €	4	30,8%	5	38,5%	3	23,1%	8	61,5%

Fonte: Elaboración propia

Con respecto ao orzamento relativo destinado á ED nas organizacións, estableceuse unha serie de grupos ou niveis orzamentarios, segundo detallamos na próxima táboa:

Táboa 17. Porcentaxe do orzamento dedicado a ED polas ONGD en Galicia. Números absolutos e porcentaxes

	2010		2011		2012		Total trienio	
Entre 0% e 10%	5	38,5%	3	23,1%	4	30,8%	5	38,5%
Entre 10% e 20%	3	23,1%	4	30,8%	1	7,7%	1	7,7%
Entre 20% e 50%	4	30,8%	0	0,0%	1	7,7%	3	23,1%
Máis do 50%	1	7,7%	6	46,2%	7	53,8%	4	30,8%

Fonte: Elaboración propia

Como podemos observar en relación ao orzamento relativo destinado á ED para o global do trienio, cinco das organizacións destinaron ata o 10% do seu orzamento a ED; unha destinou entre o 10 e o 20%; tres destinaron entre o 20 e o 50% e o resto, 4 organizacións, destinaron máis do 50% do seu orzamento a ED.

Finalmente, cabe sinalar que ao observar os datos de cada organización individualmente, para un gran número de ONGD varía moito o volume de fondos que destinaron a ED por anualidade (tanto en números relativos como absolutos). Só cinco ONGD variaron en menos dun 20% a cantidade que destinaron a ED nos tres anos analizados. No extremo oposto, hai organizacións que pasaron de dedicar a ED un 5,8% do seu orzamento en 2010, un 4,5% en 2011 a un 100% en 2012. Así, os recursos que dedican a ED as ONGD en Galicia caracterízanse pola inestabilidade orzamentaria.

Sobre a procedencia dos fondos temos que destacar que dos datos obtidos case tres cuartas partes dos fondos son de financiamento público. A este respecto as respostas son bastante diversas: dende ONGD que contan cun 100% de financiamento público a organizacións que contan, de media entre as tres anualidades, cun 70% de financiamento privado. Porén, a pesar desas diferenzas, queda patente que son os fondos públicos os que nutren o orzamento anual da maior parte das entidades. Isto supón, inevitablemente, unha debilidade importante, pois a súa capacidade de execución de intervencións de ED queda pendente, case en exclusivamente, da aposta governamental por esta política pública.

Táboa 18. Procedencia dos fondos das ONGD destinados a ED en Galicia

	% de financiamento público	% de financiamento privado
2010	70,5%	29,5%
2011	78,7%	21,2%
2012	74,5%	25,5%
Total trienio	74,6%	25,4%

Fonte: Elaboración propia

Ao observar as distintas respostas podemos establecer, segundo a porcentaxe de financiamento público, algúns grupos, tal e como se recolle a continuación.

Táboa 19. Tipo de financiamento da ED nas ONGD en Galicia

Porcentaxe de financiamento público	Número de ONGD	% de ONGD
Entre 30% e 50%	3	23,1%
Entre 50% e 85%	4	30,8%
Entre 85% e 100%	5	38,5%
100%	1	7,7%

Fonte: Elaboración propia

Tres ONGD, case a cuarta parte, reciben entre un 30% e un 50% dos fondos de administracións públicas. Outras catro xestionan máis do 50% e menos do 85% dos fondos de entidades públicas. O bloque de ONGD máis numeroso é no que a porcentaxe de financiamento público representa máis do 85% do orzamento que dedican a ED; cinco das ONGD analizadas sitúanse neste grupo, o cal reforza a idea da forte dependencia financeira do sector público existente no sector.

#### 4.6. Os recursos humanos


No tocante á organización interna do sector, 14 das entidades enquisadas responden positivamente á consulta sobre se dispoñen dunha área específica de ED dentro do seu organigrama. Varias ONGD sinalan que a creación de dita área data do momento en que iniciaron a súa actividade. Oito organizacións sinalan en que ano se creou dita área: tres delas a mediados da década dos noventa e as outras cinco, entre o 2003 e o 2008.

As seis organizacións que non contan cunha área de ED, indican que a ED se atopa integrada noutras áreas da organización como son a de cooperación ou a de sensibilización.

Cando analizamos as características do persoal técnico que impulsa e planifica as tarefas relacionadas coa ED, observamos que 18 das 20 entidades contan con persoal contratado/remunerado. Entre elas, 14 contan cunha persoa contratada e 4 as restantes, con dúas, ascendendo a un total de 22 persoas contratadas. Se ben, algunhas organizacións sinalan que este persoal non se dedica en exclusividade a ED e outras, que este persoal non traballa a xornada completa.

En canto ao perfil dos recursos humanos contratados, 16 son mulleres (case as tres cuartas partes) e 6 son homes; un dato que non sorprende ao estar falando dun sector moi feminizado.


Gráfico 8. RRHH contratados que realizan tarefas relacionadas coa ED nas ONGD en Galicia desagregados por sexo



Fonte: Elaboración propia

Se nos centramos na situación do persoal contratado encontramos que 12 dos 22 contratos, máis da metade, son indefinidos. Ao analizar o tipo de contrato (temporal ou indefinido) de homes e de mulleres, atopamos que 9 dun total de 16 mulleres teñen contrato temporal, mentres que todos os homes teñen contrato indefinido; a proporción de traballadores con contrato indefinido é notablemente superior ao de traballadoras con ese tipo de contrato, o cal pon de manifesto a existencia dunha desigualdade de xénero no ámbito laboral.

Gráfico 9. Tipo de contrato dos RRHH que realizan tarefas relacionadas coa ED nas ONGD en Galicia por sexo



Fonte: Elaboración propia

Ademais do persoal contratado, a grande maioría das ONGD conta cun equipo de persoal voluntario que non só lles proporciona apoio en diversas actividades de ED, senón que é esencial na súa razón de ser como entidades que canalizan a participación da sociedade civil na misión de loita contra a pobreza. Cabe sinalar que nas ONGD os órganos de goberno están integrados por persoas que, de forma tamén voluntaria e non remunerada, desenvolven labores de dirección estratéxica e representación institucional.

Algunhas entidades identifícanse como organizacións DE voluntariado, polo que este representa o seu núcleo e motor: *“As persoas activistas e socias da organización están en tódolos ámbitos da organización, xa que elas son a organización”*; *“Somos unha asociación de persoas voluntarias, polo que o voluntariado desempeña todas as funcións precisas para o funcionamento da entidade”*. A pesar disto, ante a pregunta de que funcións que desempeñan as persoas voluntarias da entidade, son minoritarias as respostas que sinalan funcións relacionadas coa toma de decisións na organización.

O número total de persoas voluntarias no conxunto das 18 ONGD que aportan este dato, ascendeu de media anual a 1.442 persoas (o 61,8% foron mulleres)<sup>12</sup>. O número de persoas voluntarias por entidade varía moito dunhas ONGD a outras.

Táboa 20. Número de persoas voluntarias por ONGD. Porcentaxe de ONGD

Nº de persoas voluntarias	Nº de ONGD
Menos de 10	7
Entre 10 e 50	5
Entre 50 e 100	3
Máis de 100	3

Fonte: Elaboración propia


<sup>12</sup> Incluindo tanto ao voluntariado puntual como a aquel que ten un carácter máis estable.

Sete das 18 ONGD contan con menos de 10 persoas voluntarias (de media anual). En outras cinco organizacións, o número de persoas voluntarias está por riba de 10 e por debaixo de 50. As ONGD que contan con, entre 50 e 100 persoas voluntarias ou ben, máis de 100, son tres en ambos casos.

Ao igual que nos equipos laborais, as persoas voluntarias son maioritariamente mulleres. A procedencia da área urbana, a formación media ou superior, caracterizan o perfil máis habitual entre o voluntariado das ONGD. Destaca unha alta presenza de profesionais vinculados aos ámbitos das humanidades (ensino, pedagogía, educación social, psicoloxía, etc.). Dúas organizacións tamén sinalan entre o seu voluntariado o colectivo de profesionais en paro. Respecto da idade, a información ofrecida polas ONGD debuxa un abanico moi amplo no que destaca principalmente o grupo do alumnado universitario (18 a 25 anos), se ben, varias organizacións sinalan franxas de idade entre os 25 e os 60 anos e outras destacan especialmente ao grupo das persoas xubiladas ou pre- xubiladas.

Xunto co voluntariado, as persoas socias son outro dos principais colectivos da base social das ONGD. En canto á participación das mesmas nas actividades de ED que contemplan as organizacións, esta é moi variada e significativa, tal e como se ilustra na seguinte táboa que recolle como participan nas accións de ED as persoas socias da organización.

Gráfico 10. Formas de participación das persoas socias nas accións de ED sinaladas polas ONGD.  
Número de ONGD




Fonte: Elaboración propia

Tendo en conta ao voluntariado e ao persoal laboral, seis organizacións considera que dispoñen do persoal suficiente para levar a cabo o traballo de ED que realizan. As organizacións que contestan que non dispoñen de persoal suficiente destacan, como motivo máis importante, que non hai fondos suficientes por parte das institucións públicas para o persoal das organizacións que fan ED (motivo sinalado por 10 organizacións).

A formación en ED ao interior das organizacións é algo que interesa ás organizacións. 16 delas fan formación específica neste tema, ben sexa de forma puntual ou ao abeiro dun plan de formación específico.

Gráfico 11. A formación interna en ED das ONGD



Fonte: Elaboración propia

Ademais da formación interna, 13 das entidades financian accións de formación relacionadas coa ED aos seus públicos internos organizadas por entidades externas (por outras entidades, administracións públicas, universidades, etc.). Neste sentido, as organizacións sinalan que os públicos aos que financian estas formacións son en maior medida o persoal contratado e o voluntariado. En menor medida sinalan tamén aos órganos directivos e das persoas socias.

Os criterios e procedementos establecidos polas ONGD para realizar estas formacións externas, son moi diferentes entre si. Primeiro, o grado de definición dos mesmos nas respostas é desigual, pois algunhas ONGD os detallan con precisión e outras só se refiren a un aspecto vagamente (por exemplo, sinalar o tipo de gastos que son financiáveis: "*matrícula, desprazamento, estancia*" ou "*ao voluntariado se lle financian todos o s gastos nos que poda incorrer*"). Un criterio habitual para que a entidade financie a formación é que a persoa se comprometa a compartir a aprendizaxe adquirida. Algunhas entidades teñen definidos importes máximos de financiamento destas formacións (porcentaxe sobre o total do curso ata un máximo determinado por curso e por persoa/ano). Outras requiren de aprobación previa do órgano directivo que decide en función da xustificación ao respecto da formación: "*envíase interese sobre formación determinada, argumentando a necesidade da súa realización, e a dirección responde en caso afirmativo ou negativo*". Tamén se observan fórmulas flexibles: "*Depende de cada caso. En diálogo co departamento de formación e voluntariado da entidade, ás veces retribúense gastos de matrícula, desprazamento... Outras veces, ofrécese o tempo ao persoal contratado, por exemplo, pero non se paga, etc.*". Destaca especialmente o grado de precisión dunha das organizacións consultadas a este respecto no relativo á formación do persoal contratado:



*“Tódolos traballadores da entidade teñen dereito a 10 días de formación ao longo do ano [...]. Se a formación viñese proposta polo traballador, a entidade a financiará o custo da mesma (a matrícula ou inscrición), mentres que o traballador correrá a cargo de calquera outro gasto adicional de desprazamento, manutención e/ou aloxamento asociados a aquela. Se a formación viñese proposta desde a Xunta Directiva, a entidade financiará, tanto o custo da mesma (a matrícula ou inscrición) como calquera outro gasto adicional de desprazamento, manutención e/ou aloxamento asociados a ela. As horas de formación que se reciban fóra da xornada de traballo, serán consideradas horas extraordinarias, e polo tanto, con dereito a ser gozadas a posteriori como tempo de lecer. No caso particular de que exista a posibilidade de aproveitar a formación xestionada a través da Fundación Tripartita (formación subvencionada ao 100%), terán prioridade á hora de beneficiarse dela quen non a gozaran anos anteriores”.*

### ALGUNHAS IDEAS FORZA

Non podemos establecer un único perfil das ONGD que se dedican a Educación para o Desenvolvemento en Galicia, se ben...

- estas entidades concéntranse sobre todo nas cidades do Eixo Atlántico galego: A Coruña, Santiago de Compostela e Vigo
- teñen traxectorias consolidadas, pois maioritariamente levan traballando en Galicia máis de unha década
- a maior parte das ONGD que executan proxectos de ED financiados pola Xunta de Galicia son asociacións
- o 80% das ONGD analizadas contan cun ideario, modelo, política ou estratexia de ED por escrito
- no discurso teórico e estratéxico, a metade das entidades sitúanse nunha ED de cuarta ou quinta xeración
- o 95% delas sinala que traballan nos ámbitos de sensibilización e formación; o 70% no de mobilización e incidencia política e un 20% no de investigación
- só 2 ONGD teñen planificacións específicas en ED; o máis habitual é que exista unha planificación estratéxica xeral, na que se alude á ED
- os recursos que dedican á ED son moi oscilantes, aínda que máis da metade das ONGD destinan por riba do 10% do seu orzamento a ED
- o financiamento desta área depende maioritariamente de subvencións públicas
- a base social está moi presente no traballo de ED das organizacións, existindo casos nos que é quen xestiona e coordina a totalidade da área
- a maioría dos recursos humanos das ONGD na área de ED son mulleres, tanto entre o persoal contratado coma no voluntariado; elas acceden a peores contratos que os dos homes.
- as organizacións consideran insuficientes os recursos humanos cos que contan
- a metade das entidades conta cun itinerario formativo en ED para os seus públicos internos e a maioría contempla financiarlles formación organizada por outras entidades

**Para reflexionar:**

- ✓ A que se debe que en Galicia exista unha composición do modelo de organización diferente ao conxunto do Estado? (Máis asociacións que fundacións)
- ✓ Que estratexias comparten a Cooperación e a ED no seo das ONGD galegas? Existe unha reflexión sobre isto a nivel sector?
- ✓ Como é posible que nun sector tan comprometido coa igualdade de xénero exista unha diferenza tan negativa entre a calidade dos contratos das mulleres fronte ao dos homes?
- ✓ Non é unha debilidade do sector obter fondos exclusivamente dun tipo de entidade financeira (Administración Pública)?

## 5. A ED no territorio

A maior dificultade á hora de comezar a análise dos espazos xeográficos onde as ONGD galegas impulsan os seus procesos educativos, consistiu na falla de datos globais que relacionen ás accións educativas cos seus lugares de execución. Por iso, fíxose necesaria a elaboración de material de análise propio para poder extraer conclusións concretas sobre a presenza territorial da ED na nosa comunidade. Como primeiro paso neste proceso, elaborouse unha táboa de accións de Educación para o Desenvolvemento creada a partir das xustificacións intermedias e finais dispoñibles de todos os proxectos que se atopan dentro do marco temporal e temático do presente traballo.

Táboa 21. Relación de actividades analizadas no presente diagnóstico recompiladas por proxecto e ano

Ano	Nº proxectos aprobados	Nº proxectos analizados	Nº actividades incluídas
2010	13	13	473
2011	15	15	418
2012	15	14	161
<b>Total</b>	<b>43</b>	<b>42</b>	<b>1052</b>

Fonte: Elaboración propia

Cada proxecto analizado desagregouse nas diferentes accións que o conformaron atendendo aos criterios mencionados no apartado de metodoloxía (ver apartado 2.3. p. 20-21). A táboa de análise elaborouse desde unha perspectiva territorial, polo que unha mesma actividade impulsada en diferentes municipios contabilizouse tantas veces coma municipios nos que se realizou.


Durante os anos 2010, 2011 e 2012; 21 ONGD galegas executaron un total de 43 proxectos subvencionados pola DXRREE e coa UE cuxo monto económico ascendeu a 1.151.078,60€. Ditas accións impulsadas polos axentes de cooperación chegaron a un **total de 147 municipios galegos**

O presente apartado pretende analizar o comportamento das ONGD galegas atendendo á súa estratexia territorial, tanto a nivel sector (establecendo unha lectura global do traballo realizado en conxunto) como a nivel interno (atendendo ás estratexias territoriais propias dos distintos axentes).

## 5.1. As ONGD e a súa planificación territorial

Dentro das opcións de planificación estratéxica existentes, o criterio xeográfico está moi presente dentro das ONGD galegas posto que o 75% das entidades analizadas aseguran ter definidos previamente os territorios nos que realizan as súas intervencións. Das 5 entidades que non planifican xeograficamente a súa actividade, hai unha que non o fai porque actúa a través de demandas específicas dos grupos de poboación cos que traballa. Porén, este tamén é un criterio de grande relevancia para as entidades cunha planificación previa establecida.

Gráfico 12. Criterios que rexen as planificacións xeográficas das ONGD galegas. Número de ONGD



Fonte: Elaboración propia


Se ben a experiencia previa nos espazos xeográficos é o criterio máis recorrente, é salientable a importancia que teñen aspectos vinculados ás características dos públicos destinatarios (ben por ter demandado unha acción ou proxecto, ben por ser público prioritario para a entidade) á hora de realizar a planificación das intervencións. A análise de actores cos que crear sinerxías tamén semella ser un punto moi tido en conta nas estratexias das ONGD galegas. Por outra banda, dúas das entidades analizadas organizan o seu traballo atendendo a outros aspectos, como son a división territorial eclesiástica (diocese e parroquia) ou o criterio comarcal.

Á hora de responder sobre o número de anos nos que unha entidade adoita traballar no mesmo territorio, as porcentaxes invértense, pois é precisamente o 75% das organizacións analizadas as que non posúen unha planificación temporal combinada coa súa estratexia xeográfica.

No tocante á concentración das actuacións en función da densidade poboacional dos espazos xeográficos, as estratexias dos axentes do sector fan unha clara aposta polos núcleos urbanos galegos xa que só as cinco cidades máis grandes de Galicia concentran, como mínimo, as

intervencións que adoitan levar a cabo oito ONGD. Porén, 12 das organizacións enquisadas decántanse polo traballo en espazos mixtos, que combinan o mundo urbano e o rural tan característico do noso territorio. Como acontece con outros sectores da intervención pública, a Educación para o Desenvolvemento non é maioritaria nos pequenos núcleos poboacionais galegos, pois só tres das entidades analizadas afirman concentrar parte da súa actividade no ámbito rural da nosa comunidade (pero sempre combinado co seu traballo nas grandes urbes).

Gráfico 13. Ámbitos de actuación das ONGD galegas



Fonte: Elaboración propia

## 5.2. O traballo das ONGD nos municipios

As estratexias internas das entidades, moi coincidentes entre elas, tamén concordan co panorama xeral de intervención no territorio. A grande maioría das accións de ED concéntranse nuns poucos núcleos xeográficos caracterizados pola súa alta concentración de habitantes. Porén, nesta análise é posible detectar certas excepcións de interese en pequenas vilas galegas que aglutinan un número de intervencións moito maior que outros espazos cun maior número de habitantes.

Como se pode comprobar na seguinte táboa, as actuacións impulsadas polas ONGD galegas desenvolvéronse, nos tres anos que abarca o presente estudo, nun total de 147 concellos que representan o 46,7% dos municipios de Galicia. O número de actividades que se levan a cabo nun mesmo concello é, en liñas xerais, inferior a cinco accións, pois son 122 os concellos que, ao longo de tres anos, acolleron entre unha e cinco intervencións de ED. Este dato contrasta co recollido na última fila da táboa na que se mostra como dous municipios concentran máis de 100 actividades de Educación para o Desenvolvemento.

Táboa 22. Número de actividades executadas en relación co número de concellos nos que se interveu.

Nº de actividades realizadas nos tres anos	Nº de concellos	Porcentaxe sobre o total
0	168	53,3%
Entre 1 e 5	122	38,7%
Entre 6 e 14	15	4,8%
Entre 15 e 40	7	2,2%
Entre 41 e 100	1	0,3%
Máis de 100	2	0,6%
<b>Total de concellos</b>	<b>315</b>	<b>100,0%</b>

Fonte: Elaboración propia

Se desagregamos a táboa indicando o nome das vilas ou cidades que acolleron entre 14 e 186 intervencións, veremos que son os sete grandes núcleos urbanos galegos os que concentran o maior número de actividades. Porén, esa distribución non é igualitaria entre eles, pois son precisamente Coruña e Santiago esas dúas cidades que, como viamos na táboa anterior, aglutinan a maior cifra de accións e de entidades impulsoras das mesmas. Por outra banda, resulta evidente que a zona do Eixo Atlántico é a que concentra unha maior porcentaxe de intervencións, posto que os proxectos impulsados en Coruña, Santiago, Vigo, Pontevedra, Ferrol e Vilagarcía de Arousa representan o 51,7% do total das actividades aquí desagregadas.

Táboa 23. Relación das cidades e vilas co número de actividades realizadas nas mesmas e o número de entidades que impulsaron ditas actuacións

Municipio	Nº de habitantes	Nº de actividades realizadas	% de actividades realizadas sobre o total	Nº de entidades que realizaron as actividades
Coruña, A	246.146	186	18,7%	15
Santiago de Compostela	95.671	152	15,3%	15
Vigo	297.355	88	8,8%	14
Pontevedra	82.684	40	4,0%	9
Ferrol	71.997	34	3,4%	10
Ourense	107.597	29	2,9%	12
Lugo	98.457	20	2,0%	10
Viana do Bolo	3.180	19	1,9%	3
Xermade	2.101	16	1,6%	3
Vilagarcía de Arousa	37.621	15	1,5%	6
Monfero	2.129	14	1,4%	3
Outros (136 concellos)		383	38,5%	21
<b>Total</b>		<b>996</b>	<b>100,0%</b>	

Fonte: Elaboración propia.

Dentro do marco de “grandes cidades galegas”, non existe unha relación clara entre o volume de actividades realizadas nun concello e o número de habitantes do mesmo. Chama a atención o caso de Vigo, a cidade máis poboada de Galicia situada, ademais, na zona de influencia do Eixo Atlántico; no entanto, resulta ser a terceira en número de accións cunha diferenza de máis dun 50% con respecto á primeira cidade. Nesta liña, os postos de

Pontevedra e Ferrol por riba dos de Ourense e de Lugo, acreditan esa falla de relación entre número de actividades e poboación, reforzando a idea da focalización de entidades e accións na zona occidental da comunidade galega.

Outro caso interesante, malia que os motivos resultan evidentes, é a posición de Santiago como segunda cidade máis repleta de intervencións de Educación para o Desenvolvemento. A súa situación como capital da comunidade, así como a presenza da Administración pública autonómica e dos órganos de coordinación do sector neste concello; poden ser algúns dos aspectos que expliquen esa concentración de proxectos na quinta cidade máis poboada de Galicia (por debaixo de Vigo, Ourense e Lugo). O feito de acoller á Universidade co maior número de alumnado de toda a comunidade autónoma tamén pode ser un elemento explicativo da forte presenza de ONGD neste municipio.

Porén, nin o criterio poboacional nin o referido á concentración de actividade nunha zona xeográfica concreta, explican a forte acumulación de intervencións nos concellos de Viana do Bolo, Xermade e Monfero. Existe outro criterio, tamén marcado polas ONGD á hora de establecer as súas estratexias territoriais, que permite comprender o porqué do monto de actividades en municipios cun reducido número de habitantes. Atópanse nestes tres concellos uns actores chave que facilitan e promoven o desenvolvemento das accións impulsadas polos axentes de Educación para o Desenvolvemento. Están perfectamente marcados os casos do IES Carlos Casares de Viana do Bolo e o CPI Virxe da Cela de Monfero; centros educativos nos que se concentran a maior parte das actividades que se desenvolven nese municipio (o 100% no caso do CPI Virxe da Cela e o 74% no caso do Carlos Casares). Trátase de dous proxectos educativos de referencia na comunidade galega pola súa traxectoria de aposta e traballo no eido da Educación para o Desenvolvemento. Galardoados con varios premios estatais, estas dúas experiencias educativas teñen ás ONGD como aliadas no seu traballo formativo, de aí que un grande número de actividades (executadas por un número pequeno de entidades) se concentren nestes dous concellos de carácter estratéxico dentro do sector da ED en Galicia.

O caso de Xermade resulta máis excepcional, posto que neste municipio se executaron un total de 16 actividades que tiveron como entidades socias ao concello, á biblioteca municipal, ás asociacións de veciños e veciñas, ás asociacións de mulleres e á Casa Escola de Cabreiros. Entendemos que se trata dun concello cunha vida asociativa ben fortalecida que souberon aproveitar as tres entidades que traballan nesta localidade coruñesa.

Ademais da tendencia xa analizada da concentración de proxectos nas cidades galegas, resulta pertinente destacar que un 38,5% das actividades impulsadas polas ONGD atópanse dispersas en 136 municipios galegos. Trátase dun volume de accións elevado e moi pouco concentrado en comparación cos comportamentos que acabamos de analizar.



Seguindo coa análise do emprazamento xeográfico das intervencións, incluíndo agora todas as accións puntuais realizadas nos demais municipios, os datos, recollidos por provincias, ratifican o exposto no estudo realizado por cidades.

Táboa 24. Relación do número de actividades de ED por provincia

Provincia	Nº de actividades	Porcentaxe
A Coruña	556	55,8%
Lugo	98	9,8%
Ourense	105	10,5%
Pontevedra	237	23,8%
<b>Total</b>	<b>996</b>	<b>100,0%</b>

Fonte: Elaboración propia

As provincias do occidente galego, A Coruña e Pontevedra, concentran case o 80% de toda a actividade realizada polas ONGD nestes últimos tres anos de traballo. As diferenzas entre estas dúas provincias tamén resultan significativas, sendo A Coruña, con diferenza, a provincia de maior concentración de intervencións de ED financiadas pola DXRREE e coa UE.

### As ONGD e a súa concentración territorial

Se analizamos os datos atendendo ao número de territorios nos que traballa cada ONGD, comprobamos que a grande maioría das entidades galegas non traballa en máis de dez municipios, sendo unha única organización a que levaba a cabo os seus proxectos de ED a máis de 50 concellos.

Táboa 25. Relación do número de entidades con número de concellos no que traballan

Nº de entidades <sup>13</sup>	Nº de concellos nos que traballan
10	Entre 0 e 10
5	Entre 11 e 20
4	Entre 21 e 50
1	Máis de 50

Fonte: Elaboración propia

Concordan estes datos cos indicados ao principio do apartado, posto que se detecta que existe unha estratexia de concentración territorial dentro das diferentes ONGD galegas. Cómpre destacar que dúas das catro entidades que traballan en máis de 21 municipios son as organizacións líderes da Campaña Mundial pola Educación, un proxecto cunhas características moi específicas e que involucra a un grande número de cidades e vilas galegas.

<sup>13</sup> Analízanse 20 das 21 entidades porque hai una ONGD que, dentro do período de análise, só realiza una actividade a nivel de toda Galicia, sen estar situada nun territorio concreto.

### ALGUNHAS IDEAS FORZA

- Ao longo de tres anos, 21 ONGD chegaron a un total de 147 municipios galegos, unha cifra que representa case o 47% do número de concellos existentes en Galicia.
- A ED galega atópase sumamente concentrada nas cinco cidades máis poboadas de Galicia.
- Un total de 122 concellos acolleron entre unha e cinco accións de ED. Pola contra, nas cidades de A Coruña e Santiago de Compostela leváronse a cabo máis de 100 actividades relacionadas con esta temática.
- O occidente galego e, máis concretamente, a zona do Eixo Atlántico, concentran a maioría de accións de ED impulsadas no territorio nos últimos tres anos.
- Os concellos de Viana do Bolo, Xermade e Monfero constitúen unha excepción dentro da análise territorial realizada. O contar cun tecido asociativo ben receptivo formado por aliados clave, facilitan o traballo en ED levado a cabo polas ONGD galegas.

#### Para reflexionar:

- ✓ É unha práctica totalmente interiorizada na Cooperación Exterior a de leva a cabo identificacións de socias locais, diagnósticos participativos de necesidades. Por que este tipo de dinámicas non semellan estar tan presentes nas intervencións de Educación para o Desenvolvemento? Por que están identificados tan poucas entidades socias clave para o impulso destas accións transformadoras?

## 6. As intervencións de ED

Como xa vimos en apartados anteriores, a Educación para o Desenvolvemento é un enfoque educativo dinámico, aberto á participación activa e creativa, orientada cara un compromiso que debe levar aos públicos destinatarios a tomar conciencia das desigualdades mundiais e a actuar en consecuencia. Trátase, polo tanto, dunha corrente educativa que implica un proceso activo de ensinanza- aprendizaxe centrado na persoa e no seu grupo de relacións (dimensión persoal e local). Considerando estas ideas como a base teórica do propio concepto, entendemos que a parte práctica da ED, é dicir, as intervencións que se realicen dentro do marco deste modelo educativo, deben contribuír á consecución dos seguintes obxectivos (*cf.* Argibay et al., 1999: 24 e ss.).

- Facilitar a comprensión das relacións que existen entre as nosas vidas e a das persoas noutras partes do mundo.
- Aumentar o coñecemento sobre as forzas económicas, sociais e políticas que explican a multicausalidade da pobreza e das desigualdades internacionais. Unhas forzas que condicionan a nosa vida como persoas pertencentes a calquera cultura do planeta.
- Desenvolver valores, actitudes e destrezas que axuden a fortalecer un traballo dos afectos e das emocións.
- Fomentar a participación dos cidadáns e cidadás en propostas de cambio xa existentes que teñen como obxectivo lograr un mundo máis xusto no que, tanto os recursos, os ben coma o poder, estean distribuídos de forma equitativa; contribuíndo así a xerar unha cidadanía crítica, corresponsable e solidaria.
- Dotar ás persoas e aos colectivos dos recursos e instrumentos - cognitivos, afectivos e actitudinais - que lles permitan incidir na realidade para transformar os seus aspectos máis negativos.
- Favorecer ao Desenvolvemento Humano sustentable nos tres niveis que afectan ás persoas: individual, comunitario-local e internacional.

Neste apartado pretendemos abordar a análise das accións de ED impulsadas polos actores da cooperación galega dentro do período temporal do noso estudo (2010-2012). Interésanos dar resposta, atendendo á práctica diaria, ás seguintes cuestións:

- Que dimensións da ED foron as máis traballadas ao longo destes tres últimos anos?
- Cales son as temáticas principais que se abordan?
- As temáticas transversais vertebran realmente ás accións de ED?
- Con que tipos actividades se achegan as ONGD aos seus públicos?
- Quen son as persoas destinatarias das accións?
- Que metodoloxías e procesos impulsan as ONGD galegas?

Como resulta evidente, é a práctica diaria a que determina a calidade e o éxito do traballo realizado. Os obxectivos de transformación e cambio de consciencias son ambiciosos pero non son imposibles. Os exemplos de boas prácticas dos que dispoñemos en Galicia, repletos de persoas decididas a cambiar o mundo, aportan entusiasmo e os folgos precisos para continuar esforzándonos a diario.

*“O noso obxectivo inicial é incidir nos mozos e mozas para que, no seu futuro como adultos e cidadáns, loiten coas inxustizas e difundan e apliquen os seus valores solidarios. Desde as primeiras accións xa comezamos a observar cambios nas condutas e nas actitudes, alcanzando un alto grado de compromiso co paso do tempo. Os alumnos/as máis implicados convertéronse en auténticos líderes e todo un modelo para imitar polos seus compañeiros/as. (...) E o máis importante: sabemos que son moitos os que levan a mochila cargada de actitudes solidarias para ir repartindo na súa vida cotiá, na súa casa, no seu círculo de amizades e no seu futuro como cidadáns responsables e comprometidos dun mundo que está pedindo a berros unha transformación”*

Yolanda Castro López e Verónica Dopico Cancela  
CPI Virxe da Cela. Monfero

*“Educar para a solidariedade no CPI Virxe da Cela. A experiencia de Monferosolidario”*

## 6.1. As dimensións da ED na práctica diaria

Segundo a Estratexia de Cooperación para o Desenvolvemento da cooperación española (cf. Ortega, 2007: 21 e ss.), unha educación baseada na aprendizaxe das interconexións entre a persoa, a comunidade e o mundo, debe interrelacionar ás catro dimensións da ED, dando lugar así a un sen fin de posibilidades de accións. Segundo M<sup>a</sup> Luz Ortega, esas catro dimensións son: a sensibilización, a educación- formación sobre o desenvolvemento, a investigación para o desenvolvemento e a mobilización social e incidencia política. A continuación ofrecemos

unha breve definición do que entendemos é o obxectivo de cada concepto baseándonos nos diferentes estudos e planificacións estratéxicas analizadas sobre esta temática<sup>14</sup>.

- **Sensibilización:** Ten como obxectivo iniciar procesos de transformación persoal despertando conciencia sobre as problemáticas mundiais. Dependendo do tema que aborde, a Sensibilización presenta as causas das desigualdades internacionais e amosa posibles alternativas que xa están en marcha. É preciso ter en conta que a sensibilización non formaría parte da ED se se quedase nunha simple análise das consecuencias da pobreza como medio para recadar fondos.
- **Educación - formación para o desenvolvemento:** Ten como finalidade comprender os problemas, concienciar e orientar a acción cara un cambio a nivel local e global. Os seus contidos analizan as causas da pobreza e a exclusión desde unha perspectiva global baseada no enfoque de dereitos humanos, o de xénero e a globalización.
- **Investigación para o desenvolvemento:** Persegue a análise en profundidade da problemática do desenvolvemento e do fundamento de propostas de cambio cara un desenvolvemento humano sustentable. É importante salientar que as prácticas de educación- formación, sensibilización e incidencia política deben estar baseadas nesta dimensión.
- **Mobilización social e incidencia política:** Busca a transformación de políticas municipais, nacionais ou internacionais de cara acadar un mundo máis xusto intentando influír naquelas persoas ou organismos que, tanto dende o ámbito público coma o privado, toman decisións, elaboran leis, regulacións e distribúen recursos que afectan ao benestar das persoas.

Como xa analizamos no primeiro capítulo deste estudo, as catro dimensións aquí recollidas non aparecen reflectidas dun xeito equilibrado nas planificacións das ONGD galegas. A presenza maioritaria da dimensión formativa e sensibilizadora resulta evidente no plano estratéxico do sector. No entanto, se atendemos ao ámbito da práctica diaria, vemos que, non só está marcada esa diferenza, senón que entre as dúas dimensións maioritarias existe unha brecha importante, pois só as actividades de sensibilización representan máis das tres cuartas partes do total das intervencións de ED en tres anos.

---

<sup>14</sup> Ver anexo 4: Táboa resumo das dimensións da Educación para o Desenvolvemento (elaboración propia)

Táboa 26. Actividades en función da dimensión que traballan. Números absolutos e porcentaxes

Dimensión	Nº de actividades	Porcentaxe
Sensibilización	812	77,3%
Formación - educación	196	18,7%
Investigación	2	0,2%
Mobilización e incidencia	40	3,8%
<b>Total</b>	<b>1.050</b>	<b>100,0%</b>

Fonte: Elaboración propia

Resultan interesantes os aportes de diferentes estudos nos que se considera que a ED non pode basearse na actuación illada dunha única dimensión, senón que resulta necesaria unha interacción dos catro ámbitos para transformar o noso imaxinario colectivo e conseguir así un verdadeiro cambio social (*cf.* Argibay et al., 1999: 51 e ss.). Neste sentido, evidénciase a necesidade dun equilibrio que non é o habitual, polo menos na traxectoria dos procesos de ED na comunidade galega.


## 6.2. Prioridades transversais e ámbitos temáticos das intervencións

O II Plan Director da Cooperación Galega entende por prioridades transversais aquelas que deben terse en conta en toda intervención de desenvolvemento, independentemente de cal sexa o ámbito sectorial no que se impulse dita acción. Así, este documento de carácter estratéxico establece cinco temáticas que deben terse en conta en toda actuación de cooperación e educación para o desenvolvemento: **a loita contra a pobreza, a equidade de xénero, a defensa da sustentabilidade ambiental, o respecto polos dereitos humanos e a defensa da interculturalidade.**

Estas cinco prioridades definen o modelo de desenvolvemento polo que se aposta desde a política pública da cooperación, que considera que calquera acción dentro deste proceso debe contemplar de xeito transversal o respecto ao entorno, a promoción da equidade de xénero, o cumprimento dos dereitos fundamentais das persoas e o respecto polas diversidades culturais, de cara a consecución do obxectivo central desta política: a erradicación da pobreza.

O sector das ONGD alíñase con estas prioridades que están presentes nos seus proxectos de ED a distintos niveis, en función, moitas veces, de cales sexan os seus eidos de especialización. Así, ante a pregunta *“en que grado se reflicten nos obxectivos e resultados das intervencións da entidade as temáticas transversais?”*, o gráfico resultante é o seguinte:

Gráfico 14. Relación entre os obxectivos das intervencións e o grado de presenza neles das prioridades transversais




Fonte: Elaboración propia

Vemos que a loita contra a pobreza, obxectivo da política pública de desenvolvemento, e o respecto polos Dereitos Humanos, son as transversais con maior presenza nos obxectivos de actuación das ONGD galegas. A equidade de xénero tamén é unha transversal moi traballada dentro do sector, aínda que existe un total de tres entidades que a traballan pouco ou nada. Hai unha entidade que establece o grado de traballo de cada transversal en relación aos resultados dunha avaliación externa realizada para o período 2008-2012, na que se constata, a través dos aportes do alumnado implicado nas actividades, o impacto destas temáticas dentro do proxecto. Resulta interesante obter este dato dende o punto de vista das persoas receptoras das intervencións e non só das executoras, pois permite coñecer cal é a percepción real do traballo de cada un destes eixos temáticos.

Nun plano máis práctico relacionado directamente coas accións realizadas, as entidades responden deste xeito á cuestión de se inclúen actividades orientadas a algunha das temáticas transversais.

Gráfico 15. Número de entidades que inclúen ou non inclúen nos seus proxectos actividades orientadas a estas cinco cuestións de carácter transversal<sup>15</sup>



Fonte: Elaboración propia


As respostas gardan moita relación coa orientación dos obxectivos analizados previamente, posto que tamén son a loita contra a pobreza e o respecto polos Dereitos Humanos as

<sup>15</sup> Na última orientación "Redución das fendas de xénero", hai unha entidade que non respondeu a esta cuestión, polo que o total vese reducido a 19 organizacións.

actividades máis presentes nos proxectos das entidades enquisadas. En xeral, nestes dous gráficos pódese comprobar que as entidades traballan de xeito bastante equilibrado as cinco transversais temáticas recollidas no II Plan Director, tanto a nivel de obxectivos como a nivel de actividades. Porén, na análise realizada sobre a formación esixible ao persoal técnico das entidades de cara a súa contratación, as tendencias mudan considerablemente.

Como podemos comprobar no gráfico número 16, pese a que ningunha formación en transversais é esixible dun xeito significativo, sen dúbida a que ten maior peso nos criterios de contratación é o enfoque de xénero e desenvolvemento. Dentro da valoración dos currículos, resulta moi positivo para 17 das 20 entidades analizadas, a formación, precisamente, en Dereitos Humanos, unha das transversais máis traballadas polas ONGD. Medio ambiente sitúase como a transversal con menos peso á hora da selección de persoal, xa que non é valorada á hora de contratar ao seu persoal técnico en cinco organizacións galegas.

Gráfico 16. Relación do número de entidades e o grado de valoración da formación en temáticas transversais á hora de contratar ao seu persoal<sup>16</sup>



Fonte: Elaboración propia

Despois desta análise global das cinco prioridades, resulta interesante comprobar a un nivel máis concreto como se traballa cada unha delas no seo das distintas entidades galegas. Parécenos unha cuestión importante precisamente pola importancia concedida ás temáticas transversais a todos os niveis (dentro das institucións públicas especializadas pero tamén dentro dos axentes da cooperación galega).

### A loita contra a pobreza


O Programa das Nacións Unidas para o Desenvolvemento define a pobreza como a “*denegación de opcións e oportunidades de vivir unha vida tolerable*” (PNUD, 1997). Partindo desta base que cualifica á pobreza coma unha situación de negación de dereitos, a Cooperación Galega sitúa como obxectivo central de todos os seus esforzos a erradicación desta realidade.

<sup>16</sup> Con respecto á esixibilidade da temática da interculturalidade, hai unha entidade que non respondeu a esta cuestión, polo que o total vese reducido a 19 organizacións.



Con relación a esta temática, as 20 entidades obxecto de análise responden deste xeito á pregunta *“En que grado considera que as intervencións de ED realizadas tratan de...?”*

Gráfico 17. Relación do número de entidades e o seu traballo concreto en diferentes aspectos vinculados á Loita contra a Pobreza.



Fonte: Elaboración propia

Segundo as respostas obtidas, a maioría das actividades impulsadas no marco dos proxectos de ED van orientadas a conseguir un compromiso e unha implicación da cidadanía na loita pola erradicación da pobreza. Promóvese así ese elemento activo preciso en calquera proceso cunha finalidade transformadora. A difusión dos compromisos políticos con respecto a este tema son os menos traballados polos proxectos concretos das entidades; no entanto, resulta obrigado sinalar que hai un traballo colectivo liderado pola Coordinadora Galega de ONGD (e, polo tanto, polas propias entidades do sector) titulado *“Pacto Galego contra a Pobreza”*, que está encamiñado, precisamente, a realizar ese labor de sensibilización da cidadanía sobre os acordos políticos acadados nesta materia e sobre o seu obrigado cumprimento.

### A equidade de xénero

Tal e como se recolle no documento de referencia deste apartado, *“non se poden afirmar os dereitos das persoas se se exclúe, marxina ou discrimina á metade da poboación por razóns do seu sexo”* (Xunta de Galicia, 2010: 54). Neste sentido, a estratexia da Cooperación Galega marca claramente que a perspectiva de xénero debe ser unha prioridade transversal que vaia máis aló da retórica formuladora e dos trámites administrativos; debe ser unha esixencia que garanta a capacidade transformadora de todas as accións de desenvolvemento nas relacións entre homes e mulleres.

Na análise realizada dos axentes de cooperación pódese comprobar como o plano teórico en relación á perspectiva de xénero está máis avanzado que a súa práctica diaria. Por outra banda, é importante ter en conta que no presente diagnóstico son obxecto de estudo tanto entidades que se declaran feministas coma outros modelos de organización cuns

posicionamentos máis conservadores en relación a esta temática. Esta diferenciación dá mostra da heteroxeneidade do sector á hora de posicionarse en temas concretos que posúen uns matices máis polémicos que a loita contra a pobreza (pois nesa transversal non se fala dos “comos” senón dos “ques”).

Dentro dese nivel teórico do que falabamos, existe unha forte tendencia no sector da cooperación galega á inclusión dunha política de xénero (ou plan de equidade) nas súas estratexias, xa que o 70% das entidades enquisadas aseguran que a súa organización conta cunha política de xénero.

*“A nosa entidade defínese como unha organización feminista. De feito, é a primeira ONGD propiamente galega en introducir este enfoque nas súas actividades e proxectos de cooperación, non só a nivel transversal, como é obvio, senón tamén sectorial”.*

*“Existe unha comisión específica de xénero, así como un documento de políticas de xénero publicado pola entidade”.*

*“A nosa entidade conta cun Plan de Equidade, o cal posúe unha dobre natureza. Por unha banda intervén nos procesos e accións externas, e por outro, actúa como un plan de igualdade de empresa, que pretende acadar a igualdade de oportunidades entre as traballadoras e traballadores”.*

Dentro do 30% de entidades que non contan con ese documento, existen varios xeitos de incorporar esta perspectiva nas súas actuacións, a través de apartados específicos nas súas Planificacións Estratéxicas, ou de xeito máis transversal á súa práctica diaria:

*“A pesares de non ter documentación formal sobre políticas de xénero, a defensa da igualdade de dereitos entre homes e mulleres, é unha constante na Asociación dende a súa constitución. Foméntase a contratación de mulleres, a conciliación laboral, e a realización de actividades de sensibilización e formación nas que elas son as protagonistas”.*

Este último posicionamento parécenos especialmente interesante, posto que incorpora dentro desta temática (ao igual que ocorre coa entidade que posúe o Plan de Equidade) as prácticas laborais da propia entidade, unha cuestión moi reivindicada dentro dos movementos feministas pero que parece non estar presente na maioría das respostas facilitadas polas ONGD galegas.

Por outra banda, un aspecto ben visible nos proxectos de ED é precisamente o do papel das mulleres no desenvolvemento, posto que un 90% das entidades analizadas dedica recursos humanos e materiais para acadar este fin. Unha porcentaxe menor de organizacións (un 65%) establecen, ademais, mecanismos para promover a participación equitativa de homes e mulleres nas súas actividades. Dentro das súas respostas, as entidades tamén adoptan posturas

diferentes en relación a esta cuestión, que, en ocasións, veñen dadas polos seu eido de especialización:


*“Nas actividades empréganse metodoloxías participativas e dinámicas procurando e fomentando a formación de grupos mixtos e a participación activa e igualitaria de homes e mulleres nos mesmos. Ademais, á hora de planificar e organizar as actividades, téñense en conta as responsabilidades e necesidades sociais e familiares que homes e mulleres poidan ter, para fomentar a maior participación posible”;*

*“Non se considera que exista unha inequidade entre homes e mulleres no eido universitario á hora de participar nas actividades propostas”.*

*“Defendemos como dereito propio das mulleres, o noso propio espazo de debate e discusión, como mecanismo de acadar a notoriedade. Hai actividades dirixidas unicamente a mulleres, mais hai outras abertas tanto a mulleres como a homes. Neste sentido, estamos contentas de que haxa homes que se declaren feministas e decidan participar na organización, mais consideramos que o esforzo de achegarse debe darse pola súa banda”.*

Unha das grandes reivindicacións con respecto á visibilización das mulleres no mundo está relacionada cos usos das linguaxes inclusivas. Neste senso atopámonos que, dentro do sector, a relación é similar entre as comunicacións orais e escritas, estando as dúas moi incorporadas na práctica diaria de máis da metade das organizacións. Só hai unha entidade das vinte analizadas que asegura non ter en conta case nunca o uso da linguaxe incluínte nas súas comunicacións.

Gráfico 18. Relación de entidades coa frecuencia de uso da linguaxe inclusiva nas súas comunicacións orais e escritas




Fonte: Elaboración propia

Menos maioritario é o uso de información de carácter operativo desagregada por sexo, pois son 10 as entidades que traballan con este tipo de datos diferenciados por número de mulleres e número de homes, mentres que outras 10 non teñen incorporada esta práctica no seu día a día.

Xa por último, é interesante destacar que, aínda que non é maioritaria, existe unha práctica crecente de entidades que comezan a traballar cun novo enfoque dentro da perspectiva de xénero: a sensibilización sobre a temática das masculinidades non sexistas. Sete das entidades enquisadas aseguran estar a traballar desde esta perspectiva, un punto que nos parece interesante dada a súa novidade no panorama galego de ED.

Gráfico 19. Entidades que din realizar actividades actividades de sensibilización sobre a temática das masculinidades non sexistas. Números absolutos




Fonte: Elaboración propia

### A defensa da sustentabilidade ambiental

Calquera proceso de desenvolvemento que pretenda perdurar no tempo debe considerar a defensa do medio ambiente coma un requisito fundamental. A equidade interxeracional ou o respecto dos equilibrios biofísicos que sosteñen a vida no planeta, son algúns dos elementos chave desta temática transversal bastante presente nas accións de ED impulsadas polos actores da cooperación.

O traballo pola defensa da sustentabilidade ambiental pode desenvolverse desde distintos planos. En primeiro lugar, a través das accións concretas impulsadas, en función de se perseguen ou incorporan algún elemento propio desta temática transversal. Así, ante a pregunta *“En que grado considera que as intervencións de ED realizadas pola entidade tratan de...?”* obtemos o seguinte resultado:

Gráfico 20. Relación do número de entidades que incorporan a un determinado nivel os seguintes aspectos da temática transversal do medio ambiente




Fonte: Elaboración propia

Como podemos comprobar, a promoción do coñecemento do desenvolvemento sustentable é un dos aspectos máis incorporados nas accións impulsadas polas ONGD, xunto co traballo da corresponsabilidade desde os propios hábitos de consumo diarios. Esta liña de traballo máis activo está reforzada ademais pola forte presenza de accións cun obxectivo de dar alternativas de desenvolvemento ao modelo hexemónico. A defensa dos recursos é unha actividade bastante traballada que, probablemente, collerá un forte impulso se se fai un traballo de conexión de loitas (galegas/estatais, internacionais) pois cuestións tan importantes coma a minería a ceo aberto, a privatización do recurso hídrico, a defensa de montes e costas ou a fractura hidráulica, están pasando a un primeiro plano de preocupación cidadá. Sen dúbida, os aspectos menos traballados van na liña do coñecemento dos compromisos políticos en materia medioambiental e a promoción da participación da cidadanía en movementos de carácter puramente ecoloxista. Este último aspecto quedará tamén reflectido no apartado do traballo en rede, pois entre os axentes chave para o traballo das ONGD o colectivo ecoloxista é moi minoritario.

O segundo plano do que falabamos para o traballo deste enfoque transversal é o da coherencia dos materiais empregados coa defensa do medio ambiente. En relación a esta cuestión, 11 entidades (o 55%) consideran que os materiais creados no marco dos seus proxectos de ED teñen moi pouco impacto ambiental. Trátase dunha porcentaxe importante (máis da metade) pero non tan significativa como foi o resultado da pregunta anterior, na que se comprobaba que un número importante de entidades traballaba a nivel dos contidos a temática medioambiental.

Gráfico 21. En que grado consideran as ONGD que nas intervencións de ED que realizan empregan materiais de baixo impacto medioambiental. Número de ONGD



Fonte: Elaboración propia

### Respecto polos Dereitos Humanos

Dado que a estratexia da Cooperación Galega considera que o obxectivo do desenvolvemento é conseguir unha aplicación efectiva dos dereitos das persoas (entendendo á pobreza como unha situación de negación de dereitos) resulta evidente que *“a cooperación para o desenvolvemento debe avogar pola consecución dun marco ético global no que a xustiza e os dereitos humanos, así coma o respecto á diferenza cultural, sexan vistos coma unha responsabilidade e unha obriga compartida”* (Xunta de Galicia, 2010: 48).

Neste sentido, e como vimos de comprobar na análise xeral das prioridades transversais, o traballo pola defensa dos Dereitos Humanos é un campo bastante traballado polos axentes de cooperación. Novamente, as accións impulsadas polas ONGD analizadas oríentanse, maioritariamente, á promoción da implicación, tanto individual como colectiva, na defensa dos dereitos. O resto de aspectos máis puntuados tamén van na liña de concienciar sobre compromisos políticos e abrir liñas explícitas de presión e incidencia política como estratexia de traballo desta temática. Parece evidente que moitas temáticas de especialización das entidades galegas se poden traballar desde un enfoque de dereitos (os dereitos das mulleres, o dereito á educación, o dereito humano á auga, etc.); consideramos que este é un punto importante que explica o alto nivel de traballo de moitos ámbitos relacionados con esta temática transversal.

Gráfico 22. Relación do número de entidades que incorporan a un determinado nivel os seguintes aspectos da temática transversal dos dereitos humanos



Fonte: Elaboración propia

### Defensa da interculturalidade

Seguindo a liña argumental da necesidade de ampliación de capacidades e opcións de vida das persoas, a discriminación ou exclusión das mesmas por motivos relativos á súa identidade, raíces culturais ou cosmovisións; supón un atranco á hora de acadar os obxectivos da Cooperación Galega. Así, dentro desta temática transversal considérase prioritario promover o respecto ás diferentes culturas garantindo que se poidan expresar e dar a coñecer, mantendo en todo momento o respecto pola dignidade e os dereitos das persoas.

Nesta liña de traballo, o 100% das entidades enquisadas asegura que nos seus proxectos está totalmente incorporada a visión do chamado Sur: *“Nos proxectos de ED tratamos de dar voz ás mulleres do sur, non só a través da súa visita, senón tamén a través da elaboración de materiais elaborados por elas mesmas, como poemas ou fotografías, que axudan a erradicar os estereotipos creados”*. *“O feito de ser unha entidade ecoloxista e de desenvolvemento posibilitanos o tratamento das problemáticas ambientais dende unha perspectiva Norte - Sur e nos proxectos executados empregouse sempre este enfoque”*.


Porén, á hora de responder á pregunta *“Teñen participado entidades do Sur nos seus proxectos de ED no período 2010-2012?”* non hai unha afirmación unánime aínda que si maioritaria, posto que 17 das 20 entidades (un 85%) responden afirmativamente a esta cuestión:

*“A participación das entidades do Sur nos nosos proxectos é fundamental, tanto na realización de materiais, coma de forma directa en algunhas actividades, xa que estas son a máis próximas á realidade que se quere amosar, realidade na que se asenta a razón de ser da propia ED”*.

*“Temos un programa dende hai varios anos onde persoas de Galicia pasan un mes coas pareceiras do Sur coas que traballamos, un proceso que se fai coa súa estreita colaboración. Asemade temos desenvolvidos investigacións nas que estas entidades participaron no seu deseño e desenvolvemento”*.

Cando se trata de responder a que aspectos concretos da temática da defensa da interculturalidade contribúen os proxectos de ED das entidades galegas enquisadas, podemos comprobar que non hai respostas tan maioritarias coma nas preguntas similares das outras transversais. A nivel xeral, máis da metade das ONGD obxecto de análise traballan a conservación dos valores culturais e o respecto á diferenza; pero, pola contra, moi poucas organizacións recollen nas súas propostas a promoción das expresións artísticas de diversas culturas.

Gráfico 23. Relación do número de entidades que incorporan a un determinado nivel os seguintes aspectos da temática transversal de defensa da interculturalidade



Fonte: Elaboración propia

### 6.3. Ámbitos temáticos de actuación

A pesar de que existe un traballo máis ou menos equilibrado por parte das 20 ONGD enquisadas no que respecta ao tratamento das prioridades transversais, unha análise máis pormenorizada das temáticas abordadas en cada proxecto permite comprobar, unha vez máis, a heteroxeneidade existente no sector.

Antes de extraer as conclusións relativas a este apartado, é importante ter en conta que a selección das temáticas abordadas nos 42 proxectos obxecto de estudo foron priorizadas para obter un máximo de tres áreas temáticas por acción desenvolvida. Para que a análise sexa o máis útil posible para o conxunto do sector, non tomaremos como referencia as 1.052 actividades desagregadas, senón os 42 proxectos analizados.

Como podemos comprobar na seguinte táboa, a tendencia que se observa dentro das distintas intervencións vai na liña da concentración de temáticas, posto que máis do 75% dos proxectos analizados aglutinan os seus contidos entorno a un máximo de catro temas.

Táboa 27. Relación entre o número de proxectos analizados que abordan un número determinado de temáticas

Nº de temáticas	Nº de proxectos que traballan ese Nº de temáticas	Porcentaxe
1	5	11,9%
2	13	31,0%
3	8	19,0%
4	6	14,3%
5	3	7,1%
6	2	4,8%
7	2	4,8%
8	1	2,4%
9	0	0,0%
10	1	2,4%
11	0	0,0%
12	1	2,4%
<b>Total</b>	<b>42</b>	<b>100,0%</b>

Fonte: Elaboración propia

Se nos centramos máis concretamente nas temáticas abordadas en cada un dos proxectos analizados, comprobaremos que o tema máis traballado polas ONGD galegas é, precisamente, a transversal de equidade de xénero, posto que máis dun 50% de proxectos incorporan esta cuestión nos seus materiais e metodoloxías de traballo.



Táboa 28. Relación entre o número de proxectos analizados que abordan unha temática concreta

Temática	Nº de proxectos que a traballan
Xénero	23
Educación en Valores / ED	18
Cooperación Internacional	18
Países do Sur	15
Economía solidaria	10
Consumo Responsable	9
Dereitos Humanos	8
Interculturalidade / inmigración	8
ODM / Pobreza Cero	8
Comercio Xusto	7
Soberanía Alimentaria	6
Desenvolvemento sostible/medio ambiente	6
Comunicación para o desenvolvemento	3
Dereito Humano á Auga	2
Xestión do ciclo do proxecto	2
Débeda Externa	1
Globalización	1
Infancia	1
Saúde	1
Acción Humanitaria	0

Fonte: Elaboración propia

Por outra banda, resulta interesante comprobar que son precisamente as modalidades de traballo do sector (a Cooperación Internacional e a Educación para o Desenvolvemento) dous dos temas máis abordados polas entidades analizadas. No entanto, e seguindo esta mesma liña, a Acción Humanitaria (outra modalidade de canalización da Axuda Oficial ao Desenvolvemento) é un tema que non se atopa presente (polo menos non a un nivel prioritario) no conxunto dos proxectos analizados.

Así mesmo, é importante destacar a forte presenza dentro das diferentes intervencións estudadas de temáticas moi relacionadas coa proposta de alternativas na busca dunha transformación nos modelos de consumo (Comercio Xusto, Consumo Responsable, Economía Solidaria), pois máis dun 60% dos proxectos abordan algunha destas cuestións.

Como comentabamos anteriormente, é posible percibir neste apartado as múltiples diferenzas que existen entre os distintos axentes de cooperación á hora de organizar o seu traballo temático. Hai entidades que impulsan intervencións moi especializadas destinadas a abordar un máximo de unha ou dúas temáticas, ao tempo que atopamos outras organizacións que traballan máis de dez temas distintos nun mesmo proxecto de ED. No que respecta aos temas a tratar, pódense percibir certos consensos sectoriais en relación ás distintas temáticas en que se poden desagregar as prioridades transversais (por exemplo, a interculturalidade pódese traballar a través do tema interculturalidade /migración, pero tamén a través do

coñecemento dos Países do Sur); porén, non existe unha temática concreta que aglutine á grande maioría dos proxectos de ED (o tema do xénero é traballado de xeito prioritario na metade dos proxectos, o que non representa unha porcentaxe moi elevada), polo que se pode falar de heteroxeneidade tamén nas propias propostas de intervención.

#### 6.4. Tipoloxía de actividades executadas nos proxectos de ED

A complexidade da Educación para o Desenvolvemento como concepto teórico trasládase tamén ao ámbito máis práctico de aplicación das súas accións. A convivencia de catro dimensións (sensibilización, formación, investigación e mobilización social) en tres ámbitos educativos (formal, non formal e informal), fai que a variedade de actividades ideadas polas ONGD para levar a cabo as súas intervencións sexa moi ampla.

Nun intento de categorizar ditas accións empregamos como base a tipoloxía proposta pola AECID (*cf.* Ortega, 2007: 25-26). A partir desa clasificación inicial pareceunos pertinente intentar adaptar o mellor posible a proposta estatal á realidade das ONGD galegas. Porén, consideramos necesario precisar que a inclusión dunha determinada actividade nunha u outra categoría non sempre resultou evidente, posto que considerabamos que podería ser clasificada en varios tipos de acción. Neses casos, a toma da decisións dependeu da descrición da actividade nos formularios de xustificación.

Tendo en conta ditas aclaracións, a análise realizada para detectar o tipo de actividade máis empregada nos proxectos estudados, mostra claramente que as accións de tipo formativo son maioritarias neste sector, posto que máis dun 70% dos proxectos posúen algunha acción dirixida a este fin.

No entanto, tamén consideramos importante matizar que incluimos como *formación* distintas accións educativas incluídas tanto na dimensión da formación- educación como da sensibilización. Parécenos necesario incidir nesta cuestión posto que, desde o noso punto de vista, a dimensión é a que marca o obxectivo da formación, unha meta que se establece en función dos públicos aos que vai dirixida a actividade, o espazo no que se executa e a duración da mesma. Deste xeito, entendemos que un *Curso de formación en cooperación para o desenvolvemento* dirixido a empresas é unha formación incluída na dimensión de sensibilización, pois consideramos que sensibilizar é o obxectivo último dun curso dirixido a persoas empresarias. Por outra banda, unha materia universitaria titulada "*Introdución á cooperación para o desenvolvemento*" é, desde o noso punto de vista, unha formación

pertencente á dimensión formativa da ED<sup>17</sup>. É por este motivo polo que é posible que a dimensión máis traballada polas ONGD galegas sexa a de sensibilización e que unha parte importante dese esforzo se canalice a través de accións de carácter formativo.

Táboa 29. Relación de tipos de accións máis empregadas nos proxectos de ED impulsados polos axentes de cooperación galegos

Tipos de accións	Nº de proxectos que traballan a través desa acción	Porcentaxe de proxectos que inclúen esa acción
Formación	31	73,8%
Material e actividades divulgativas	20	47,6%
Exposicións	16	38,1%
Charlas /Conferencias	15	35,7%
Material Audiovisual	13	31,0%
Obradoiros	12	28,6%
Teatro e contacontos	11	26,2%
Material Didáctico	10	23,8%
Mobilizacións	5	11,9%
Concursos	3	7,1%

Fonte: Elaboración propia

Outra das accións máis características da dimensión sensibilizadora é a realización de materiais e actividades de carácter divulgativo. Malia a súa grande importancia nas intervencións analizadas (un 47% dos proxectos inclúen este tipo de acción), gustaríanos expoñer unha preocupación presente nos diferentes estudos analizadas para guiar o presente diagnóstico: *“Con relativa frecuencia, as actividades de sensibilización teñen altas doses de autopropaganda en detrimento da información do que acontece nos países empobrecidos e a formación sobre as súas causas”* (Observatorio de la Cooperación Internacional para el Desarrollo de la Universidad de Valladolid, 2012: 110). Neste sentido, consideramos necesaria a combinación deste tipo de actividades de información e divulgación sobre os proxectos que impulsa cada entidade, con outro tipo de acción cun carácter máis transformador (coma os obradorios temáticos, o teatro ou os contactos, por exemplo, que son accións que propician a participación do público xerando espazos de intercambio).

Na liña do analizado no apartado das dimensións, vemos tamén unha coherencia nos datos en relación coa escaseza de accións dirixidas á mobilización social, posto que só un 11,9% dos proxectos analizadas incorporan entre as súas actividades unha actuación deste tipo.

Finalmente, e concluindo así co presente apartado, resulta especialmente rechamante o feito de que, nun sector dedicado maioritariamente ao traballo na educación formal con centros educativos e universidade, só un 23,8% dos proxectos dedican algunha acción á elaboración de materiais didácticos cos que reforzar o traballo nestes espazos.

<sup>17</sup> Para máis información en relación ao que se entende neste estudo que son obxectivos das catro dimensións da ED, ver anexo 4.


## 6.5. Públicos destinatarios da ED

Quen son as persoas beneficiarias dos proxectos de ED? Como se fai ese achegamento a elas? Poderíamos falar de **apropiación** no marco dos proxectos de ED? A pesar de insistir moito nestas cuestións, todas estas dúbidas que nos asaltaban ao inicio deste proceso seguen estando presentes unha vez analizadas todas as respostas obtidas. A heteroxeneidade do sector, a diversidade na tipoloxía de accións e a falla dun consenso (e pode que debate) sobre quen son realmente as beneficiarias das intervencións de Educación para o Desenvolvemento, poden ser algunhas das claves que indiquen por que nos atopamos ante un tema tan difícil de analizar.

*“Somos persoas universitarias deseñando actividades para persoas universitarias. Nós mesmas somos o noso público obxectivo”*

Desde entidades formadas por xente do mesmo perfil que o seu público obxectivo, ata modelos de organizacións con persoal especializado para impulsar procesos cunha poboación moi ben definida; o certo é que a grande variedade de estruturas organizativas marca, inevitablemente, os mecanismos de achegamento ás persoas destinatarias da acción (se ben é certo que unha parte importante de entidades tenden a adoptar o segundo modelo presentado). Por iso, á hora de coñecer a orixe das intervencións analizadas, o gráfico resultante permite visibilizar toda esa variedade.

Gráfico 24. De onde adoitan xurdir as intervencións de ED das ONGD



Fonte: Elaboración propia

As cuestións de tipo estratéxico marcan a orixe das intervencións en sete entidades; converténdose así na resposta maioritaria, mentres que a demanda social e as leccións aprendidas en avaliacións anteriores, son as orixes menos frecuentes das intervencións de Educación para o Desenvolvemento en Galicia. Algunhas entidades consideran que o inicio das

súas estratexias veu motivado pola combinación de varias das propostas anteriores apuntando que *“as decisións da entidade baséanse nunha demanda social, sempre acompañada dunha identificación previa, moitas veces coma resultado das avaliacións de proxectos anteriores; buscando, ao mesmo tempo, formar parte dunha estratexia máis ampla (sinerxías)”*.

Afondando un pouco máis nese achegamento aos públicos obxectivo, 13 das 20 entidades analizadas (un 65%) aseguran levar a cabo unha análise previa de dito grupo poboacional atendendo a unha serie de aspectos sociolóxicos como son o sexo ou a idade. Por outra banda, dado que unha porcentaxe importante das accións de ED se levan a cabo no ámbito formal (é dicir, con poboación cautiva<sup>18</sup>), pareceunos pertinente engadir aos aspectos anteriormente citados cuestións que permitan coñecer se se fai unha análise atendendo ás necesidades educativas especiais dese público, ao risco de exclusión ou ao país de orixe. De entre ese 65% algunhas organizacións matizaron as súas respostas indicando o seguinte: *“Conxugando unha atención ás demandas existentes (análise de necesidades) e ás prioridades estratéxicas da entidade, cada proxecto e/ou acción establece unha liña base para detectar os públicos obxectivo das intervencións”*. *“Antes de realizar calquera proxecto tense analizado ao grupo que pode intervir nel coas súas fortalezas e debilidades, analízase, sobre todo, a súa necesidade e a súa situación”*. *“A nosa entidade dirixe as súas actividades ao público en xeral, pero, preferiblemente, van dirixidas a persoas que claramente defenden os valores da solidariedade dentro do feminismo e do galeguismo”*.

A importancia dese proceso está presente incluso nas entidades que non o realizan (un 35%), como se pode observar na seguinte observación: *“Non se fai unha análise formal pero os proxectos que se desenvolven soen vir derivados dunha demanda social, implícita ou explícita, que nos facilita a identificación dos grupos obxectivo. Entendemos que o ideal é facer sempre esa análise, o máis minuciosa posible, pero a falta de recursos económicos e humanos provoca que non sexa sempre posible”*.

A diferenza do que acontece nos proxectos de Cooperación Internacional, onde adoita estar integrada a participación da poboación beneficiaria no deseño da propia intervención; nos procesos de Educación para o Desenvolvemento trátase dun aspecto menos xeneralizado. O caso galego, por exemplo, segue esta tendencia, posto que son once as entidades (o 55%) que non incorporaron no deseño do seu proxecto ao público beneficiario do mesmo. Os procesos impulsados polas nove organizacións restantes van desde a participación *“a través da expresión das súas necesidades”* ata a presenza das persoas beneficiarias *“na identificación e formulación das accións, na execución, por suposto, e na fase final de avaliación”*. Nalgúns casos, os públicos obxectivo son persoal voluntario da entidade, ao que se lle permite acceder á elaboración da planificación, metodoloxías e contidos:

<sup>18</sup> Enténdese por poboación cautiva aos grupos de persoas que se atopan de xeito regular en espazos específicos por razóns laborais, de estudo, atención ou servizos

*“Para deseñar as actividades destinadas aos centros escolares, é un grupo de profesorado voluntario quen dirixe o deseño, e no caso das campañas, son grupos de traballo nos que participa o voluntariado, os que deseñan a tipoloxía e metodoloxía dos actos, apoiados en ámbolos dous casos por profesionais”.*

É evidente, por outra banda, que os contextos afectan dun xeito inevitable á situación dos diferentes públicos obxectivo dunha intervención de ED. As crises estruturais que estamos a vivir tamén teñen unha repercusión importante na relación entre as persoas beneficiarias e os axentes de cooperación, pois son seis as organizacións que percibiron un aumento nas dificultades para chegar á súa poboación meta. Ditas complicacións non dependen do sector ao que pertenza ese público obxectivo. Así, atopamos entidades que percibiron problemas nos centros educativos *“por mor das decisións dos consellos escolares e dos claustros de profesorado de suspender actividades extraescolares debido aos recortes orzamentarios aos que se ven sometidos os devanditos centros”*. Tamén hai problemas nas Universidades: *“Cústanos moito chegar á poboación universitaria. Os motivos poden ser as esixencias do novo plan de estudos, menos interese por parte do alumnado en aspectos externos aos estudos ou ao ocio, e a existencia doutros movementos sociais emerxentes aos que vincularse que non teñen a etiqueta ONGD”*.

Outros sectores como o empresarial, cunha practicamente inexistente traxectoria de participación en accións de ED, tamén poñen dificultades ás intervencións das ONGD: *“O tempo de crise económica que tanto está a afectar ás nosas empresas, provoca que participen moito menos do esperado, alegando falta de tempo e recursos (cando en realidade moito é por falta de interese)”*. Finalmente, as entidades especializadas no traballo co colectivo de persoas migrantes tamén viron bastante entorpecida as súas intervencións por motivos conxunturais: *“No caso dos colectivos inmigrantes, e máis concretamente no caso das asociacións, é complicado traballar hoxe en día polas dificultades de supervivencia que están pasando a causa da crise”*.

*“... falar de crise é promovela e calar a crise é promover o conformismo. En vez disto, traballemos o noso talento e as nosas habilidades para atopar solucións, acabemos dunha vez coa única crise ameazadora, que é a traxedia de non querer loitar por superala”*

Albert Einstein

## Tipos de públicos

Como veremos no apartado de traballo en rede, os espazos de maior presenza das entidades galegas son aqueles onde se leva a cabo a educación formal. Acorde a isto, podemos comprobar que a comunidade educativa (de calquera dos ciclos establecidos) é o colectivo prioritario ao que están destinadas as accións de ED impulsadas no noso territorio.

Táboa 30. Relación entre os tipos de públicos atopados nas intervencións e o número de proxectos que se dirixen a esa poboación meta

Públicos	Nº de proxectos que traballan con este tipo de públicos	Porcentaxe que representa ese nº de proxectos
Poboación xeral	29	69,0%
Alumnado secundaria	23	54,8%
Alumnado universitario	18	42,9%
Profesorado	17	40,5%
Alumnado primaria	15	35,7%
Profesionais	15	35,7%
Voluntariado	15	35,7%
Alumnado infantil	12	28,6%
Alumnado (varios niveis)	11	26,2%
Alumnado bacharelato	11	26,2%
Mocidade	11	26,2%
Alumnado ciclos formativos	6	14,3%
Organizacións 3º sector	5	11,9%
Mulleres	4	9,5%
Políticos/as	4	9,5%
Socios/as	4	9,5%
Alumnado persoas adultas	2	4,8%
ANPAS	2	4,8%

Fonte: Elaboración propia

No entanto, podemos comprobar que non se traballa ao mesmo nivel cos distintos colectivos que integran a comunidade educativa. As ANPAS, por exemplo, só están presentes en dous proxectos, a mesma cifra de intervencións que dirixen algunha acción a traballar co alumnado que forma parte dos centros de formación para persoas adultas.

Por outra banda, é salientable o feito de que, a pesar de que unha gran maioría de entidades traballa a perspectiva de xénero, hai moi poucos proxectos nos que se formule algunha acción concreta dirixida especificamente ás mulleres. O mesmo acontece co traballo con entidades do propio sector (non só de cooperación senón do tecido asociativo galego), cunha escasa presenza como grupo destinatario dalgunha actividade.

Non resulta discordante co analizado no apartado das dimensións da ED que sexa unha categoría tan indefinida como a de “poboación en xeral” a primeira tipoloxía de públicos na

táboa presentada. Resulta complexo definir a quen vai dirixida unha exposición sobre unha temática específica ou “stand” informativo na rúa; accións pertencentes ambas as dúas á dimensión sensibilizadora da ED.

Por outra banda, a base social das propias entidades tampouco aparece como público habitual dos proxectos impulsados. Preto do 35% das intervencións inclúen algunha acción dirixida ao seu voluntariado e só o 9,5% dos proxectos inclúen algunha actividade enfocada ás persoas socias que a forman. Porén, entendemos que isto pode deberse á existencia en Galicia dunha convocatoria específica de Fortalecemento e consolidación de axentes, cuxas partidas orzamentarias van destinadas a este tipo de actividade.

Se analizamos a concentración ou dispersión dos proxectos no que se refire ao número de públicos cos que traballan, o resultado que observamos é o seguinte:

Táboa 31. Número de públicos cos que traballa por proxecto

Nº de públicos	Nº de proxectos que traballan con ese Nº de públicos	Porcentaxe
1	5	11,9%
2	3	7,1%
3	8	19,0%
4	8	19,0%
5	4	9,5%
6	3	7,1%
7	3	7,1%
8	3	7,1%
9	1	2,4%
10	0	0,0%
11	3	7,1%
12	0	0,0%
13	1	2,4%
<b>Total</b>	<b>42</b>	<b>100,0%</b>

Fonte: Elaboración propia

En xeral, non se pode falar de que exista unha tendencia á dispersión, posto que un 57,1% dos proxectos analizados dirixen as súas actividades a non máis de catro tipos de públicos diferentes, moitas veces situados nos mesmos ámbitos de actuación (como pode ser o alumnado e o profesorado). Porén, un 26,2% das intervencións se dirixen a máis de seis públicos diferentes; unha variedade de persoas destinatarias que xulgamos bastante amplas para intervencións de carácter bianual.

En ocasións, a concreción dos suxeitos pode entenderse que se contrapón ao que esperan as institucións financiadoras, preocupadas, moitas veces, pola visibilización da súa aposta por este tipo de actividades. Porén, desde a Administración pública galega entrevistada se defende a calidade fronte a cantidade: *“O importante é que haxa convencemento. Que a quen cheguen ou convezan”*.




### Máis aló do achegamento e da execución: o proceso de difusión pública

É evidente que a relación entre públicos e intervención non se pode quedar nas distintas fases do ciclo do proxecto (identificación, execución, avaliación). É importante que en todo o proceso existan mecanismos de difusión do mesmo e que ditos protocolos varíen en función dos públicos cos que se traballa.

A pesar de que existe unha xeneralizada carencia de profesionais da comunicación dentro do equipo técnico das ONGD galegas, o certo é que unha interesante maioría de entidades (14 de 20), asegura que conta cun sistema de difusión ou plan de comunicación asociado a cada proxecto.

Gráfico 25. Resposta á pregunta *“Teñen os seus proxectos un sistema de difusión definido ou plan de comunicación asociado?”*



Fonte: Elaboración propia

Porén, cando se lles pregunta a esas 14 entidades se o seu sistema de difusión está adaptado ao público obxectivo do proxecto, as respostas volven a ser bastante diversas.

*“O sistema de difusión varía en función do público obxectivo. Polo xeral, e polo seu alcance, en todos os proxectos se incorpora a difusión por medio da rede, pero tamén se empregan outras canles máis tradicionais”.*

*“Unha actividade non empeza ata que non se difunde no blog e non remata ata que non se publica o que se fixo no blog. Este protocolo está moi incorporado e permite cubrir certas necesidades comunicativas da asociación derivadas de ser unha organización de persoas voluntarias. Procúrase que no blog participen os públicos obxectivo das intervencións”.*

*“Existe una estratexia de difusión e comunicación das accións asociadas aos proxectos, tendo en conta a protección de datos, sobre todo no caso dos e das menores. Difúndense as actividades nas que participa o público obxectivo a través de fotografías, presentacións, vídeos, memorias, e da inclusión de novas sobre as accións tanto no portal educativo Redec (sección Red Solidaria de Jóvenes), a través de noticias, galerías de fotos, axenda e blogs dos centros participantes; así como nas webs e blogs propios dos grupos solidarios e/ou dos centros educativos”.*

## 6.6. Metodoloxías e Innovación na ED

Unha cidadanía global crítica, responsable e activa require, ademais da adquisición de coñecementos intelectuais, o desenvolvemento e adopción consciente de valores, así como de habilidades, é dicir, de ferramentas que possibiliten a acción para transformar a realidade. Se entendemos que estes tres tipos de contidos (coñecementos, actitudes e habilidades) son fundamentais para o logro dos fins da Educación para o Desenvolvemento, entenderemos a importancia que ten o método que se empregue nas intervencións (De Blas, 2011).

A diferenza doutros aspectos relacionados coas intervencións de ED analizados anteriormente, como as dimensións ou as prioridades transversais, non existe na práctica, nin no discurso e a análise da ED, unha metodoloxía concreta e específica deste ámbito. Se ben, no Diagnóstico da Educación para o Desenvolvemento en España (Escudero e Mesa, 2011: 58),ponse de manifesto que:

*“Existen uns trazos definatorios que comparten as diferentes metodoloxías que se empregan nos programas educativos de ED. Estes trazos son:*

- comprender a educación como un proceso que vai máis alá das accións illadas,*
- participación,*
- o aspecto experimental e emocional,*
- a dimensión lúdica,*
- intimamente ligada ás necesidades dos e das participantes e do contexto local, pero desde un enfoque global e interdisciplinar,*
- orientada á acción, ao seu carácter innovador e creativo”*

No presente apartado preguntamos ás organizacións sobre as metodoloxías de traballo que utilizan, así como os procesos de innovación que levan a cabo no seu traballo de ED, tratando de aportar luces sobre a adecuación das metodoloxías das súas intervencións aos públicos aos que se dirixen e como estas evolucionan.

A innovación parece ser unha das apostas con máis dinamismo nos proxectos de ED, posto que o 15 das 20 entidades analizadas aseguran ter evolucionado nos tres últimos anos con respecto aos recursos e métodos de traballo de cara a empregar metodoloxías máis innovadoras. Segundo as respostas obtidas, o impulso das novas tecnoloxías (web 2.0, redes sociais, enquisas online, etc.) é un elemento de innovación nas metodoloxías de traballo das ONGD moi presente. Tamén mencionan innovacións como a promoción do traballo por competencias e a evolución cara metodoloxías participativas, vivenciais e creativas.

*“ Modifícouse o modelo formativo apostando polas metodoloxías participativas a través do fomento de dinámicas de cohesión grupal, integración e participación do grupo, así como de novas metodoloxías de traballo. Todas as actividades teñen que empezar cunha dinámica de traballo de expectativas e motivacións, e rematar con avaliacións participativas que permitan saber se*

*cumpriron eses compromisos e que propoñan propostas para avanzar. Redúcense as conferencias e se traballa máis en grupos pequenos para profundar nas temáticas nas que nos interesa sensibilizar. Potenciouse o traballo a través do audiovisual e documentais e se acadaron novas formas de participación a través do teatro”.*

*“Introducíronse novas metodoloxías para levar a cabo as actividades, como pode ser o emprego do teatro social como ferramenta para fomentar a creatividade e para xerar novas accións de sensibilización (pezas teatrais). Tamén se crearon uns cadernos temáticos sobre Tecnoloxía para o Desenvolvemento Humano a través dos que se buscaron colaboracións externas para empezar a argumentar, en distintos eidos do pensamento, a importancia da aplicación destas tecnoloxías. A nivel procesos, fomentáronse as reunións de sede como ferramenta para o coñecemento interno das actividades que se están a realizar nos distintos grupos”.*

Partindo da posta en práctica de innovacións que mencionan as ONGD nos seus proxectos de ED entre 2010 e 2012, preguntámonos, **que é a innovación?** As entidades entenden por innovación *“A identificación, adaptación e integración de novas necesidades, metodoloxías ou recursos”;* *“O emprego das novas ferramentas, ideas ou esquemas, que nos proporcionen un mellor coñecemento da realidade global, facilitando así a interconexión e a cooperación mutua”;* *“Cambios introducidos no proceso de ensinanza- aprendizaxe que melloran a calidade do mesmo”.* Mediante a innovación, *“non só buscamos novas formas de facer ou transmitir “o de sempre” senón que tamén cuestionamos os contidos”.* Algunhas das vías para innovar en ED presentes entre as ONGD galegas, son:

*“Estar atentos ás investigacións e innovacións académicas en relación á educación cívica e a cidadanía global para incluír aprendizaxes na práctica. A utilización da sistematización como aprendizaxe experiencial e de incorporación de novos coñecementos. Unha actitude aberta a novas estratexias e formas de traballo. A atención ás experiencias en ED de fóra de España. A inclusión da dimensión afectiva tanto na experiencia emocional como na construción de valores”.*

18 das 20 entidades enquisadas afirma ter en conta a innovación nos proxectos de ED que realizan e ningunha sinala facelo porque sexa un requisito imposto desde a Administración. Porén, todas identifican dificultades á hora de innovar en ED na súa organización, sendo o ritmo de traballo excesivamente operativo a razón máis recorrente. *“Ás veces os tempos son demasiado curtos e hai que acadar respostas rápidas; iso fai que a innovación sexa paulatina (o que non é bo nin malo) pero se teñen que analizar a longo prazo os resultados”.* Hai unha entidade que vincula este factor ao do enfoque de marco lóxico aplicado á ED, *“ambos moi relacionados entre si”.* Outros obstáculos á innovación apuntados son a pouca previsión de avaliacións dos proxectos de ED, a falta de financiamento para levala a cabo, as capacidades técnicas limitadas ou as cuestións relacionadas co ámbito de aplicación da ED: *“A dificultade para innovar é a mesma coa que se atopa en xeral a ED, que é o reducido espazo de aplicación da mesma, como ocorre, por exemplo, no caso dos centros educativos”.*

As organizacións concretan a innovación tanto en accións innovadoras, como en novos enfoques teórico conceptuais (como o enfoque do desenvolvemento persoal da Psicoloxía Educativa e da Evolución na ED, o enfoque de Dereitos Humanos ou o enfoque dos coidados) e sobre todo, en novas fontes metodolóxicas, entre as que sen dúbida, o uso das novas tecnoloxías da información e as comunicacións (NTIC) e dos audiovisuais, teñen un papel relevante. Outras metodoloxías innovadoras en ED están ligadas ao traballo educativo a través da arte e a creatividade: teatro e concursos de fotografía, relatos e curtametraxes. As intervencións tamén tratan de reforzar a dimensión lúdica mediante o emprego de xogos e dinámicas para a aprendizaxe. A innovación concrétese, ademais, na orientación á implicación afectiva e vivencial, como trazo fundamental das metodoloxías participativas e elemento clave dos procesos de aprendizaxe:

*“É preciso sinalar o emprego do noso Centro de Educación Ambiental ‘As Corcerizas’, na Serra de San Mamede, Ourense. Nel lévanse a cabo actividades e iniciativas de ED. O propio centro é un recurso metodolóxico, xa que se planificou e construíu baixo a premisa da coherencia e a óptica do Desenvolvemento Sostible. Utiliza técnicas de bioconstrución, elementos construtivos ecolóxicos, e criterios de eficiencia enerxética, de xeito que todo o consumo enerxético é de produción propia e exclusivamente provinte de fontes renovables. Este equipamento vangardista, facilita o desenvolvemento dun proxecto educativo baseado na experiencia vivencial (aprendizaxe e toma de conciencia a través do contacto directo e a propia vivencia) e supón en si mesmo unha innovación e un aspecto diferencial e caracterizador da nosa concepción educativa”*

Unha organización pon de manifesto como a partir das aprendizaxes adquiridas en formacións específicas, innova na liña de proxección e continuidade dos seus proxectos: *“As últimas formacións internas na materia (formacións de Hegoa ou da CGONGD, por exemplo), facilitaron novas aproximacións e xeitos de concibir as accións de ED. Para os vindeiros anos, estase a identificar a necesidade e o obxectivo de realizar accións máis fondas, de maior impacto e máis concentradas xeograficamente falando, en lugar de accións puntuais en moitos máis espazos; o que incidirá na planificación das actividades en centros educativos”.*


### Sistematización e avaliación

A aposta pola a avaliación e a sistematización, como dous métodos que permiten innovar, móstrase aínda escasa, pois só tres entidades se refiren a estes procesos entre as innovacións que mencionan, e tan só dúas fan referencia ao proceso de análise de necesidades e demandas reais e concretas dos públicos aos que se dirixen como un método importante para o deseño dos seus proxectos. Isto contrasta coa resposta á cuestión de se empregan metodoloxías cualitativas como a sistematización, a investigación acción/participativa ou diagnóstico participativo, pois o 50% das entidades enquisadas responde afirmativamente.

Polo tanto, entendemos que, en certa medida, ditas metodoloxías non son identificadas como unha fonte de innovación entre as entidades.

Ao noso entender, a xestión desta fase do ciclo dos proxectos comprende tanto desenvolver procesos de sistematización e avaliación, como a difusión dos seus resultados; todo co fin de mellorar a práctica a través da adquisición de novos aprendizaxes que poidan ser útiles a todos os axentes implicados nos procesos da ED. Respecto ao primeiro aspecto, preguntámonos, avalían a entidades as intervencións de ED que realizan?

Gráfico 26. Avaliación polas ONGD das intervencións de ED que realizan




Fonte: Elaboración propia

Como se pode comprobar polas respostas, a avaliación das intervencións de ED está bastante estendida entre as ONGD en Galicia, sendo unha práctica habitual para 14 das 20 organizacións e ocasional para o 4, mentres que só 2 non o fan normalmente. A este respecto, cabe sinalar que a diferenza do que acontece nas convocatorias públicas de axudas para os proxectos de Cooperación Internacional, onde a avaliación adoita ser unha esixencia; nas subvencións ás intervencións de ED, a avaliación en moitos casos, ademais de non ser requirida, tan sequera é un gasto financiable (como acontece coas tres convocatorias nas que se enmarca este estudo).

Precisamente entendemos que, pola dificultade de financiar a avaliación das intervencións de ED, o tipo de avaliación máis recorrente entre as ONGD sexa a interna, optando por esta modalidade todas as ONGD analizadas agás unha. Independentemente do tipo de avaliación que realicen, todas consideran que mediante as avaliacións xéranse aprendizaxes que incorporan ao seu traballo en futuras intervencións.

No tocante á difusión dos resultados das avaliacións, 12 das 20 entidades comparten as aprendizaxes das avaliacións e sistematizacións coa súa base social ao aparecer recollidas na memoria de actividades (opción máis repetida), ou no boletín interno da organización. Tamén organizan reunións e/ou talleres para presentar os resultados das avaliacións.

Gráfico 27. Como comparten as ONGD as aprendizaxes das avaliacións e sistematizacións coa súa base social



Fonte: Elaboración propia

O panorama resulta moito máis negativo respecto á divulgación destes resultados entre o sector, pois 11 entidades (cerca do 60%), non comparten as aprendizaxes das avaliacións e sistematizacións con outras organizacións. Aínda nos casos nos que se fai, en ocasións redúcese aos espazos informais *“onde soemos comentar o que nos funciona ou o que non nos funciona como organización”*; *“Coméntase se sae ao fío do que se está a falar nunha xuntanza de traballo”*. A Coordinadora Galega de ONGD e especificamente, as Comisións de Traballo que articulan a participación das ONGD nesta entidade, cumpren un papel importante para favorecer este tipo de iniciativas e sinerxías. Este labor da Coordinadora quedará tamén recollido no apartado 7 sobre o traballo en rede, pois a realización de postas en común e intercambios, así como a coordinación dos traballos de ED das ONGD, son recoñecidas como áreas prioritarias nas que debe centrarse a CGONGD.

### Competencia social e cívica<sup>19</sup>

Unha perspectiva transformadora necesaria para o logro dunha Educación para o Desenvolvemento de quinta xeración, moi vinculada á cuestión das metodoloxías, é a promoción da competencia social e cívica, entendida como as formas de comportamento que preparan as persoas para participar dunha forma activa e construtiva na vida social e política do seu entorno. O cambio e a participación social é algo moi traballado dentro do sector, pois 18 das 20 entidades afirman integrala na súa metodoloxía de intervención en ED, existindo varios xeitos de facelo. Nas respostas a “como” o fan, obsérvase unha maior tendencia a identificar a teoría na que as organizacións sustentan esta perspectiva máis que as posibilidades de involucrarse en accións concretas de cambio social. Porén, tamén é posible atopar exemplos neste sentido: *“Sempre se dan a coñecer as alternativas posibles, tanto as impulsadas por colectivos como iniciativas persoais ou sociais, para fomentar o achegamento do público ás mesmas”*; *“Cando traballamos o tema de consumo responsable e comercio xusto, comezar a preguntarse que tipo de produtos consumen, quen os fai, se respectan o medio ambiente”*;

<sup>19</sup> Esta competencia fai posible comprender a realidade social en que se vive, cooperar, convivir e exercer a cidadanía democrática nunha sociedade plural, así como comprometerse a contribuír á súa mellora. Nela están integrados coñecementos diversos e habilidades complexas que permiten participar, tomar decisións, elixir como comportarse en determinadas situacións e responsabilizarse das eleccións e decisións adoptadas.

*“Buscamos a implicación das colectividades de inmigrantes no ámbito do codesenvolvemento”;  
“Grande parte do noso traballo baséase no traballo en rede con outras asociacións. Dámoslle pulo á implicación social das persoas, fomentamos o asociacionismo e promovemos o traballo cooperativo. Pretendemos axudar a construír un mundo con persoas críticas, medioambiental e socialmente responsables e coherentes”.*

Entendemos que dita competencia social e cívica está intimamente ligada á compoñente de incidencia política da Educación para o Desenvolvemento e á promoción da democracia directa- participativa. Preparar ás persoas para participar plenamente na vida cívica implica o coñecementos de conceptos e estruturas sociais e políticas, pero tamén o compromiso de participación activa e democrática, que no ámbito da ED concrétase na incidencia política para influír nas decisións políticas que poden afectar ás estruturas sociais, económicas e políticas locais e globais; e na mobilización social onde se visibiliza a opinión pública. Ao consultar ás entidades se traballan ou inclúen algún compoñente nesta liña, a porcentaxe de entidades baixa, pois son 15 as entidades que afirman facelo (fronte ás 18 que din traballar a competencia social e cívica), das cales nove recollen no seu plan estratéxico os temas concretos sobre os que desexa facer incidencia política. Porén, entre as respostas obtidas atopamos diversos graos de precisión destas temáticas sobre as que fan incidencia dando conta da existencia de organizacións con propostas máis xenéricas (*“espertar conciencias para cambiar hábitos e para esixir que as/os nosas políticas/os tamén os cambien”*) e outras máis especializadas en diversos ámbitos como a compra pública responsable, o comercio xusto e a soberanía alimentaria; o respecto dos dereitos laborais; o dereito á educación; o acceso a servizos básicos e a súa gobernabilidade; a participación xuvenil e o asociacionismo; ou a política de cooperación. Cómpre resaltar que estes compoñentes tamén se concretan nalgúns casos na participación no interior da organización ao entendela como exercicio de cidadanía: *“mostramos os beneficios da participación cidadá e o asemblearismo, fundamentais na nosa asociación”; “A organización réxese, internamente, en base ao modelo de democracia participativa así como promove o seu desenvolvemento en calquera outro ámbito. Apostamos polo activismo de base e fomentámolo”.*

*“Actuar sobre a realidade e cambiala, aínda que sexa un pouquiño, é a única maneira de probar que a realidade é transformable”*

Eduardo Galeano

### ALGUNHAS IDEAS FORZA

- A dimensión de sensibilización, coa súa tipoloxía de accións correspondente, é o aspecto da ED máis traballado polas ONGD galegas.
- A loita contra a pobreza e a defensa dos Dereitos Humanos, temáticas de carácter relativamente “neutro”, son as transversais máis presentes nas actividades e proxectos dos axentes de cooperación. Porén, á hora de valorar os CV do persoal técnico, a transversal máis tida en conta é a de xénero.
- O 70% das entidades entrevistadas asegura contar cunha política de xénero.
- O 100% dos proxectos teñen totalmente incorporada a visión Sur.
- No que respecta ás temáticas, o 75% dos proxectos analizados aglutinan os seus contidos entorno a un máximo de catro temas. A tendencia, polo tanto, vai cara á concentración temática.
- Máis dun 60% dos proxectos aborda temáticas de transformación dos modelos de consumo (Comercio Xusto, Consumo Responsable, Economía Solidaria).
- Só un 23,8% dos proxectos analizados contemplan algunha actividade destinada á elaboración de material didáctico.
- Malia que a maioría das entidades fai unha análise previa do grupo destinatario do proxecto e inicia un proceso de achegamento, a participación dese público no deseño do proxecto non se dá nos procesos impulsados por moitas das organizacións galegas.
- Non hai un uso maioritario dos “diagnósticos” para levar a cabo o achegamento aos públicos, no entanto, as entidades empregan métodos máis informais para facelo, posto que un 65% das entidades enquisadas realiza unha análise previa da poboación beneficiaria da súa intervención.
- A tipoloxía de públicos aos que van dirixidas a grande maioría de accións dos proxectos forman parte do ámbito da educación formal.
- A base social das ONGD non é un público prioritario á hora de planificar a intervención. Entendemos que isto pode estar relacionado coa existencia dunha convocatoria de Fortalecemento en Consolidación de axentes específica para financiar este tipo de intervencións.



- Tres cuartas partes das ONGD enquisadas aseguran ter evolucionado nos tres últimos anos con respecto aos recursos e métodos de traballo de cara a empregar metodoloxías máis innovadoras.
- As novas tecnoloxías (web 2.0, redes sociais, enquisas e recollidas de firmas online) son un elemento clave nas novas metodoloxías de traballo das ONGD.
- A innovación identifícase con novas accións, novos enfoques conceptuais e novas fontes metodolóxicas.
- O ritmo de traballo excesivamente operativo representa o freo máis importante para a innovación no ámbito da ED.
- Os aspectos participativos, experimentais, afectivos e lúdicos están cada vez máis presentes nas intervencións impulsadas pola ED galega.
- Detéctase a necesidade de ligar as intervencións ás necesidades dos e das participantes e do contexto local e de orientalas á acción para participar dunha forma activa e construtiva na vida social e política do seu entorno.

### Para reflexionar...

- ✓ A que se debe que non exista un equilibrio (nin tan sequera aproximado) entre as catro dimensións da ED? Foi motivado polas convocatorias ou polas dinámicas internas do sector?
- ✓ A quen se pode considerar persoa “beneficiaria” dunha acción de ED? Ten o mesmo “beneficio” unha persoa que pasa por unha exposición a outra que participa dun obradoiro de fin de semana sobre unha temática?
- ✓ Faise un acompañamento aos suxeitos que forman parte do público obxectivo unha vez que remata a intervención?
- ✓ As relacións que se tecen cos suxeitos contemplan a dimensión afectiva ou son relacións de carácter práctico?

- ✓ Debemos seguir falando de persoas beneficiarias, público obxectivo, suxeitos da acción ou cambiar o noso discurso para falar de persoas participantes e/ou protagonistas dos proxectos?
- ✓ Pódese reducir a innovación ao uso das NTIC? Estúdase en cada caso a necesidade do seu uso?
- ✓ Analízanse suficientemente os contextos nos que se intervén?
- ✓ En que medida se favorecen as habilidades e se lles posibilitan espazos de participación nos procesos de ED aos públicos cos que se traballan? Segue pesando máis o traballo no cognitivo e actitudinal? Poderíase mellorar a presentación de alternativas para a acción?
- ✓ Por que non é unha práctica habitual a de compartir as aprendizaxes das avaliacións e sistematizacións con outras entidades nin coas institucións financeiras?
- ✓ Que participación social promoven as entidades a través do seu traballo en ED?

## 7. O traballo en rede na Educación para o Desenvolvemento

Resulta innegable que o traballo en rede e o establecemento de alianzas entre organizacións pode contribuír ao cumprimento de estratexias e obxectivos da ED. Esta é unha cuestión sobre a que os actores do sector galego de cooperación, e en particular as ONGD, están a adquirir unha conciencia e práctica crecentes.

Ao falar do traballo en rede, tratamos de ilustrar algúns dos nexos e vías de comunicación que serven para vincular ás distintas organizacións que traballan no ámbito da ED en Galicia. Obviamente, este campo de estudo é moi amplo e podería constituír en si mesmo materia de numerosas investigacións específicas. Preténdense, polo tanto, abordar determinadas prácticas de traballo en rede que, ao noso entender, constitúen unha fortaleza da práctica da ED no ámbito galego, e ao mesmo tempo, un desafío.

Antes de entrar en materia, convén facer unha consideración inicial, sobre a noción de rede dende a que deliberadamente se enfoca este diagnóstico. Trátase dunha idea ampla do concepto, segundo a cal considérase traballar en rede a todo aquel ámbito da actividade dunha organización que se desenvolve conxuntamente con outras entidades, con independencia do grado de formalización desta relación.

- Unha das formas de relación que a sistematización de datos dos informes de xustificación dos proxectos de ED revela como nuclear, é a coordinación entre as ONGD e outras entidades, públicas e privadas, á marxe do sector das organizacións de desenvolvemento propiamente dito. Son relacións que comprenden un grande abano de actores e modalidades, xa que xorden da propia execución dos proxectos, e polo tanto, dependen da propia filosofía e deseño dos mesmos.
- Respecto ás relacións entre actores no interior do sector da ED, as agrupacións entre ONGD para a execución de proxectos conxuntos, configúranse como un modelo de traballo que ten sido incentivado ao abeiro do II Plan Director da Cooperación Galega<sup>20</sup>.
- Outra cuestión relacionada co traballo en rede a nivel sectorial, á marxe dos proxectos concretos, é a participación en plataformas. Neste sentido, a grande maioría das ONGD que executaron proxectos de ED con financiamento da Xunta de Galicia, participan na plataforma de ámbito autonómico de referencia, a Coordinadora Galega de ONGD.

---

<sup>20</sup> Tal e como se pon de manifesto no informe de avaliación intermedia do II Plan Director da Cooperación Galega para o Desenvolvemento (2010-2013).

· No referente á administración pública como actor e executor de ED, incluímos neste epígrafe ao Fondo Galego de Cooperación e Solidariedade, entendéndoo coma unha rede de Concellos e Deputacións de toda Galicia que realiza actividades de ED contando para elo, no período temporal ao que se refire este diagnóstico, con financiamento da Xunta Galicia.

En definitiva, neste apartado recolleemos catro modelos de relacións de traballo e redes de colaboración entre diferentes actores que desenvolven as súas actividades na área da ED: o dos vínculos que establecen as ONGD nos seus proxectos con outros actores; o das agrupacións, como modelo de colaboración formal entre ONGD; o da Coordinadora Galega de ONGD, como rede sectorial a nivel autonómico; e o do Fondo Galego de Cooperación e Solidariedade, como rede municipalista galega que executa accións de ED.

### 7.1. Actores vinculados ás ONGD nos proxectos

Cando falamos dos actores vinculados ás ONGD nos proxectos referímonos a aquelas entidades coas que as ONGD se coordinan ou se relacionan para o desenvolvemento de actividades de ED. Ditas relacións abarcan múltiples modalidades, coma os consorcios (unha relación máis formal e comprometida entre as ONGD e outros actores sociais), o traballo en común entre ONGD e outros actores (relacións de colaboración pero non tan formalizadas ou comprometidas), e as colaboracións puntuais para determinadas actividades.

Estes vínculos son, poderíamos dicir, esenciais, xa que todas as ONGD artículanse nos seus proxectos, dun xeito ou doutro, co resto do tecido social. Son multitude as entidades, organizacións, colectivos, movementos, e asociacións de todo tipo (veciñais, xuvenís, de tempo libre, de mulleres, etc.), que teñen incorporados aos seus obxectivos un proxecto educativo e social moi relacionado coa ED, polo que as accións que desenvolven en moitos casos son complementarias ás das ONGD.

Os principais actores vinculados ás ONGD no seu traballo de ED en Galicia son, sen dúbida, os actores da educación formal: centros escolares e universidades. No período 2010- 2012, todas as organizacións consultadas agás unha, traballaron nos seus proxectos de ED con centros de ensino galegos e todas menos dúas, con universidades. Cabe sinalar que a educación formal é o ámbito de traballo onde se concentran maioritariamente as accións e os principais colectivos destinatarios da ED<sup>21</sup>. No caso das universidades, son ademais o único actor distinto ás ONGD que ten participado como entidade agrupada no proxecto “En acción pola igualdade: Galicia cara unha cidadanía activa na loita pola superación da pobreza e das desigualdades no mundo”, intervención na que se estableceu un consorcio entre Axuda en Acción e a UDC.

---

<sup>21</sup> Ver apartado 6.5, p. 78.

No ámbito informal, os movementos sociais configúranse como os actores cos que un maior número de ONGD afirma ter colaborado ONGD (13 entidades). A metade das ONGD enquisadas (10 entidades) sinalan que traballaron con asociacións culturais e colectivos de mulleres. Redes de educación informal, ANPAS, sindicatos e asociacións xuvenís, de tempo libre e sindicatos, son outros colectivos mencionados por un número menor de ONGD. No gráfico que se presenta a continuación recóllese esta diversidade. Baixo o epígrafe “outros”, inclúense actores cos que algunha organización manifestou ter colaborado nalgunha ocasión (entre outras, centros de formación do profesorado, bibliotecas e asociacións de persoas consumidoras).

Gráfico 28. Actores vinculados ás ONGD nos seus proxectos de ED



Fonte: Elaboración propia

Por outra banda, as entidades enquisadas tamén se referiron ás administracións locais (Concellos) como outra tipoloxía de axentes cos que as organizacións necesitan coordinarse, non só para o financiamento, senón para a propia execución e realización de actividades.

De feito, ao extraer os datos sobre as entidades colaboradoras nas accións de ED sistematizados na táboa creada a partir das xustificacións dos proxectos analizados, os Concellos aparecen coma o segundo tipo de actor máis recorrente co que as ONGD coordinaron as súas accións, despois dos centros escolares públicos, e estando por riba das universidades.

Táboa 32. Entidades coas que as ONGD coordinaron accións de ED 2010- 2012

Tipo de entidade	Nº de accións	% sobre o total
Centros escolares	567	60,9%
Concellos	113	12,1%
Universidades	95	10,2%
Organizacións 3º sector	57	6,1%
Empresas	35	3,8%
Asociacións culturais	18	1,9%
Bibliotecas	16	1,7%
Movementos sociais	10	1,1%
Redes de educación informal	7	0,8%
Centros de formación do profesorado	4	0,4%
Asociacións xuvenís	3	0,3%
ONGD	3	0,3%
ANPAS	2	0,2%
Asociacións de tempo libre	1	0,1%
<b>Total</b>	<b>931</b>	<b>100,0%</b>

Fonte: Elaboración propia

Das 1.052 accións rexistradas na táboa, 931 foron realizadas en coordinación entre a ONGD responsable de executar o proxecto e algunha outra entidade (practicamente no 90%). Mais, a pesar da magnitude que adquiren estas relacións, non semella existir ningunha liña estratéxica común nin unha planificación coordinada. Para ilustrar esta cuestión retomamos unha reflexión de dúas docentes dun centro de ensino participantes nas I Xornadas Galegas de Educación para o Desenvolvemento: *“Ao longo do ano, diferentes ONG diríxense aos centros educativos tratando de establecer colaboracións, e enviando materiais didácticos impresos. É unha mágoa que moitas cartas e materiais acaben nun caixón ou no lixo, e quizais deberíamos planificar un labor conxunto para facer máis efectivas as nosas prácticas de educación para o desenvolvemento”* (Castro e Dopico, 2012).


Asemade, nas entrevistas realizadas, tamén se pon de manifesto outro reto específico das ONGD ao respecto da súa relación co resto de organizacións do Terceiro Sector: *“creo que a aproximación non vai ser bidireccional, eu non creo que o resto de redes de acción social sintan a necesidade de que nós nos sumemos pero nós si que sentimos a necesidade de aproximarnos a eles para que as nosas demandas sexan máis tanxibles”*.

## 7.2. As agrupacións

Durante o trienio 2010-2012, financiáronse 13 proxectos de ED en agrupación de entidades, ben da mesma natureza ou mixtas (só existe un caso de consorcio no que unha das entidades socias foi a Universidade de A Coruña). En concreto, 370.686 € foron desembolsados aos consorcios entre entidades, un 32,2% do total distribuído a través das convocatorias de ED do período analizado.

A gráfica na que se recollen os datos que fan referencia ás experiencias de traballo agrupado entre ONGD que se deu nos proxectos de ED apoiados pola Xunta durante os tres anos analizados, amosa que foi na convocatoria de 2010 cando se acadou o maior número de proxectos en agrupación (5 dun total de 8). Este número descendeu nas convocatorias posteriores, se ben, mantívose estable (tanto en 2011 como 2012, o número de proxectos agrupados foi de 4 sobre 11).

Gráfico 29. Número de proxectos de ED agrupados e non agrupados por convocatorias



Fonte: Elaboración propia

Non se observan diferenzas significativas entre a porcentaxe de proxectos agrupados financiados pola DXRREE e coa UE ás ONGD no ámbito da ED e os de Cooperación exterior nestes tres anos (en ambos casos as agrupacións representan en torno ao 30%). Se ben, a tendencia descendente a formar agrupacións é máis acusada no ámbito da cooperación internacional a medida que avanza o período analizado.

Táboa 33. Agrupacións das ONGD en proxectos de ED e Cooperación no Exterior 2010- 2012. Números absolutos e porcentaxes

Ano	Agrupacións en proxectos de ED (ONGD)				Agrupacións en proxectos de cooperación no exterior (ONGD)			
	Nº proxectos total	Agrupados	No agrupados	% de agrupados sobre o total	Nº proxectos total	Agrupados	No agrupados	% de agrupados sobre o total
2010	13	5	8	38,46%	10	5	5	50,00%
2011	15	4	11	66,67%	10	3	7	30,00%
2012	15	4	11	26,67%	21	4	17	19,05%
TOTAL	43	13	30	30,23%	41	12	29	29,27%

Fonte: Elaboración propia

Un total de 24 entidades participaron nos proxectos de ED en consorcio, das cales nove lideraron algún dos proxectos agrupados. As entidades máis activas son as que participaron no mesmo consorcio durante os tres anos analizados:

· Asemblea de Cooperación Pola Paz (en todas as ocasións en calidade de líder) agrupada con Agareso, que representan a relación bilateral máis intensa.

· Educación Sin Fronteras, Entreculturas, InteRed e Seminario Galego de Educación para a Paz. Neste caso, trátase dun consorcio estable para traballar o mesmo proxecto, a Campaña Mundial pola Educación (CME), no que en en 2010 tamén colaborou Jóvenes y Desarrollo e en 2010 e 2011, Axuda en Acción.

Outros dos consorcios destacables son os dous que estableceron as ONGD vinculadas ao ámbito do comercio xusto, liderados ambos por A Cova da Terra que se agrupou en 2011 con Panxea, Taller de Solidaridad, Amigos da Terra Galicia Xuventude e Intermón Oxfam; e en 2012 con Panxea, Taller de Solidaridad e Sodepaz.

Os tres casos anteriores, ao tratarse de agrupacións con certa traxectoria na execución de proxectos de ED conxuntos en Galicia, foron os seleccionados para a realización de entrevistas nas que se abordaron cuestións relativas á súa experiencia de traballo en consorcio que pasamos a analizar a partir, principalmente, da información cualitativa/descriptiva ofrecida durante estas entrevistas.

Táboa 34. Consorcios de ED aos que fan referencia as entrevistas realizadas no marco do diagnóstico

Convocatoria	Entidade líder	Entidades agrupadas	Título proxecto
<b>Consorcios de Asemblea de Cooperación pola Paz e Agareso</b>			
2010	Asemblea de Cooperación Pola Paz	Agareso	Mellora do coñecemento da cidadanía galega, desde a perspectiva dos dereitos humanos e do cumprimento dos ODM, da situación en Oriente Próximo e do traballo realizado pola sociedade civil Palestino-israelí
2011	Asemblea de Cooperación Pola Paz	Agareso	Mellora da educación e comunicación para o desenvolvemento na educación infantil, primaria e secundaria, e da formación en cooperación e comunicación para o desenvolvemento no ámbito universitario
2012	Asemblea de Cooperación Pola Paz	Agareso	Mellora da educación e comunicación para o desenvolvemento na educación infantil, primaria e secundaria, e da formación en cooperación e comunicación para o desenvolvemento no ámbito universitario
<b>Consorcios da Campaña Mundial pola Educación</b>			
2010	Educación Sin Fronteras	Fundación Axuda en Acción, Fundación Entreculturas, Fundación Interred, Fundación Jóvenes y Desarrollo, Seminario Galego de Educación para a Paz	Campaña Mundial pola Educación 2010- 2011 en Galicia
2011	Fundación Entreculturas Fe y Alegría	Educación Sin Fronteras, Fundación Interred, Seminario Galego de Educación para a Paz	Campaña mundial pola educación 2012 en Galicia
2012	Fundación Axuda en Acción	Fundación Entreculturas Fe y Alegría, Seminario Galego de Educación para a Paz, Educación Sin Fronteras, Fundación Interred	Campaña mundial pola educación 2013 en Galicia



Consortios das ONGD do ámbito do comercio xusto			
2010	A Cova da Terra	Asociación para o comercio xusto e solidario Panxea, Fundación Taller de Solidaridad, Amigos da Terra, Fundación Intermón Oxfam	Mulleres e comercio xusto: elas alimentan o mundo
2012	A Cova da Terra	Panxea, Asociación Sodepaz, Fundación Taller de Solidaridad	Sensibilizar e formar, en materia de cooperación ao desenvolvemento, a un centenar de poboación moza do rural galego en base á soberanía alimentaria e aos principios do comercio xusto

### As orixes

Un primeiro elemento sobre o que reparar é a orixe dos consorcios. Atopamos que a orixe das tres agrupacións seleccionadas para a entrevista é heteroxénea. No caso de Asemblea de Cooperación Pola Paz e Agareso, dende o momento en que ambas entidades se coñeceron (cando a segunda estaba conformándose), *“formouse unha visión de que eramos organizacións complementarias, que ambas tiñamos unha finalidade compartida e vimos moita potencialidade no traballo conxunto. E logo, ademais, se xerou unha relación persoal entre as dúas asociacións”*. É o único dos tres consorcios analizados que representa un modelo de relación bilateral intenso (ininterrompido dende o ano 2010), non só no ámbito da ED, senón tamén no da Cooperación Exterior, o cal enriquece ambas dimensións: *“O traballo no Norte retroalimenta o traballo no Sur e o traballo no Sur retroalimenta o traballo no Norte. E tratamos de que haxa unha relación entre as dúas sociedades civís, a do Norte e a do Sur”*.

As orixes do consorcio da CME hai que situalas no contexto dunha coalición internacional formada por entidades de moi diverso signo, unidas na reclamación do cumprimento dos compromisos do "Cumio de Dakar" (Senegal) do ano 2000, onde a comunidade internacional se comprometeu a garantir o acceso a unha educación de calidade para todos e todas antes do ano 2015. A Campaña foise concretando dende o nivel internacional, ao estatal, estando formada en España por Axuda en Acción, Educación Sen Fronteiras e Entreculturas; e dende o estatal ao autonómico, estando liderada polas delegacións das tres ONGD que forman a coalición española, ás que se suman outras organizacións. No caso galego, InteRed e o Seminario Galego de Educación para a Paz son as outras entidades que veñen participando como entidades agrupadas de xeito estable e Jóvenes y Desarrollo de xeito máis puntual.

Finalmente, o consorcio conformado por organizacións vinculadas ao ámbito do comercio xusto e o consumo responsable, deriva, dalgún xeito, do traballo conxunto previo realizado fundamentalmente no seo da Comisión de Comercio Xusto da Coordinadora Galega de ONGD, pero tamén doutras redes especializadas a nivel estatal, como o Espazo por un Comercio Xusto.

Unha característica tanto do consorcio conformado en relación á CME, como do establecido no ámbito do comercio xusto, é a participación nos mesmos doutras ONGD non a nivel

formal, pero si de traballo. Estes casos danse por diversas situacións, como o feito de non cumprir os requisitos establecidos nas bases da convocatoria ou por ter acadado a organización o número máximo de proxectos agrupados (limitado a un por organización nas convocatorias de 2010, 2011 e 2012).

### Reparto de tarefas

O reparto de tarefas no interior dos consorcios difire entre os tres grupos entrevistados. Entre Asemblea de Cooperación Pola Paz e Agareso, aínda sendo a primeira a líder dos tres consorcios que mantiveron no período, percíbese unha tendencia ao traballo en equipo: *“Pensamos xuntos. Para nós Agareso forma parte da vida asociativa de ACP. E non é polo consorcio ou polo traballo xunto. É porque consideramos que Agareso é un actor máis de ACP”*.

Respecto da CME, *“hai unha quenda rotatoria entre as distintas organizacións onde cada ano é unha, de xeito automático, á que lle vai tocar coordinar, levar o peso da formulación, da xustificación e un pouco a coordinación das reunións e a convocatoria das mesmas”*. Esta rotación dáse en Galicia entre as ONGD que forman a coalición estatal, que *“tiveron sempre un papel máis destacado”*. No caso do Seminario Galego de Educación pola Paz e de InteRed, a colaboración baseouse no acompañamento e no apoio na execución do proxecto. Por outra parte, existe unha coordinación entre os niveis territorial (da Comunidade Autónoma), o estatal e o internacional. *“A nivel internacional é onde se fixa o gran obxectivo, o lema”* que despois se concreta nos niveis estatal e territorial, dos cales depende a elaboración dos materiais e a execución do plan de traballo no territorio.

Obsérvase, así mesmo, unha tendencia a un reparto de tarefas fundamentado nas capacidades de cada organización: *“temos de xeito case informal cada un unhas funcións que realizar en relación ás súas capacidades, uns traballan máis con colexios, outros traballan máis o tema da comunicación, outros o tema da organización dos actos de incidencia; entón a suma de todo iso si que, ao final, dá como resultado a sensación de que hai un traballo conxunto, de que hai un traballo que suma a un consorcio”*.

Nos consorcios das organizacións vinculadas ao comercio xusto, liderados tanto na convocatoria de 2010 como na de 2012 por A Cova da Terra, obsérvase unha evolución entre o primeiro e o segundo. En 2010, o peso do traballo recaeu maioritariamente na Comisión de Comercio Xusto da Coordinadora Galega de ONGD; *“o liderado da Cova, que era quen encabezaba ese proxecto, se viu a posteriori. Unha vez que se contratou á persoa encargada se viu máis claro. Por que? Porque a persoa estaba contratada especificamente para iso, pois xa marcaba un pouco máis os ritmos, non a liña, porque xa estaba definida. Pero previo á contratación, foi un reparto entre sete. Decidíase un pouco todo en reunión de Comisión, e cada un aportaba en función das súas capacidades e posibilidades, pero se repartiu así moi, moi dividido”*.

En 2012, *"a idea xurdiu xa da Cova. Un pouco foi a idea de 'por que non imos a continuar con isto?' Entón digamos que o proceso foi diferente. Falouse un pouco coas entidades por afinidade, e logo por se podían aportar, entón o reparto vai tamén en función das necesidades do proxecto. Panxea claramente é unha organización que traballa moi parecido á Cova, pero que toca toda a zona de Santiago que é un ámbito xeográfico totalmente distinto ao noso. Entón, é coma se tiveses unha filial. Nós deles e eles de nós. E, ademais, compartimos as mesmas redes de traballo, entón é doado. A parte de Sodepaz e de Taller é a de aportar a internacionalidade, que A Cova e Panxea aí non están fortes. E despois hai outra cousa boa, que é que Taller ten sedes en Ourense e en Vigo, que para nós son unha zona xeográfica escapada. Entón, o ámbito sur sabemos que o temos cuberto".*

### Motivacións, vantaxes e dificultades

As motivacións das entidades para iniciar estes procesos de colaboración continuada son diversas e inclúen tanto aspectos de complementariedade como de similitude entre elas.

Deste xeito, por unha parte aluden ao que se aportan mutuamente: *"Agareso aporta esa forma diferente que é traballar cos medios e desde os medios (...) iso para ACPP (...) é unha riqueza e un valor engadido".* Para Agareso, por outra banda, o consorcio supuxo unha aprendizaxe a nivel técnico e especializado: *"Eramos uns recién chegados e para nós foi moi importante contar con eles [con ACPP] para calquera dúbida técnica que puidéramos ter (...) Foron un apoio importante".*

A maior capacidade de incidencia ou de cobertura territorial amósase como outras motivacións e vantaxes importantes nas estratexias das ONGD para agruparse:

- *"Para nós é unha experiencia de consorcio a nivel internacional, non só no ámbito de Galicia, e iso ten un valor engadido extraordinario; ademais, vincula a moitas organizacións moi recoñecidas a nivel internacional e nós por iso estamos dende que puidemos incorporarnos".*

- *"Cando pensas en ámbito galego, para unha organización que ten ámbito moi local coma o noso, pois necesitas tamén ir buscando como cubrir áreas".*

A maiores, a relación establecida nos proxectos en agrupación, favorece outras colaboracións entre as entidades sen necesidade de estar no marco dun convenio formal *"sobre todo tamén porque nos coñecemos máis, estamos máis en contacto, temos experiencia de traballo en común e iso pode ser tamén un valor para establecer despois outros contactos".*

Nalgúns casos, o consorcio é unha expresión concreta do seu traballo en rede: *"a posibilidade que ofertan os consorcios é que moitas visións distintas poidan aportar, e consolidan o traballo en rede que moitas veces xa estás executando de feito"*.

As vantaxes deste xeito de traballo parecen prevalecer por riba das dificultades: *"A verdade é que con todas as dificultades que xera un consorcio porque é poñer de acordo a moita xente, traballar, claro, cada vez que necesitas unha firma tela que pedir, facer reunións... Implica moito traballo pero che permite facer cousas ás que ti só non podes chegar"*.

Case todas as dificultades sinaladas refírense a que traballar en consorcio implica máis traballo e aínda que *"hai máis xente para repartir o traballo, tamén somos máis para decidir"*. E recoñecen que esta maior carga de traballo recae de xeito máis forte na organización que lidera como última responsable da xustificación do proxecto: *"cando tes que xustificar non dependes de ti mesma (...). Entón claro, tes que pedir papeis, facturas, informes, fotografías"*.

Asemade, as organizacións recoñecen e poñen en valor o traballo do persoal laboral encargado da coordinación dos consorcios, pois *"o papel de técnico no liderado dun consorcio é un marrón. É un traballo moi bonito porque vas a controlar todo o proxecto, todo o proceso, valo facelo e un pouco valo encamiñando ti, pero na parte de carga burocrática, de xustificación..."*.

Fronte a estas dificultades, todas as organizacións subliñan que a boa relación persoal entre as persoas que traballan nos proxectos agrupados é un elemento que contribúe decididamente ao seu funcionamento: *"Hai organizacións ao mellor coas que politicamente estarías de acordo e quererías traballar pero te encontras cunha persoa coa que non conectas e non hai maneira"*; *"Aparte do nivel profesional eu creo que foi moi importante todo ese feeling persoal que houbo dende un principio e que a verdade fixo todo moito máis sinxelo e natural. Parecía que tiñamos que acabar así, nun matrimonio"*. E insisten en que sen esa sintonía nas relacións, sería posible traballar, mais o día a día dificultaríase enormemente. De aí que *"para un consorcio é moi importante estar cómoda coas asociacións"*.

Do mesmo xeito, sosteñen que o talante das persoas que integran as organizacións vai a axudar a que as redes se manteñan ou non.

Outros dous factores propios do funcionamento do traballo en rede son a confianza e a xenerosidade, sen os cales a traxectoria en consorcio sería moi complexa: *"dous elementos clave de funcionamento son eses: unha confianza mutua, e que se dea esa xenerosidade para poder avanzar. Que penses máis no ben común que no ben particular"*. Xunto a estes dous elementos, nas entrevistas tamén se fixo referencia á importancia de ser conscientes das capacidades e limitacións de cada organización en relacións ao seu nivel de implicación e dedicación ao consorcio.

Unha reflexión que pode ilustrar as dificultades do traballo en consorcio é a seguinte:

*“É moi difícil traballar en consorcio. É moi incoherente coa nosa mensaxe porque as organizacións falamos de traballo colaborativo, de traballo cooperativo, facemos xogos cooperativos cos nenos, a cooperación é importante, somos organizacións de cooperación; pero despois, en verdade, á hora de traballar si que é difícil, porque é poñer en común moitas ideoloxías, moitas identidades, moitos estilos de traballos diferentes, o feito de que valores ou non valores o traballo en rede”.*

Precisamente, outra cuestión consultada nas entrevistas foi entorno á idea de se, á hora de establecer un consorcio, pesan máis as cuestións de fondo (misión, visión, valores compartidos) ou as cuestións de forma (procedementos, metodoloxías, materiais). As opinións ao respecto diverxen. Algunhas organizacións, consideran a coincidencia entre as organizacións nas cuestións de fondo como un elemento imprescindible para agruparse: *“O fondo é fundamental, porque se non houbera esa visión compartida pareceríame difícil traballar xuntas. Dentro dunha base, sempre pode haber diverxencias que logo se negocien”.* E sinalan que este aspecto é especialmente sensible nas intervencións de ED, ao consideralas a parte máis ideolóxica do seu traballo: *“En ED díganos que nos espimos de todo ese fondo, esa visión, esa misión, eses obxectivos, saen a flor de pel. Entón para que un consorcio funcione, ese fondo ten que ser moi compartido, senón vanse xerar roces”.*

Pola contra, outras poñen como exemplo consorcios integrados por organizacións que lideran liñas e posturas ideolóxicas non só diferentes, senón mesmo contrarias ao respecto dun tema, pero que teñen funcionado sempre que se establezan e se cumpran uns mínimos: *“Axuda evidentemente ter unha liña común, pero se desde o principio presentas as bases do que vas a facer, o que vas a conseguir, o que queres conseguir, o que vas a transmitir; e hai ese respecto de traballar xuntos, esas ganas de facelo ben, e esa confianza para dicir ‘eu ata aquí vale pero por aquí non paso’, todo se pode levar a cabo”.*

Tamén se recolleron opinións que van máis na liña de apostar por un equilibrio necesario entre as cuestións de fondo e as de forma, entre ter uns obxectivos comúns que sexan compartidos e ter unha metodoloxía que facilite que *“cada organización teña autonomía e liberdade para sumarse na medida das súas propias posibilidades, dos seus propios recursos, do seu propio criterio”;* *“Para nós son as dúas cousas equiparables, os obxectivos e ao mesmo tempo, a metodoloxía, que facilitan que nos sintamos cómodos aquí”.*

## Razóns que frean o establecemento de consorcios

A pesar de que as entidades valoran positivamente as súas experiencias de traballo en consorcio, existen poucas agrupacións formais no sector da ED en Galicia. Unha das razóns que aluden as ONGD entrevistadas é *“o feito de que estamos actuando todos en ámbitos parecidos; no fondo estamos competindo polos recursos limitados e iso leva a que prime, non a confrontación, pero si a competencia”*, especialmente nun contexto caracterizado por uns recursos económicos cada vez máis limitados.

Outro motivo relaciónase coa limitación do número de agrupacións por ONGD que establece a convocatoria<sup>22</sup>: *“tennos pasado de ter varias propostas de consorcios enriba da mesa e ter que escoller”*. Tamén apuntan que o traballo en agrupación, respecto do individual, require dun esforzo adicional en termos de dedicación de recursos humanos e materiais, limitando a capacidade das entidades para traballar deste xeito.

Unha das hipóteses a contrastar nas entrevistas era se a cuestión dunha posible perda da identidade individual das ONGD, ao quedar diluída no conxunto, podería representar un freo para o traballo agrupado. As organizacións, aínda recoñecendo a preocupación existente sobre todo nos niveis directivos *“de que a súa imaxe sexa recoñecida ben individualmente ou ben cooperativamente”*, son moi conscientes de que *“a imaxe de marca a teñen moi poucas organizacións en Galicia e en España”* e que estas grandes organizacións conseguen visibilidade a través da inversión en publicidade: *“realmente as actuacións concretas non son o que mais chega á sociedade, senón que chegan máis os anuncios, certas colaboracións ou aparicións nun programa de televisión”*. Polo tanto:

*“Elas [as organizacións máis grandes] son as que poden correr risco de perder imaxe. Eu creo que a cidadanía non distingue entre unha organización e outra. Somos bastante incultos no tema, estamos encaixados baixo unhas siglas: ONG, nin sequera coa “D” última. E isto fai que poidamos ser receosos da nosa imaxe se entendemos que a nosa finalidade é fortalecer esa imaxe. Ou velo dende outra perspectiva, que é a propia da nosa organización: a miña imaxe é a que é, moi pouca xente me vai saber distinguir, pero vou intentar buscar as sinerxías para conseguir un maior impacto de traballo que é a mellor forma de que ao final nos distingan”*.

Entenden o traballo en consorcio como unha potencialidade para reforzar a presenza das organizacións, especialmente a das ONGD pequenas e medianas, ante unha cidadanía que, en xeral, *“non diferencia quen o fai, se é un consorcio... que é iso dun consorcio?”*. Mesmo no caso de *“niveis da sociedade máis concienciados con estas cousas, como poden ser os profesores, os centros educativos, os voluntarios, ou as persoas que son afíns a esta concepción do cambio da*

<sup>22</sup> Limitado a un máximo de un proxecto en agrupación por organización nas convocatorias de 2010, 2011 e 2012.

*sociedade; si que aí hai igual unha maior valoración". Neste sentido, nos centros escolares "tense dado o de: por fin, vos puxestes de acordo varias [organizacións]".*

Por outra parte, insisten, ademais, en defender que a imaxe non se pode situar por riba do obxectivo último das intervencións: *"o que se busca é visibilizar unha realidade en aras da xustiza social, non que a túa marca estea no primeiro plano".* De aí a importancia de ter claro un obxectivo común porque senón *"o que queres visibilizar é unha acción partidista, na cal a imaxe corporativa, a túa imaxe, saía reflectida".*

### Sustentabilidade

Ao respecto da estratexia de financiamento dos consorcios a longo prazo, as opinións oscilan entre as organizacións que consideran que se caese o financiamento da Xunta de Galicia aos mesmos, o traballo conxunto proseguiría adaptándose á nova situación de contar con menos recursos materiais e humanos (botando man do voluntariado, editando menos materiais, etc.), e as que visualizan que tal situación condenaría á súa desaparición, aínda que *"tardaría ao mellor un pouco máis en caer que as campañas a nivel individual, porque é un esforzo sumado de varias organizacións (...) pero terminaría anulándose".* *"Como cada organización pon o seu pequeno grao de area haxa ou non haxa financiamento público, quizais tardaría un pouco máis en desaparecer polo apoio que as propias organizacións lle dan dos seus fondos regulares; pero é que os propios fondos regulares das organizacións tamén están a desaparecer".*

A aposta pola continuidade con independencia da dispoñibilidade de fondos públicos semella estar máis presente entre os modelos de consorcio cuxo traballo conxunto transcende ao proxecto e á propia formalización da agrupación. *"Xa existía ese traballo en rede, entón, aínda que desapareza o Consorcio ou os proxectos concretos, ese traballo en rede vai a seguir. Dependerá da dispoñibilidade de persoas concretas ou das organizacións en momentos puntuais que poidamos estar máis ou menos liberadas, pero é un traballo que vén de atrás e si que hai vontade de continuo. Entón, aínda que nalgún ano non presentemos ningún tipo de proxecto a Cooperación ou a Educación, ou non existan consorcios concretos ou non sexan das mesmas organizacións, está no ADN das organizacións que formamos parte desta agrupación, seguir traballando en rede, polo que iso continuará funcionando".*

É dicir, entre as organizacións que teñen o traballo en rede integrado na súa práctica cotiá: *"son as redes de traballo o que teñen as organizacións para sobrevivir neste mundo. Nós estamos a facer consorcios constantemente, son consorcios que non teñen unha base económica ou que non figuran para unha subvención".*

## Outras formas de traballo conxunto entre as ONGD

Polo tanto faise preciso destacar que as agrupacións entre ONGD non son a única forma de colaboración con outras organizacións do sector para impulsar os seus proxectos. Entre estas formas de traballo conxunto, moi habituais entre os axentes de ED, as ONGD identifican as seguintes:

- Apoio e difusión (sobre todo a través de redes sociais e web) de campañas e proxectos doutras entidades que resulten coherentes coa filosofía da entidade.
- Organización de actividades de forma conxunta.
- Asistencia a actividades e participación como axentes expertos en cursos e actividades formativas, organizadas por outras ONGD.
- Compartir conferenciantes procedentes dos países onde cooperan no exterior.
- Compartir recursos, como o local das sedes.
- Pertenza e participación en redes sectoriais a nivel autonómico, estatal e internacional.

*“Para atinxiren os seus obxectivos, as ONGD procurarán traballar de modo coordinado e con espírito de colaboración con outras ONGD, evitando o traballo illado, a concorrencia entre elas e a duplicidade das tarefas”*

*Código de Conduta das ONGD*

### 7.3.a. As redes do sector: a Coordinadora Galega de ONGD

A Coordinadora Galega de ONGD (CGONGD) é unha plataforma de segundo nivel<sup>23</sup> formada por ONGD (en maio de 2013, agrupa a un total de 46) que se asocian para “traballar en rede no ámbito da cooperación ao desenvolvemento, a acción humanitaria e de emerxencia, a educación para o desenvolvemento e a incidencia política<sup>24</sup>”.

No presente apartado abórdase a análise do papel da CGONGD na ED galega, incluíndo tanto a revisión das accións levadas a cabo pola mesma nos últimos tres anos, como a valoración das persoas entrevistadas e das ONGD membro sobre que accións debería realizar en Educación para o Desenvolvemento.

Dentro da estrutura da CGONGD, constituíuse, en novembro de 2007, a Comisión de Educación para o Desenvolvemento, o cal resulta indicativo da importancia deste ámbito no seo da

<sup>23</sup> Son organizacións constituídas por agrupacións de entidades seguindo criterios diferentes: xeográfico, sectorial...

<sup>24</sup> Definición de obxectivos sacada da páxina <http://www.galiciasolidaria.org/contenido.php?idget=presentacion> consultada o 10/06/2013.



organización. A misión desta Comisión é contribuír ao coñecemento, difusión e práctica da educación para o desenvolvemento en Galicia.

Está formada por persoas contratadas e voluntarias das organizacións que integran a CGONGD. Actualmente son 12 as ONGD que participan nesta Comisión. *“É unha comisión estable, cun traballo permanente, cunha implicación grande das organizacións e das persoas que a forman”*. Tendo en conta que a aposta da Coordinadora é que todas as organizacións participen activamente no seu día a día, é dicir, nas Comisións; existe a percepción entre as persoas entrevistadas de que as ONGD prefiren participar na Comisión de ED antes que noutras. Neste sentido, *“pode resultar máis atractiva porque non todas fan Comercio Xusto, non todas están na liña de incidencia como unha liña de traballo, pero ao final si que todas facemos ED”*.

A nivel organizativo, de acordo aos Estatutos da Coordinadora, en todas as Comisións debe de haber unha representación da Xunta Directiva (que é o órgano executivo de goberno da CGONGD), que asumirá a Vogalía da propia Comisión. Actualmente, na Comisión de Educación para o Desenvolvemento, esta representación da Xunta Directiva non se dá. Tendo en conta que *“no organigrama [da CGONGD] a Xunta Directiva é a que ten a última palabra”*, esta ausencia de vogalía na Comisión amósase como unha debilidade.

Na práctica, *“a Secretaría Técnica é a peza chave que comunica a unha e a outra banda”*. Así, é a que fai de enlace entre a Xunta Directiva e as Comisións (xunto coa Vogalía nos casos nos que está cuberta); pero tamén entre os distintos grupos de traballo; e finalmente, entre a Xunta Directiva, as Comisións e as organizacións membro (a través, por exemplo, do envío de comunicados internos nos que se informa sobre accións relevantes que se levan a cabo nas distintas Comisións).

Centrándonos no sentimento de pertenza e de responsabilidade que teñen as ONGD con respecto á Coordinadora, dende a propia plataforma percíbese que, aproximadamente, un terzo das organizacións membro terían un nivel de pertenza amplo, outro terzo un nivel medio e o terzo restante, baixo. *“Serían 30 as entidades que, en maior e menor medida, participan e se senten parte da Coordinadora, e despois unhas quince que non, que pagan cota e van a Asemblea pero pouco máis”*.

Neste sentido, o Código de Conduta das ONGD, de obrigado cumprimento para as organizacións integradas na Coordinadora, establece a necesidade dun compromiso de participación activa nas estruturas de coordinación e traballo das que as ONGD forman parte. Nos Estatutos da CGONGD, esta participación activa concrétase na obriga de formar parte como mínimo dunha Comisión ou dun Grupo de Traballo, espazos dende os que se está a promover de xeito efectivo esa participación das ONGD na práctica cotiá da CGONGD. Na entrevista realizada, dita participación valórase moi positivamente nun momento no que os

recursos humanos das organizacións son máis limitados, xa que manter ese compromiso supón para o persoal das mesmas un esforzo maior: *“antes había xente que tiña dous días á semana para dedicarlle ao traballo en rede, agora non pasa iso”*.

Ademais do funcionamento regular das Comisións e dos Grupos de Traballo de carácter temporal para a realización dun traballo en concreto e cun prazo determinado, a participación das ONGD membro tamén se dinamiza a través da avaliación das accións da CGONGD que dinamiza a Secretaría Técnica co fin de *“que as organizacións digan que lles pareceu o que se fixo, que lles gustaría que se fixera e que actividades propoñen”*, empregándose fundamentalmente para tal fin os cuestionarios. Outra ferramenta moi utilizada para favorecer a participación das ONGD é o aproveitamento das vantaxes que ofrece o traballo de forma non presencial, a través de correo electrónico ou as xuntanzas en liña.

É preciso salientar que a ED na Coordinadora Galega, non se reduce unicamente á Comisión de Educación para o Desenvolvemento, pois *“está a Comisión de Incidencia que tamén forma parte da ED, e todo o traballo que se fai en Comunicación desde a Coordinadora co obxectivo de explicar as realidades a través da web, das xornadas que organizamos ...”*. Ao realizar a Coordinadora o seu traballo en Galicia, sen prexuízo de que as súas actuacións teñan efecto en todo o territorio estatal e na esfera internacional, entendemos que o seu traballo en conxunto, dun xeito ou doutro, afecta aos obxectivos da ED, aínda que non todo se recoñeza baixo esta denominación.

A nivel de ideario político específico sobre ED, a CGONGD acolle o posicionamento da Coordinadora de ONGD estatal, que sintetizou nun documento editado como Caderniño de “Educación para o Desenvolvemento”. Neste informe, a Comisión de ED da CGONGD, comparte a definición desta dada pola Coordinadora de ONGD de España<sup>25</sup>.

O proceso de construción da **planificación estratéxica** da CGONGD (que tamén orienta o traballo das Comisións) é indicativo dunha das premisas nas que se basea o seu traballo e que está moi relacionada co seu modelo de rede, como é a plena participación de todas as ONGD integradas, respectando a súa diversidade, nunha estrutura democrática e transparente que pretende achegar valor engadido ao traballo individual. Neste sentido, para a elaboración da planificación, *“programáronse un total de doce sesións de traballo nas que participaron a Xunta Directiva, as cinco Comisións de Traballo (Comercio Xusto, Educación para o Desenvolvemento, Incidencia, Normativa e Xénero) e a Secretaría Técnica. As ONGD tamén tiveron a posibilidade de participar a título individual”*. Dita planificación é polo tanto o resultado dun proceso colaborativo de avaliación e de construción das futuras liñas de acción da organización.

---

<sup>25</sup> Ver apartado 1.1, p. 9.

O obxectivo que quere acadar a CGONGD para o trienio 2012- 2015 no ámbito da ED de acordo ao documento da planificación estratéxica é: "Promovida a Educación para o Desenvolvemento e o cambio social entre a sociedade galega" (CGONGD, 2012: 8). A este nivel, enténdese a ED fundamentalmente como *"traballo de transformación social"*.

En dita planificación avogouse por non establecer unha previsión orzamentaria; ante un momento caracterizado pola incerteza orzamentaria, optouse por *"que o resultado proposto fora viable pero con maior ou menor calidade en función do orzamento"*.

Ás coordinadoras de ONGD soe atribuírse un dobre papel con respecto á ED; por un lado estaría a execución de certas actividades ou liñas de actuación propias, e por outro lado a coordinación, o asesoramento ou acompañamento ás actividades que fan as organizacións membro. Neste sentido, o que fai a CGONGD é *"elevar o traballo conxunto das organizacións en propostas concretas, e non facer campañas específicas ou proxectos específicos de ED"*, evitando entrar en conflito co traballo que fan as propias organizacións.

Esta cuestión sobre se a Coordinadora debía deseñar e executar proxectos de ED foi algo que se debateu no ano 2009, cando se elaborou o primeiro Plan Estratéxico. *"E chegouse á conclusión de que non; de que debía traballar máis o tema de incidencia e comunicación e logo, dentro das comisións, facer o traballo de coordinación pero na organización conxunta de actividades. Por exemplo, a Comisión de ED facendo unha guía de recursos, organizando xornadas, formacións..."*. A superación deste debate e a práctica resultante do mesmo, contribuíron a que, na percepción que as organizacións teñen do traballo da Coordinadora, exista unha visión máis de complementariedade que de competencia, estando ben definidos os ámbitos e os límites. Neste sentido, por exemplo, nos encontramos con que a Coordinadora, en consenso coas ONGD integradas, non intervén directamente no ámbito educativo formal ao considerarse que non non é un fin propio da CGONGD senón das ONGD.

Polo tanto, as actividades da Coordinadora no ámbito da ED son aquelas que tratan de aglutinar ao conxunto do sector, incluíndo tanto actividades propias como aquelas desenvoltas no marco do Grupo de Coordinadoras Autonómicas de ONGD e da Coordinadora de ONGD estatal.

Resulta complexo situar as accións impulsadas pola CGONGD no modelo xeracional da ED. Primeiramente, é preciso sinalar que se trata dun modelo de convivencia, pois as cinco xeracións que se van sucedendo na medida en que cambia o contexto, non son excluíntes, senón que poden coexistir no tempo. *"Entón é moi difícil definir claramente o que estás facendo en cada momento"*. Por outro lado, a pluralidade de organizacións que forman parte da Coordinadora e a diversidade de accións que leva a cabo, supoñen dificultades engadidas neste sentido. O certo é que dende a Comisión de ED se asume *"que si que estamos na última quizais porque é a que defendemos como organizacións, penso que a maioría polo menos,*

*pero como grupo quizais nunca o explicitamos e é un traballo que deberíamos facer. Pero si que vai na clave de construción de cidadanía, de cidadanía global, de mobilización social, de xerar unha sociedade crítica consciente dos procesos".* Porén, aprécianse diferenzas entre o posicionamento político estratéxico e algunhas das súas accións reais: *"na teoría é evidente que sabemos onde queremos estar e polo que apostamos, e outra cousa é que na práctica consigamos que todo o que facemos ou calquera actividade teña ese enfoque".*

Ademais das ONGD, a Coordinadora trata de potenciar e afianzar **o traballo conxunto con actores de interese para a cooperación galega e o sector das ONGD**. De feito, este é un dos obxectivos incluídos no seu Plan Estratéxico 2012- 2015. Un bo exemplo neste sentido é o seu impulso á creación dun Laboratorio Social en Galicia (un proceso iniciado en febreiro de 2013) no que, actualmente, máis de trinta persoas e entidades de diferentes ámbitos conflúen sobre o eixo común da defensa das políticas sociais (ONGD, organizacións de acción social, banca ética, entidades do eido educativo, etc.).

A pesar desta experiencia, a preocupación pola relación con estes outros axentes é aínda recente e insuficiente: *"a Campaña de Pobreza Cero do ano pasado foi a primeira vez na que fixemos as nosas reclamacións dun xeito máis amplo, como unha maneira tamén de aproximarnos á sociedade".* No entanto, faise preciso fortalecela.

Tan sequera cos axentes que fan ED en Galicia fóra do contexto das ONGD e da Coordinadora, coma son o Fondo Galego de Cooperación e Solidariedade e as Universidades, tense logrado unha rede de traballo real e articulado, máis aló de colaboracións puntuais. O sentir no seo da Coordinadora é que *"o Fondo, como ente que aglutina aos concellos en materia de Cooperación, non aproveitou o potencial que temos todas ONGD como entidades individuais con presenza en todos e cada un dos Concellos que forman parte dese Fondo".* Positivamente, no último ano deuse unha coordinación entre o Fondo e CGONGD ao recompilar os recursos expositivos que teñen as ONGD co fin de achegalos aos Concellos cos que o Fondo traballa, *"foi unha cousa puntual pero serviu para ter ese interese que antes por parte do Fondo non había".*

Tamén se avanzou no último ano na coordinación coa Universidade na celebración das I Xornadas de Educación para o Desenvolvemento, organizadas pola Comisión de Educación para o Desenvolvemento da Coordinadora e unha ONGD en colaboración coa Universidade de Santiago de Compostela (USC), a través do seu Servizo de Participación e Integración Universitaria (SEPIU). En breve serán publicadas as actas destas xornadas como primeira publicación temática específica sobre educación para a cidadanía global en Galicia. De cara ao futuro, a CGONGD pretende *"firmar un convenio coa USC para distintas formas de colaboración"* que facilite as xestións e ofrezca un marco estable de relación entre ambas entidades.

Na enquisa realizada ás ONGD recolléronse opinións e propostas respecto do labor desenvolto pola CGONGD atendendo especificamente ao relacionado coa ED. Así, pediúselles que valorasen as áreas da Coordinadora relacionadas con este ámbito de traballo; obtivéronse respostas completas de 18 organizacións (concretamente, de todas as ONGD enquisadas que forman parte da Coordinadora).

Gráfico 30. Valoración das ONGD das áreas de traballo relacionadas coa ED da Coordinadora Galega



Fonte: Elaboración propia

Todas as áreas obteñen unha boa valoración, situándose a maioría das respostas entre os valores de suficiente e excelente. As áreas que obteñen as valoracións máis positivas, sendo excelente o valor máis sinalado, fan referencia á incidencia política e interlocución e ao fortalecemento organizativo dos grupos de traballo e comisións.

Na Coordinadora Galega, o grupo responsable das accións de incidencia no ámbito da ED é a Comisión de Incidencia Política (IP) en conxunto coa de Educación para o Desenvolvemento. Esta distinción parte da concepción da ED *“como traballo de transformación social”* e da Incidencia Política *“como ferramenta para influír nos gobernos e nos grupos políticos”*. Neste sentido, representa unha *“concepción máis clásica, na que a ED se entende como traballo nos ámbitos formais e a IP dedicada única e exclusivamente cara o ámbito político, dos nosos representantes”*. Outra das motivacións desa distinción entre ED e Incidencia son os diferentes perfís existentes nas ONGD que poderían principalmente ostentar a representación das Comisións: *“hai técnicas e técnicos especializados na Comisión de ED, mentres que a Comisión de Incidencia, polo tipo de traballo, apuntaba claramente aos grupos directivos, aos representantes das organizacións”*.

*en Galicia*". A propia funcionalidade e operatividade do traballo das Comisións tamén está detrás da existencia de dous grupos de traballo diferenciados. *"Desde a comisión de ED buscábase máis o traballo de formación, sensibilización e educación; e desde a comisión de Incidencia pois máis o tema de análise de políticas, da situación política"*. Son, polo tanto, áreas moi amplas pouco abarcables por unha soa comisión.

Esta liña de incidencia comprende, entre outras actividades, a interlocución e reflexión sobre as convocatorias públicas de financiamento aos proxectos de ED, demanda de formularios ou procedementos de convocatorias específicos para ED e negociación de plans directores, pero que vén sendo un traballo desenvolvido desde a Comisión de ED. En certa medida, dende a Coordinadora valórase positivamente a aceptación das reivindicacións específicas da área de ED coa administración autonómica, pero segue véndose moi insuficiente: *"Hai unha convocatoria, o Plan Director prevé destinar o 7% á ED, ao final parece que está a destinar o 10%, pero hai moitas carencias (...) nin se ten esixido avaliación, nin se ten avanzado en facer un diagnóstico"; "a retórica do PD é boa pero despois iso se materializa en que se seguen financiando proxectos de 25.000 euros coma hai anos. Non se ten avanzado cara unha convocatoria de Programas de Educación que sería moito máis factible e realista que a de Cooperación. É dicir, non se ten avanzado en mellorar aquilo que posibilitaría facer traballos de máis calidade con continuidade no tempo"*.

As áreas de realización de mapeos, postas en común e intercambios e coordinación de traballo das ONGD en ED, son valoradas polas ONGD membro da CGONGD como as máis insuficientes. Dende a Coordinadora tense intentado promover a coordinación dos traballos de ED que as organizacións realizan, pero aínda non se logrou debido ás axendas propias de cada organización, ás elevadas cargas de traballo existentes entre o persoal e aos ritmos acelerados característicos da dinámica de traballo das ONGD. Estas mesmas razóns son as que dificultan que as ONGD poidan facilitar información sistematizada, para alimentar bases de datos, mapeos, postas en común e intercambios; así coma que a propia Coordinadora poida sistematizala por si mesma, amosándose esta como unha das grandes debilidades do sector.

Neste sentido, considérase interesante seguir a explorar novos formatos de postas en común, intercambios e aprendizaxe mutua entre ONGD como o que representaron os tres obradoiros de *coworking*, organizados pola Coordinadora en 2012, nos que as ONGD traballaron de forma conxunta boas prácticas na formulación de proxectos. Esta experiencia, moi ben valorada pola Coordinadora e as ONGD membro, *"foi un exemplo de que houbo unhas organizacións que participaron e que se deron a explicar o seu traballo, e outras que estiveron aí para preguntar, para aportar e facer achegas"*.

Outra das liñas de traballo que ten asumido a Coordinadora é a edición de guías e fondos de recursos de materiais de ED destinadas tanto ás organizacións membro como a públicos

externos, co obxectivo de difundir e compartir os materiais xerados polas diferentes ONGD e non repetir accións. *“O que fixemos foi recoller o que temos as distintas organizacións para que o resto saiban que materiais hai. Ou alguén que sexa externo, e entre na web da coordinadora que poida ver que tal ONGD ten isto para traballar o día da paz, e se lle interesa se lle pode facilitar o material”.*

En Galicia, a Coordinadora é o principal axente na **formación especializada en ED**. *“Temos moi claro que a Coordinadora neste sentido é a aglutinadora e a potenciadora da especialización das persoas voluntarias e técnicas que estamos nas organizacións. Que só así, en grupo, podemos facer cousas de calidade”.* A Comisión de ED é a que acumula un maior traballo de formación específica, realizando un esforzo constante por identificar necesidades formativas dende unha perspectiva transformadora e innovadora. De feito, é neste ámbito da formación onde máis se concreta o apoio da CGONGD ás ONGD na súa adecuación ás novas tendencias da ED, máis que no da construción dun discurso sobre ED. Neste senso, a Comisión de ED ten dado un xiro nos seus obxectivos nos últimos tres anos abordando a mellora da calidade da ED en Galicia a través das achegas realizadas á convocatoria subvencións de ED da Xunta de Galicia e dun programa de formación específico. Deste xeito ten realizado formacións na integración da perspectiva de xénero na ED, de avaliación de actividades de ED e de sistematización de experiencias.

Dita formación orientouse ata o de agora, maioritariamente a mellorar a eficacia, eficiencia e a calidade do traballo das organizacións membro e do seu persoal a través de xornadas e cursos; no entanto, é salientable *“unha liña que empezamos a impulsar hai dous-tres anos, que ten como finalidade última abrir a Coordinadora á cidadanía e que contribúa a formar e a sensibilizar. Penso que as xornadas ‘Vivir mellor con menos’ son un exemplo que ilustra ese obxectivo”.*

Na enquisa realizada ás ONGD non só se trataba de coñecer a valoración outorgada ás accións da Coordinadora no ámbito da ED, senón que tamén se tratou de recoller as impresións das entidades sobre as áreas relacionadas coa ED nas que consideran que debe centrarse principalmente o seu traballo. Así, pedíuselle a cada ONGD que sinalase tres áreas de traballo relacionadas coa ED nas que, baixo a súa opinión, debía especializarse a Coordinadora Galega. Se ben atopamos que todas as opcións de resposta foron sinaladas por un mínimo de tres entidades, as áreas máis sinaladas polas ONGD foron: incidencia política e interlocución (sinalada por 11 organizacións); coordinación de traballo das ONGD en ED (10 ONGD) e a formación especializada en ED (9 ONGD).

Gráfico 31. Áreas de traballo relacionadas coa ED nas que as ONGD consideran que debe centrarse a Coordinadora Galega. Tres prioritarias



Fonte: Elaboración propia

Así mesmo, preguntóuselles ás ONGD sobre o papel prioritario que pensan que debería xogar a CGONGD na ED en Galicia. As respostas que achegaron pódense clasificar en dous grandes grupos (que coinciden coas áreas máis sinaladas como prioritarias):

· Incidencia política e interlocución:

*“Portavocía de cara ás institucións (non só na Subdirección de Cooperación Exterior, senón tamén na Consellería de Educación)”*

*“A defensa dos intereses das entidades do sector de cooperación, a través do mantemento da política pública que é a cooperación”*

*“Representar ás ONGD cunha voz única, previo consenso con elas”*

*“Maior mobilización social e incidencia política en temas educativos”*

*“Traballar en incidencia política de cara ás institución públicas galegas”*

· Coordinación do traballo das ONGD en ED:

*“Coordinar esforzos das organizacións, procurar proxectos conxuntos”*

*“Coordinar e facilitar o traballo en común das ONGD”*

*“O básico é a súa función coma punto de encontro, que serve para a coordinación e a busca de sinerxías”*

*“Que cree sinerxías entre as distintas organizacións que traballen en ED en Galicia. Crear un marco teórico común de ED respectando a idiosincrasia das distintas organizacións”*

*“Buscar a colaboración e o traballo conxunto das entidades que fan ED en Galicia”*



*“Fomentar a colaboración entre as entidades que a integran e mantelas informadas de todas as actividades que fan unhas e outras ONGD co fin de crear sinerxías e evitar duplicidade de traballos”*

*“Nexo de unión entre as organizacións. Coordinación e fortalecemento”*

*“Constituírse como espazo de encontro, impulsando a especialización do sector no eido da ED a través do intercambio e da formación específica”*

Outras respostas minoritarias que non se corresponden con estes dous bloques son as seguintes:

· *“Visibilización”*

· *“Debería ser o organismo focalizador de todas as actividades de ED que se desenvolven desde cada ONGD, sendo como o medio de difusión a partir da cal chegar moito máis lonxe”*

· *“Toda a función de recompilación de datos e estratexias do sector”*

### ALGUNHAS IDEAS FORZA

- Recoñécese o papel relevante da Coordinadora Galega de ONGD na ED en Galicia e a súa Comisión de Traballo en ED preséntase como o espazo idóneo de liderado deste papel.
- Unha debilidade da Comisión de ED é a ausencia na mesma dunha vogalía da Xunta Directiva da Coordinadora.
- Existe un nivel de compromiso e participación real e activa das ONGD na Coordinadora, sendo o seu traballo nas Comisións e Grupos o mellor indicativo do seu sentimento de pertenza á organización.
- A Coordinadora ten dificultades para definir unha liña propia de ED e de temáticas con consenso de todas as organizacións, debido á pluralidade de organizacións membro.
- Non existe un risco real de que a Coordinadora poida suplantar o traballo das ONGD en ED.
- A Coordinadora apoia ás ONGD na súa adecuación ás novas tendencias da ED sobre todo a través da formación especializada, non tanto na construción discursiva.
- Unha das maiores demandas á Coordinadora Galega é a xeración de espazos de encontro e coordinación para intervencións de ED e a aglutinación da información do sector, o cal require dunha implicación importante das ONGD membro.
- E un dos seus grandes retos é reforzar o traballo en ED con outros axentes fóra do sector das ONGD.

#### Para reflexionar...

- ✓ Sería positivo que dende a Comisión de ED se fixese un esforzo por intentar canalizar as múltiples intervencións das ONGD coa finalidade de articular un proceso común?

### 7.3.b. O Fondo Galego: a rede solidaria do municipalismo

No ano 1996, unha serie de concellos medianos e pequenos de Galicia, comezan a impulsar actividades de sensibilización sobre as desigualdades internacionais e a apostar economicamente por proxectos de cooperación exterior. A raíz deste proceso, empeza a xurdir espontaneamente no municipalismo galego esa preocupación e interese pola promoción de liñas de actuación destinadas, precisamente, á concienciación da cidadanía e ao traballo nos países empobrecidos. Son dez os concellos fundadores do Fondo Galego de Cooperación en decembro de 1997, e dezaseis os anos de traballo constante coa finalidade de *“habilitar estruturas no país que vertebran a solidariedade e a cooperación internacional doutro xeito; (...) cooperando aquí primeiro, para poder cooperar no exterior con máis eficacia e coherencia”* (París, 2011: 18).

É importante destacar esa orixe do Fondo en relación tamén ao xa visto con respecto ao organización no territorio galego das intervencións dos axentes de cooperación. A iniciativa da rede municipalista xurde de 10 concellos medianos, feito que vai marcar toda a dinámica desta institución, dada a ampla oferta de actividades de temática solidaria das que dispoñen as cidades galegas.

Por outra banda, non debemos esquecer que o Fondo non é unha ONGD senón que se trata dunha organización governamental, mixta e complexa, baseada no partenariado entre autoridades locais e a sociedade civil galega. De aí que consideremos importante destacar o traballo dunha rede de coordinación de tal complexidade, na que o traballo técnico e as suspicacias políticas se rozan na práctica diaria, especialmente nun contexto coma o actual, tan dificultoso para os municipios do país.

*“O Fondo Galego ten superado o minifundismo político garzas a unha visión diferenciada e sensible, colaborando, coordinándonos e cooperando entre nós, conferíndolle así un sentido de calidade e de longo prazo, superador dos vaivéns políticos ou ideolóxicos. Isto foi e está a ser posible, porque asumimos e defendemos a importancia de fuxir das disputas partidarias e dos personalismos, e estas ideas inxírense no modelo que fomos construíndo no noso devir como organización solidaria”* (París, 2011: 13).

Aínda que na práctica, tal e como comentan dende a Secretaría Técnica, as cuestións de corte ideolóxico están presentes na estrutura do Fondo, o certo é que hai unha forte vontade por evitar que isto aconteza a través dun reparto totalmente equilibrado da participación nos órganos de goberno:

*“En principio, as persoas que conforman a Executiva (órgano de toma de decisións operativo do Fondo - o equivalente á Xunta Directiva nos modelos asociativos -) son representantes políticos. A presidenta actual, Teresa París, é a Concelleira de Servizos Sociais, Igualdade e*

*Ensino en Redondela. A vicepresidenta é Isaura Abelairas, Concelleira de Cultura, Servizos Sociais e Festas do Concello de Vigo e a tesoureira é Pilar Gallego, que é a Concelleira de Servizos Sociais e Benestar en Allariz. Hai unha do PP, unha do PSOE e unha do BNG. En todas as Executivas da historia do Fondo buscou ese tipo de equilibrios. (...) Estas representacións políticas decídeas o Consello de Goberno. Entón mandan ao Fondo as designacións políticas da lexislatura, onde din 'nomeamos como representación política a mengano e como representante técnica a mengana', porque o 85% son mulleres. Non os representantes políticos, pero si as técnicas".*

O traballo por equilibrar a complexa balanza non se limita a cuestións de cor política, senón que tamén se busca un reparto equitativo en relación ao tipo de entidades locais: *"sempre se procura que haxa algunha Deputación, e tamén que haxa cidades, algún concello mediano e algún concello pequeno. Que ningún concello se poida sentir excluído do proceso xerado polo Fondo polo seu tamaño ou polas súas características demográficas".*

O traballo dunha Secretaría Técnica centralizada no Instituto Galego de Análise e Documentación Internacional (IGADI), resulta, polo tanto, de enorme importancia para o mantemento e bo funcionamento dunha rede de traballo de tal complexidade. Unha aposta colectiva pola que parece que, cada vez, se interesan máis concellos da nosa comunidade (malia ao recente aumento do número de baixas que se viviu no seo do Fondo nos últimos meses): *"Nos últimos anos, produto da crise, os concellos participan moito máis porque iso implica actividades gratuítas ou máis baratas. Todo ten o seu paradoxo. Por iso agora os concellos son máis pro activos, porque teñen menos orzamento noutras áreas e, entón, sempre lles vén ben a realización dunha actividade coa que non contaban".*

#### A ED dentro do Fondo Galego de Cooperación e Solidariedade

Como xa remarcamos anteriormente, o Fondo non é unha ONGD, polo tanto, non é un espazo de especialistas nas distintas dimensións da Educación para o Desenvolvemento. Por iso, o Fondo non ten ningún documento que defina á ED cunha etiqueta ou cunha categoría concreta. Porén, á hora de situar o traballo deste organismo nalgunha das dimensións expostas anteriormente, queda bastante claro que a actividade do Fondo é maioritariamente sensibilizadora: *"Si, é moito de sensibilización. É sensibilización pero claro, con matices, porque nós facemos tamén actividades en centros educativos e, nalgúns casos, esas accións teñen continuidade no tempo".*

Podemos ver que o Fondo, por ese afán de buscar un reparto equitativo das actividades que oferta, ten a facilidade de chegar a certos municipios onde a presenza das ONGD é escasa: *"En Lugo hai entre sete e oito socios. E eses que hai son moi activos".* Por iso resulta, cando menos curiosa, esa falta de diálogo ao longo destes anos entre os distintos axentes do sector

que podemos comprobar no anterior apartado dedicado á Coordinadora Galega<sup>26</sup>. Porén, desde o Fondo se fai referencia a algunha liña máis de traballo aberta coas organizacións non gobernamentais galegas:

*“Coas ONGD, en principio, a liña de traballo que houbo de sempre é o Consello Municipalista da Cooperación que é un órgano de consulta que se reúne unha vez ao ano. Está moi orientado á Convocatoria de proxectos. Como primeiro paso para que iso fose real o que fixemos foi facer de intermediarios entre as ONGD galegas e os Concellos durante a Campaña Galega contra a Pobreza. O fixemos en colaboración coa CGONG, para ofrecerlle esta posibilidade ás ONGD que estivesen dispostas en poñer as súas exposicións en Concellos durante esta época. (...) Creo que foron 12 distintas as que levaron exposicións distintas aos Concellos socios e a idea é seguir con este tipo de actividades”.*

No entanto, semella que unha forte aposta polo traballo colaborativo do Fondo vai dirixida máis ben ao tecido asociativo das distintas municipalidades que conforman a súa rede interna:

*“Unha cousa moi interesante que fai o Fondo é, cando se organizan as visitas de persoas vinculadas aos proxectos de Cooperación Exterior que se financian, inténtase contactar con todo o tecido asociativo local dos Concellos aos que se vai visitar, desde Amas de Casa ata Asociacións Xuvenís para que participen nos encontros coa xente protagonista da visita ao norte. (...) E para organizar esa visita sempre se intenta conectar campos de coñecemento comúns, aínda que afastados pola realidade que teñen cada un deles. Por exemplo, se vén xente do rural nicaraguano inténtase que esa actividade se realice no rural galego. De aí sempre se sacan conversas moi produtivas”.*

#### AS APOSTAS DE ED DO FONDO GALEGO

- **Programa de Vacacións con Traballo:** Dirixido ao funcionariado dos municipios galegos, trátase dun programa que ofrece a posibilidade de apoiar e coñecer de primeira man os proxectos de Cooperación para o Desenvolvemento impulsados polo Fondo nalgún dos seus países socios.
- **Visitas ao Norte:** Visitas de persoas protagonistas dos proxectos de Cooperación financiados polo Fondo que veñen a Galicia a falar da súa experiencia. É frecuente que esta actividade se planifique en conxunto con algunha ONGD.

#### Para reflexionar...

- ✓ O Fondo non soubo aproveitar o traballo das ONGD ou as ONGD non souberon aproveitar as potencialidades e características do Fondo?

<sup>26</sup> Ver p.107.

## 8. Conclusións

De que falamos cando falamos da ED? Despois de anos de estratexias e teorización, o termo, xenérico onde os haxa, aglutina unha grande variedade de realidades diversas. Neste sentido, resulta excesivamente difícil mostrar unha única fotografía que reflicta a verdadeira situación. Seguindo coa metáfora visual, pensamos que o collage pode ser a imaxe máis próxima á realidade da Educación para o Desenvolvemento no noso territorio. Porén, consideramos que existen unha serie de conclusións de carácter xenérico que poden resumir as potencialidades e os puntos de mellora do traballo da ED en Galicia.

### Características dos axentes impulsores da ED en Galicia

- A heteroxeneidade que caracteriza ao sector en moito dos aspectos analizados: tipos de axentes, temáticas que abordan, etc. representa unha riqueza. Unha sociedade plural e diversa, require de espazos tamén plurais e diversos a través dos cales canalizar a súa participación. Esa heteroxeneidade non quita que se deban xerar espazos para a reflexión e a posta en común onde pensar sobre o que se está facer e cara onde se quere camiñar.
- En xeral, existe por parte dos axentes de ED unha aposta pola planificación estratéxica nas que maioritariamente se escollen os termos “proceso” e “crítico” para definir á súa práctica nesta materia. É unha característica positiva do sector esa práctica planificadora e esa coincidencia terminolóxica. Porén, e a pesar de que se constatou que existe unha ampla experiencia no traballo en rede entre as distintas organizacións, só cinco entidades recollen nas súas estratexias obxectivos vinculados ao traballo en rede.
- Un 70% das entidades afirman ter unha Política de Xénero, porén, as condicións laborais de homes e mulleres contratadas no sector en Galicia son inequitativas. Se ben é certo que o 72,7% das persoas traballadoras en ED son mulleres; non é menos certo que a presenza de mulleres é maior entre as persoas asalariadas con contrato temporal. Estes resultados, por tanto, indican que no sector das ONGD as mulleres acusan de forma máis intensa a situación de precariedade laboral que supón a contratación de carácter temporal.
- Segundo os datos recollidos, o sector conta cunha media de 1.442 persoas voluntarias por ano, unha cifra que semella bastante elevada se se constata coa práctica diaria das entidades. Nese sentido, consideramos que conviven diversas concepcións sobre a noción de voluntariado dentro do sector e non todas as entidades teñen interiorizada a práctica de establecer protocolos de seguro das persoas que participan de xeito voluntario na vida da organización. Por outra banda, son minoritarias as entidades nas que son as persoas voluntarias as que realizan funcións relacionadas coa toma de decisións, o que nos leva a preguntarnos cal é realmente a participación do voluntariado na práctica diaria.

## O traballo da ED en Galicia

- A falta dunha estratexia de Educación para o Desenvolvemento común que oriente aos actores do sistema galego de cooperación para o desenvolvemento amósase como unha das debilidades máis evidentes ao longo do presente estudo.
- Existe un grande desequilibrio entre as dimensións da ED traballadas nos proxectos analizados. Un desequilibrio que non se cubre coas actuacións de outros axentes. A Universidade non realiza Investigación para o Desenvolvemento e a Coordinadora Galega de ONGD, entidade que conta cunha Comisión de Incidencia, realiza accións de denuncia (Pacto Galego contra a Pobreza) pero non de cambio de actitudes nin de aprendizaxe de habilidades.
- Neste sentido, unhas xornadas que xulgamos de referencia, foron as tituladas "Vivir mellor con menos" que aportaron ferramentas para levar a cabo esa transformación social. Porén, desde a propia Coordinadora recoñecen que foi unha actividade con gran acollida por parte da cidadanía, pero con pouco respaldo por parte do conxunto da ONGD.
- No tocante ás prioridades transversais, estas son comúns a toda a política pública de cooperación para o desenvolvemento. Consideramos que podería ser interesante elaborar transversais concretas para a propia Educación para o Desenvolvemento, que non difiran das xerais, pero quizais menos xenéricas e máis encamiñadas cara lograr esa Educación para a Cidadanía Global.
- O traballo de ED impulsado en Galicia depende, maioritariamente, dos orzamentos públicos (en concreto, da Xunta de Galicia, e máis en concreto da DXRREE e UE).
- A DXRREE e UE non dispón de Recursos Humanos especializados na temática para levar a cabo un tratamento de datos e análise sobre os proxectos de ED impulsados en Galicia.
- O feito de depender dun xeito tan evidente dun único financiador resta estabilidade e xera inseguridade no traballo da ED en Galicia, un feito que non permite pensar en termos de proceso a longo prazo, pois as estratexias das entidades deben adaptarse aos fondos manexados pola SDXCE (uns orzamentos que, como se pode comprobar na Avaliación Intermedia do PD realizada caracterízanse pola súa falla de previsibilidade) e ás prioridades establecidas por esta institución.
- Seguindo na liña da xestión dos recursos económicos, resultan positivas as distintas iniciativas colaborativas que están a xurdir para compartir gastos loxísticos (local, luz, auga, teléfono, etc.) entre varias entidades. Se ben é certo que se trata dunha postura forzada pola escaseza de financiamento, non deixa de ser moi positiva para impulsar o traballo en rede e o coñecemento mutuo.

- No que respecta ao traballo da ED no territorio, o rural galego (e concretamente, o rural do interior do país) é o espazo esquecido de traballo das entidades impulsoras da Educación para o Desenvolvemento en Galicia.
- En relación a isto, a saturación de actividade en cidades como Coruña ou Santiago de Compostela, evidencian claramente a inexistencia dunha estratexia de intervención territorial do sector no seu conxunto.
- O ámbito de traballo maioritario da ED en Galicia é o espazo formal (centros de ensinanza e Universidades). E dentro dese espazo, os públicos destinatarios son o alumnado, en primeiro lugar, e o profesorado; sen que exista un traballo en toda a comunidade educativa. Consideramos un paso importante nas estratexias de futuro impulsar novas liñas de actuación no ámbito informal que inclúan á comunidade da que forman parte os diferentes centros educativos traballando na liña da educación comunitaria e participativa.
- En xeral, non se aterran os proxectos na realidade local e existen moi poucas prácticas de participación real dos públicos, non só na identificación de necesidades, senón na construción da intervención. Nese sentido, chama a atención que unha práctica tan asentada nos proxectos de Cooperación Exterior non sexa habitual nas accións de ED.
- Esta reflexión xeral conta con tres excepcións ben interesantes. A presenza na nosa comunidade de axentes implicados na ED (como é o caso do CPI Virxe da Cela, o IES Carlos casares ou o tecido asociativo de Xermade) xúlgase coma unha potencialidade para iniciar procesos de traballo de medio a longo prazo, cun forte protagonismo dos públicos obxectivo das intervencións.
- Ata experiencias moi recentes, o Fondo Galego de Cooperación e Solidariedade e as ONGD integradas na Coordinadora Galega, non sacaron total rendemento das potencialidades (e complementariedades) que teñen ambos.
- Resulta moi positivo que a Coordinadora Galega abra unha liña de colaboración con outras entidades e busque sinerxías con outras redes.

### **Reflexión sobre a ED**

- En xeral, existe moi pouca investigación teórica sobre a propia Educación para o Desenvolvemento en Galicia, pero tamén moi pouca investigación aplicada sobre as temáticas e os contidos que se traballan nas diferentes intervencións que se impulsan no territorio.
- Vinculado ao pouco traballo en investigación detectado, consideramos que existe unha carencia de teorías, metodoloxías e procedementos de análise adaptados ou específicos á ED. Así, por exemplo, resulta moi difícil a medición de persoas beneficiarias de accións tan



efímeras coma as de Sensibilización. Pero esta reflexión se pode estender a todos os ámbitos: non hai antecedentes para a realización de diagnósticos na materia, etc.

- Neste sentido, existen moi poucos espazos para a análise e reflexión do sector sobre o que se está a facer. A Comisión de ED non funciona como ese espazo de intercambio de experiencias e estratexias. As exitosas actividades de "coworking" van encamiñadas nese sentido, pero xurdiron cun propósito de carácter finalista.
- Non existe un diagnóstico de posibles entidades chave para o impulso de procesos de ED en Galicia. Isto tamén contrasta coas prácticas da cooperación internacional, onde se traballa o fortalecemento de socias locais, considerándoas aliadas e protagonistas de ditos procesos.
- As rutinas laborais e o intenso ritmo de traballo impiden que se podan realizar tarefas de sistematización a nivel sector (cubrir fichas, aportar informacións concretas...). Pensamos que sería necesario innovar tamén nestes procesos para que a xeración de coñecemento non supoña unha carga máis para o persoal das entidades.
- Por outra banda, as reflexións sobre a ED e a incidencia que se traballa con posicionamentos comúns nesta materia, só afecta á política pública de Cooperación Internacional. Non percibimos en ningún proxecto nin entrevista que se faga unha lectura crítica ou de análise do cambio legislativo que vai a afectar á situación da educación na nosa comunidade. Dado que a maior parte dos esforzos das ONGD galegas se centra no traballo formal, non ter unha reflexión e posicionamento claros sobre a situación da educación pública en Galicia trátase, dende o noso punto de vista, dunha práctica pouco coherente que afasta ás entidades do día a día das institucións educativas.

## Bibliografía

Argibay, M., Celorio, G., e Celorio, J. (Agosto de 1997). *Educación para el Desarrollo. El espacio olvidado de la cooperación*. Cuadernos de Trabajo de Hegoa, nº 19 (páxs. 5-29). Bilbao.

Castro López, Y., e Dopico Cancela, V. (2012). "Educar para a solidariedade no CPI Virxe da Cella. A experiencia de Monferosolidario". En Pastoriza Rozas, X.L. (Ed.), *Educar para a cidadanía global. Experiencias, ferramentas e discursos para o cambio social. I Xornadas Galegas de Educación para o Desenvolvemento* (páxs. 19-28). Santiago de Compostela: CGONGD.

Celorio, J. (2012). "Educar para la ciudadanía global: retos y desafíos a los paradigmas establecidos". En Pastoriza Rozas, X.L. (Ed.), *Educar para a cidadanía global. Discursos, ferramentas e experiencias para o cambio social. I Xornadas Galegas de Educación para o Desenvolvemento. Santiago de Compostela, 19 ao 21 de outubro de 2012* (páxs. 95-105). Santiago de Compostela: CGONGD.

CGONGD. *Caderno de Educación para o Desenvolvemento*. Santiago de Compostela: Comisión de ED da CGONGD.

CGONGD (2007). *Informe cero do sector das ONGD en Galicia*. Santiago de Compostela: Coordinadora Galega de ONGD.

CGONGD (2012). *Plan extratético 2012-2015*. Santiago de Compostela: Coordinadora Galega de ONGD.

CONGDE (2012). *Informe de la Coordinadora sobre el sector de las ONGD 2011*. Madrid: Coordinadora de ONG para el Desarrollo-España.

CONGDE, Grupo de Educación para el Desarrollo (2005). *Educación para el desarrollo. Una estrategia de cooperación imprescindible*. Madrid: Coordinadora de ONGD de España.

Escobar, Arturo (2005), "El 'postdesarrollo' como concepto y como práctica social", en Mato, Daniel (Coord.) (2005). *Políticas de economía, medioambiente y sociedad en tiempos de globalización*. Universidad Central de Caracas, Caracas.

Escudero, J., e Mesa, M. (2011). *Diagnóstico de la Educación para el Desarrollo en España*. Madrid: CEIPAZ.

Herrero, Yayo e Luis González Reyes (2011), "Decrecimiento justo o barbarie". Viento Sur, nº 118.

López Rey, J. (2007). "La cultura de las organizaciones para el desarrollo: análisis macro y micro de un conflicto institucional". (Fundación Luis Vives, Ed.) Revista Española del Tercer Sector (nº 6, maio-agosto 2007), 15-35.

Martínez Alier, J. (2009). "Hacia un decrecimiento sostenible en las economías ricas". Revista de Economía Crítica (nº 8, segundo sementre 2009), 121-137.

Mesa, M. (2001). *La educación para el desarrollo en la Comunidad de Madrid: tendencias y estrategias para el S. XXI*. Informe para la Dirección General de Cooperación y Voluntariado de Madrid. Mimeo.

Observatorio de la Cooperación Internacional para el Desarrollo de la Universidad de Valladolid (2012). *Educación para el Desarrollo en Castilla y León: cómo vemos el mundo*. Valladolid: Universidad de Valladolid.

Ortega Carpio, M. (2007). *Estrategia de de Educación para el Desarrollo de la Cooperación Española*. Madrid: Ministerio de Asuntos Exteriores y de Cooperación. Secretaría de Estado de Cooperación Internacional Dirección General de Planificación y Evaluación de Políticas para el Desarrollo.

París, T. (2011). "O Fondo Galego e o labor na nova lexislatura local" (2011-2015). (IGADI, Ed.) 15 anos de andaina, a rede solidaria do municipalismo galego.

PNUD (1997). *Human Development Report*. United Nation Development Programme.

Shiva, V. (2006). *Manifiesto para una democracia de la tierra*. Barcelona: Paidós.

Taibo, C. (1999). *En defensa del decrecimiento*. Madrid: La Catarata.

Weingärtner, J., e Monasterio Martín, M. (Enero de 2010). *Poner la vida en el centro: respuestas del ecofeminismo y del decrecimiento a la UE*. Recuperado o 01 de 06 de 2013, de <http://www.ecologistasenaccion.org/article16371.html>

Xunta de Galicia (2010). II Plan Director de Cooperación Internacional para o Desenvolvemento 2010-2013. Santiago de Compostela: DXRREE e UE.

## **A**nexos



## Anexo 1. Listaxe de proxectos analizados

	Nº EXPEDIENTE	ENTIDADE SOLICITANTE	ENTIDADES AGRUPADAS	TÍTULO DO PROXECTO	ORZAMENTO TOTAL DO PROXECTO	SUBVENCIÓN CONCEDIDA
1	2010/06	Asociación Mundo Cooperante	Federación Mundo Cooperante	A desigualdade nos países en vías de desenvolvemento: contextos de inxustiza social e de xénero.	38.506,00	30.285,00
2	2010/08	Asamblea de Cooperación por la Paz	Agareso	Mellora do coñecemento da cidadanía galega, desde a perspectiva dos dereitos humanos e do cumprimento dos ODM, da situación en Oriente Próximo e do traballo realizado pola sociedade civil Palestino-israelí.	50.208,60	44.408,60
